


EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS


ACTAS  
EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS


SESIONES PLENO CORPORACION



AMB C.8408









EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Constitución, 1

Fax 77 42 85

Teléfono 77 00 11

AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

PROVINCIA DE LA CORUÑA

**LIBRO DE ACTAS**  
de las sesiones celebradas por  
EL PLENO DE LA CORPORACION

**DILIGENCIA DE APERTURA.-** Este libro se compone de ciento ochenta y cinco folios ( 185 ) numerados, que se legalizan con la firma del Sr. Secretario General y el sello de la Corporación, estando destinado a la transcripción de las Actas de las Sesiones celebradas por El Pleno de la Corporación de este Ayuntamiento y se inicia con la de la Sesión del día de hoy.

Y para que conste, extiendo esta diligencia que visa y sella el Sr. Alcalde-Presidente, en Betanzos a, 17 de Junio de 1.993.

Vº .Bº  
EL ALCALDE-PRESIDENTE,

EL SECRETARIO GENERAL,



El. Jose Carlos Curro

PROVINCIA DE LA CORUÑA

AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

## LIBRO DE ACTAS

EL PLENO DE LA CORPORACION  
de las sesiones celebradas por  
el concejo ( 182 ) numero de la  
sección General y el de la Corporación  
que se celebra en la sala de sesiones  
del Ayuntamiento de Betanzos el dia  
de junio de 1883.


Diligencia de Apertura. - Este libro se componerá de cuatro ocho folios  
cada uno de los cuales ( 182 ) numerados, que se desglosarán con la firma del Sr.  
Secretario General y el de la Corporación, quedando destinado a la  
publicación de las Actas de las Sesiones celebradas por el Pleno de la  
Corporación de este Ayuntamiento a ser únicamente en la sesión del día  
junto.


Y basa de acuerdo, exigiendo estas diligencias que avise a señas el  
Sr. Alcalde-Presidente, en Betanzos, 12 de Junio de 1883.

EL SECRETARIO GENERAL

EL ALCALDE-PRESIDENTE  
A. B.











EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

INDICE DE SESIONES.

| <u>Fecha</u>            | <u>Folio</u> |
|-------------------------|--------------|
| 17.06.1993 .....        | 001          |
| 22.07.1993 .....        | 006          |
| 21.09.1993 .....        | 012          |
| 30.11.1993 .....        | 026          |
| 31.01.1994 .....        | 038          |
| 07.03.1994 .....        | 049          |
| 19.04.1994 .....        | 056          |
| 28.04.1994 .....        | 066          |
| 16.05.1994 .....        | 072          |
| 22.07.1994 .....        | 081          |
| 28.09.1994 .....        | 096          |
| 11.11.1994 .....        | 104          |
| 27.12.1994 .....        | 116          |
| 31.01.1995 .....        | 135          |
| 31.03.1995 .....        | 153          |
| 02.05.1995 .....        | 170          |
| 19.05.1995 .....        | 182          |
| 23.05.1995 .....        | 180          |
| <u>14.06.1995 .....</u> | <u>184</u>   |

LAZARUS







## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 17/06/1993

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11  
001

Páxina: 1

ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA  
DEZASETE DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E TRES.

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezasete de xuño de mil novecentos noventa e tres. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal co obxecto de celebra-la sesión correspondente ó día de hoxe.

Sres. Asistentes:

-----  
Alcalde-Presidente,

-----  
D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

-----  
Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel Justo Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime Alberto Pita Varela.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. José Mª V. Barus Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

-----  
D. Emilio-Julio García Crespo.

Sr. Interventor:

-----  
D. José A. García Bello.

### 10.- APROBACION ACTA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación á acta da sesión celebrada o dia oito de xuño pasado.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 17/06/1993

Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

002

Páxina: 2

19

### 20.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONES DIVERSOS.

20.1.- Dase conta da acta de entrega, en concepto de depósito, da exposición "El Globo de Betanzos", celebrada do un ó dezaseis de maio de 1993, no Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia, ó Museo das Mariñas.

### 30.- INFORMAR PETICION E ADOPCION DE ACORDO DA ASOCIACION DE VECIÑOS "AS COBAS" DE GUILIADE, REFERIDO A CONCENTRACION PARCELARIA DE PIADELA.

Dase conta ó Pleno de dito escrito, está informado pola Comisión de Programación no sentido de cursa-la correspondente petición ó organismo que proceda, así como que se entreguen os viais en debidas condicións.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo non ten inconveniente en apoia-la petición; en canto ós trámites a realizar para a entrega dos títulos de propiedade, están por enriba da Consellería de Agricultura e espera que os Notarios os entreguen canto antes.

- O Sr. Otero Martínez: o seu Grupo tampouco se opón, pero o tema resulta redundante; te-los títulos de propiedade é importante, se non os atende a Xunta, buscaranse outras vías.


- O Sr. Lagars Pérez: comparte o criterio dos Grupos, o periodo de tempo transcurrido para a entrega dos titulos por parte da Xunta foi máis que prudencial, se os organismos non cumplen, sempre se pueden utiliar outras vías, exemplo: Valedor do Pobo.

- O Sr. Alcalde-Presidente: enviarase a petición dos veciños á Xunta de Galicia e esperaremos un tempo prudencial antes de utiliar outras vías e adopta-las medidas que procedan.

Sometido a votación, apróbase por unanimidade.

### 40.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A REITERAR CONTESTACION DA XUNTA DE GALICIA SOBRE A OFERTA DO CONCELLO PARA A CONSTRUCCION DE NOVAS VIVENDAS SOCIAIS.

Dase conta ó Pleno de dita Moción, dí así: "1º) Solicitar, novamente, da Xunta de Galicia, o que se dea unha resposta á petición municipal para construir novas vivendas sociais en Betanzos.= 2º) Indicar que, por parte do Concello, aceptariase a formación dunha comisión, na que estiveran representadas tódalas forzas políticas e que permitira o dar unha solución





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 17/06/1993

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

003

Páxina: 3

axeitada á importante demanda de vivendas sociais no Municipio.= 3º) Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantes trámites e xestións sexan necesarios para o bo fin destes acordos."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: indica que ten información de que a Consellería enviou resposta ás peticionis do Concello, manifesta que se deben ceder terreos na zona de "El Pasatiempo" para a construcción de vivendas sociais; no informe da Alcaldía non se falou desta oferta, solicita coñecer cal é o motivo de que se oferten terreos non propiedade do Concello de Betanzos, parte dos cales esgotaron a súa edificabilidade, e outros están calificados urbanísticamente como deportivos e de ensinanza, parécelle ben que se reitere, pero hai puntos abstractos que deberian ser concretos.

- O Sr. Lagares Pérez: neste tema hai que centrarse nos documentos, non noutrios que queren utilizarse; no Pleno de 24-11-92, apróbase unha Moción que se remite a un Organismo, non tendo contestación ata o de agora; existen elementos para proceso de adaptación de terreos, a oferta do Concello foi xenerosa e o Grupo de Goberno quedou aberto a negociacións, se non existen vontade por parte da Xunta para unha posibilidade de construir vivendas sociais non se poden facer valoracións; solicita a constitución dunha Comisión que estará presidida polo Sr. Alcalde e contará con un representante de cada Grupo Político.


As 20,50 horas incorpórase á sesión Dña. Mª Dolores Faraldo Botana.

- O Sr. Otero Martínez: as vivendas sociais son un tema apaixonante, pero as medidas que se toman para satisfacer las necesidades delas non son suficientes; debense realizar na zona do Casco Histórico da Cidade e rehabilitar así o mesmo. Oponse á construcción de vivendas sociais na Condesa e o Carregal. Apoiaría que se fixaran no casco histórico.

- O Sr. Pita Varela: a oferta do Concello é difusa, abstracta e non se concreta. Está de acordo coa creación da Comisión.

- O Sr. Otero Martínez: está totalmente desconforme co criterio que se segue para a adjudicación das vivendas sociais; son para unhas clases sociais determinadas, xa que se fixan uns ingresos anuais mínimos e máximos para poder ter acceso ás mesmas; o sistema que lle agrada é o seguido en Suecia; débense crear mecanismos para que se leven a cabo no Casco Histórico e evita-la desaparición do mesmo pola cantidade de casas vacias, oponse á Moción, pero mostrase conforme coa creación da Comisión.

- Novamente o Sr. Pita Varela: a construcción dunha 2ª e 3ª fases de vivendas na Condesa tivo como consecuencia o apreta-las, se se construyen máis é un "funil", reitera a súa





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 17/06/1993



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

004

Páxina: 4

peticIÓN relativa a donde se deben construir las vivendas sociaIs.

As 21,05 horas auséntase da sala o Sr. Carro Galeiras.

O Sr. Lagares Pérez: ó equipo de Goberno gostanlle os feitos, non as verbas, agrádalle que os Grupos participen.

As 21,07 reintégrase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

O Sr. Alcalde-Presidente: entende o asunto debatido, procederase a realiza-la votación por separado das dúas propostas da Moción: a 1º) acerca de reiterar petición á Xunta acerca das vivendas sociaIs, e a 2º) a aprobación da constitución e formación da Comisión de Vivendas SociaIs.

Sometida a votación a 1º) ofrece o seguinte resultado: votos a favor: dez (os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra: un (o emitido polo Grupo B.N.G.); abstencións: seis (corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia préstase aprobación, por maioria legal absoluta á primeira parte da Moción.

Sometida a votación a 2º) ofrece o seguinte resultado: apróbase por unanimidade.

A Comisión queda constituída así: Presidente: D. Manuel Lagares Pérez; vocais: os seguintes concelleiros: D. Antonio Lagares Pérez (PSOE), Dña Mª Dolores Faraldo Botana (PP) e D. Andrés Otero Martínez (BNG).

### 50.- PRESENTACION DE SUXERENCIAS DOS DISTINTOS GRUPOS MUNICIPAIS PARA A ORDENACION DA PRAZA DA CONSTITUCION.


Por unanimidade préstase aprobación ó dictamen da Comisión de Programación sobre este asunto, dí así: "Propонese que se estudie o asunto pola Comisión de Tráfico, que se reunirá o próximo dia 22 ás 22,30. Os Servicios Técnicos emitirán informe sobre ubicación do mobiliario. Cada Grupo poderá presentar suxerencias na Secretaría Xeral."

### 60.- RESOLVER PETICION DE "CUBIERTAS Y MZOY, S.A", RELATIVA A CERTIFICACION NUMERO VINTESEIS DO "PASATIEMPO".

Dase conta ó Pleno de petición da empresa adxudicataria da obra "El Pasatiempo", "Cubiertas y MZOY, SA", na que se reclama o abono de 130.175,- ptas., a que ascende a diferencia do I.V.E. aplicado ó 15% en lugar do 13%.

Vistos os informes emitidos e o dictamen favorable da Comisión de Programación, por unanimidade, accédese ó solicitado.

### 70.- APROBACION DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACION DO PLAN PARCIAL DE "EL PASATIEMPO".





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 17/06/1993

Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

005

Páxina: 5

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación definitiva ó Proxecto de Urbanización do Plan Parcial de "El Pasatiempo".

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se dirán polo orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: solicita coñecer se se formularon reclamacións contra o proxecto.

Infórmaselle que -conforme consta no expediente incoado- contra o proxecto de urbanización non se formulou reclamación algúnhha.

- Continúa o Sr. Pita: o seu Grupo pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Otero Martínez: maniféstase no igual sentido: abstención.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: Votos a favor: dez (os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra: ningún; abstencións: sete (corresponden ós membros dos Grupos Popular e B.N.G.).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro: prestar aprobación definitiva ó Proxecto de Urbanización do Plan Parcial de "El Pasatiempo".= Segundo: ó citado expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor."

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a levanta-la sesión, sendo as vinteunha horas e cincuenta minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

O SECRETARIO,







## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

006

Pleno: 22/07/93

Páxina: 1

### ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA DO DIA VINTEDOUS DE XULLO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente,

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D.ª M.ª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico  
D.ª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D.ª Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José M.ª V. Barros Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. Emilio Julio García Crespo.

Sr. Interventor Acctal.:

D. José A. García Bello.

Non asistiu:

D. Jaime A. Pita Varela.

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintedous de xullo de mil novecientos noventa e tres. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. MANUEL LAGARES PEREZ, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltando os que se reseñan- reúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente o día de hoxe.





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

007

Pleno: 22/07/93

Páxina: 2

Deixase pendente de aprobación o borrador da acta da sesión correspondente ó 17 de xuño pasado.

## 20.- DAR CONTA DE DIVERSAS COMUNICACIÓNS OFICIAIS.

20.1.- Dase conta da Resolución nº 251/93 dictada pola Alcaldía pola que se presta aprobación á Liquidación do Presupuesto Municipal correspondente ó pasado exercicio económico de 1992.

20.2.- Comunicación do mes de maio pasado do Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña, dando conta da concesión de oito subvencións para actividades deportivas, culturais, infraestructura e equipamento cultural, e promoción de música, teatro e cinematografía, que suman un importe total de 5.050.000,- ptas.

20.3.- Da Delegación Provincial da Consellería de Industria de 22 de xuño, nº Rexistro de Salida 625, comunicando que a subvención solicitada para investimento de aforro enerxético, non puido ser atendida por limitacións presupostarias. Deuse conta tamén á Comisión de Goberno na súa sesión do día 6 do mes en curso.

20.4.- Acta de 30 de xuño pasado pola que Dña María Alvarez Crespo entrega ó Museo das Mariñas determinadas pezas en concepto de depósito.

20.5.- Convenio suscrito o pasado 13 de xullo entre o Concello, representado por D. Andrés Beade Dopico por delegación da Alcaldía, e a Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, para instalación dun equipo repetidor local de sinal de T.V.G.

## 30.- MOCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA RELATIVA O IMPOSTO DE BENS INMOBLES-I.B.I.

Seguidamente dase lectura a Moción da Alcaldía-Presidencia relativa ó Imposto de Bens Inmobilés-I.B.I. para o exercicio económico de 1994, propón que se adopte o acordo seguinte:

"PRIMEIRO.- Fixa-lo tipo de gravame do IMPOSTO DE BENS INMOBLES (I.B.I.) aplicable ós bens de naturaleza urbana no 0,3 por 100.= SEGUNDO.- Fixa-lo tipo de gravamen do IMPOSTO DE BENS INMOBLES (I.B.I.) aplicable ós bens de naturaleza rústica no 0,25 por 100.= TERCEIRO.- Na presente modificación da Ordenanza Fiscal correspondente darase cumprimento en canto á súa tramitación no preceptuado no Artigo 17 da Ley Reguladora





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

008

Pleno: 22/07/93

Páxina: 3

das Facendas Locais (Ley 39/1988 de 28 de decembro).= CUARTO.- Facultase ampliamente á Alcaldía-Presidencia ou Concelleiro en quien se delegue para que, actuando en nome e representación da Corporación Municipal realice cantes actos ou trámites sexan necesarios para a execución do presente acordo."

A Comisión de Programación infórmase favorablemente coa abstención do Grupo Popular, o expediente ó efecto incoado cos seus informes.

Fai uso da palabra o Sr. Otero Martínez: que efectivamente en Betanzos o Imposto de Bens Inmobilés xa está baixo, que agora báixase máis, pero que pese a iso vaise abster.

Intervén a Voceira do P.P. Dña M. Dolores Faraldo Botana, para manifestar que o seu Partido carece dos datos máis elementais sobre este Imposto, polo que solicita que este punto sexa retirado da Orde do Día quedando sobre a mesa. Solicita asemade que se forme unha Comisión para que cos datos necesarios estudie detidamente as repercusións deste imposto no contribuinte.

Contéstalle o Sr. Alcalde: que este Imposto ya ten en Betanzos un coeficiente moi baixo. Que accede a que se forme a Comisión, con todos os Grupos Políticos, para que coñecidos os datos, que se valoren e na sua consecuencia se estimen as correccións suficientes. As 20,35 entra na Sala o Concelleiro Sr. Carro Galeiras.

Entende a Alcaldía que esta asunto está dabondo debatido, polo que se somete a votación, obtendo o seguinte resultado: A favor da Moción da Alcaldía: 9 votos; en contra: ningún; abstencions: 6.

Na súa consecuencia apróbase a Moción por maioría legal absoluta.

### 40.- RESOLVER EXPEDIENTE DE DECLARACION DE FINCA RUINOSA DO EDIFICIO N-47 DA RUA VALDONCEL DESTA CIDADE.

Examínase o expediente incoado a instancia de Dña Sara Lizarrituri Fiaño, propietaria do inmoble ubicado na rua Valdoncel nº 47, que acompaña certificación expedida polo Arquitecto Técnico D. José Antonio Reboredo Iglesias, xustificativa da causa de instala declaracián de ruina.

Atendido que posto de manifesto ós moradores e titulares de dereitos reais o expediente, a única arrendataria non se mostrou parte no mesmo nin formulou por escrito alegación algúna.

Atendido que a Arquitecto Técnico Municipal evacúa dictamen pericial en 16 de xuño pasado concluindo que sí hay estado de ruina que é preciso declarar, non fixando prazo para inicia-la demolición.

Vistos os artigos 23 e 24 do Regulamento de Disciplina Urbanística e o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación, por unanimidade adóptase o seguinte ACORDO:= "PRIMEIRO.- Declara-lo estado de ruina de todo o inmoble





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

009



Pleno: 22/07/93

Páxina: 4

ubicado na rúa Valdoncel nº 47 desta Cidade, dispoñendo a súa demolición.= SEGUNDO.- Polos Servicios Técnicos Municipais fixarase o prazo en que haberán de iniciarse as obras de demolición.= TERCEIRO.- Que se notifique este acordo á propietaria e a todos los que tiveran sido parte no expediente, e a todos los moradores do inmoble, ainda que non se houberan persoado.= CUARTO.- Facultar ampliamente á Alcaldía-Presidencia ou Concelleiro en quien delegue para que, actuando en nome e representación da Corporación Municipal realice cantes actos ou trámites sexan necesarios para a execución do presente acordo."

50.- ESCRITO DE D. ANDRES OTERO MARTINEZ, CONCELLEIRO DO B.N.G., RELATIVO A UNHA OBRA DA RUA DA RIBEIRA.

O escrito do Sr. Otero Martínez dí así: "Cando o Ministerio de Obras Públicas efectuou a expropiación forzosa das casas existentes entre a rúa da Ribeira e a praciña do Peirao para a ampliación da estrada a Ferrol dixou, incomprensiblemente, uns minúsculos "solares", como residuo de dito ensanche.= Se xa resultaba incomprensible a existencia de tales "solares residuais", era totalmente impensable que nalgún momento se deixase edificar neles, tal e como está a acontecer.= Creemos que o Concello debeu negociar co propietario ou propietarios dos solariños ali existentes con vistas a incorporar ese espacio ó patrimonio municipal, ou en última instancia denegar a solicitude da obra, polas seguintes razóns:= - Porque aquela barriada precisa dunha praciña pública para esparcimento dos vecíños, equipada con mobiliario urbano.= - Porque con esta obra a praciña ali existente -xa ocupada polo taller mecánico inmediato- fica moi disminuída, ó tempo que se cega un posible paso entre a Ribeira e o Peirao máis amplo que o actual.= - Porque a rúa da Ribeira vai quedar naquel tramo constreñida cando na actualidade dispón de desafogo e amplitud de vista.= - Porque co espacio de que dispón a casa que se está a construir resultará un pegote desproporcionado a menos que "voe" sobre terreo público.= - Porque con esta decisión do Goberno Municipal hipotécase o futuro daquela praza.= Por todo o exposto, o Bloque Nacionalista Galego SOLICITA, con carácter de urxencia, que a Delegación de urbanismo do Goberno Municipal paralice a licencia de obra concedida e que nun próximo Pleno da Corporación sexa debatida por todos os Grupos a solicitude presentada polo propietario do solar e as consecuencias urbanísticas da concesión da licencia."

A Comisión de Programación non informa o mesmo por non estar presente o Sr. Otero cando esta se reuniu.

As 20,40 entrou na Sala Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez, do Grupo Socialista.

Intervén o Sr. Otero Martínez para defende-lo seu escrito manifestando que o Concello debeu negociar co propietario para





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

010



Pleno: 22/07/93

Páxina: 5

adquiri-lo solar e adicándoo a amplia-la praza, solicita que se paralice a obra que xan ten licencia legalmente concedida.

Fai uso da palabra a Concelleira-Voceira do P.P. Sra. Faraldo Botana (Dña Mª Dolores) para sinalar que se a licencia de obras cumpre coa normativa urbanística hai que darlle a licencia.

Intervén o Sr. Alcalde para manifestar que o Concello non negociou co propietario do solar, e de telo feito realizaría un precio altísimo que seguramente non estaría o Concello, neste momento, en situación de efectuar tal desembolso.

Nova intervención do Sr. Otero Martínez para manifestar que él non pide que se lle denegue a licencia de obras, se non que se paralice a obra e se negocie co propietario. Quere que conste en acta que o B.N.C. non se responsabiliza de tal actuación urbanística e que se trata dunha aberración.

Manifesta a Alcaldía que se someta a votación a posición do Sr. Otero, o que se fai seguidamente obtendo o seguinte resultado: A favor da petición do Sr. Otero: 1 voto; en contra: 10 votos (do Grupo Socialista); abstencions: 5 votos (do P.P.).

Na súa consecuencia, non se aproba a proposta do Sr. Otero Martínez.

### 60.- PRESTAR APROBACION A EXPEDIENTE DE OPERACION DE CREDITO A REALIZAR CO BANCO DE CREDITO LOCAL DE ESPAÑA.

Seguidamente dase lectura a Moción da Alcaldía-Presidencia, propón se adopte o acordo seguinte: "PRIMEIRO.- Solicitar e contratar coa Entidade "BANCO DE CREDITO LOCAL DE ESPAÑA" un préstamo de 40.000.000,- ptas.= SEGUNDO.- Ofrecer como garantía de dito préstamo os recursos ordinarios do Presupuesto do Exericicio Corrente.= TERCERIO.- Aplica-lo Préstamo a financia-las obras que constan no anexo.= CUARTO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para que suscriban os documentos que se precisen para a efectividade deste acordo."

A relación de obras que se incluen na solicitude do préstamo son as seguintes: "Rehabilitación Edificio destinado a Escola-Taller Inem 3ª Fase; Cementerio; Acondicionamento Mercado Municipal; 2ª Fase Acond. 2ª Planta-Baixo cuberta Edificio Liceo; Rede Abastecemento Auga Potable; Acond. e Pavim. Camiños Accesos a Núcleos Rurais; Acond. e Pavim. Camiños Acceso a Núcleos Rurais; Acond. e Pavim. de Rúas en Núcleos Rurais; Pavim. e Renov. Servicios Rúa dos Cabildos; Pavim. e Renov. Servicios Rúa do Hórreo."

Dito expediente é informado favorablemente polo Sr. Interventor, sinalando que a carga financiera é do 6,58%.

A Comisión de Programación informa favorablemente o expediente coa abstención do Grupo Popular.

A Voceira do P.P. intervén para manifestar que o seu Partido vaise abster.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

011

Pleno: 22/07/93



Páxina: 6

No mesmo sentido se pronuncia o Voceiro do B.N.G., Sr. Otero Martínez.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: A favor da Moción: 10 votos (do Grupo Socialista); abstencions: 6 votos (5 do P.P. e 1 do B.N.G.); en contra: ningún voto.

Na súa consecuencia, apróbase por unanimidade de todos los asistentes.

### 70.- ROGOS E PREGUNTAS.

7.1.- O Sr. Otero Martínez do B.N.G. entrégaselle escrito contestando a Alcaldía ás preguntas por dito Concelleiro formuladas no Pleno do 6 de maio pasado.

7.2.- Pregunta o Sr. Otero por quē non se convoca á Comisión Especial creada fai un ano, para estudiar e fixar criterios con respecto á Festa dos Caneiros.

Respóstalle o Sr. Alcalde que está dita Comisión precisamente convocada para o mércores.

7.3.- Roga o Sr. Otero ó Delegado de Cultura que intente recuperar las danzas gremiais tradicionais e típicas da nosa Cidade.

Respóstalle o Delegado de Cultura que xa se iniciou a súa recuperación na poboación francesa de Pont L'Abbé e actuarán máis veces en Francia.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a levanta-la sesión, sendo as vinteunha horas e cinco minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO,







## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 21/09/93

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

012

Página: 1

### ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTEUN DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Andrés Martínez Guerra.

Sr. Secretario:

D. Emilio Julio García Crespo.

Sr. Interventor Acctal.:

D. José A. García Bello

Non asistiron:

D. José Mª V. Barus Vía.  
D. Andrés Otero Martínez (con desculpa).

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteun de setembro de mil novecientos noventa e tres. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. MANUEL LAGARES PEREZ, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

2010年1月号は、アーティストの新作紹介や、アート批評、アート論議など、アートの多角的な視点で構成されています。

また、アートの歴史や、アートの文化背景についても、多くの特集が用意されています。

さらに、アートの最新動向や、アートの未来について、多くの展望が示されています。

月刊アートマガジンは、アートの多角的な視点で構成されています。

アートの歴史や、アートの文化背景についても、多くの特集が用意されています。

アートの最新動向や、アートの未来について、多くの展望が示されています。

月刊アートマガジンは、アートの多角的な視点で構成されています。



## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 21/09/93



013  
Páxina: 2

Quedan pendentes de aprobación as actas correspondentes ás sesións celebradas o dezasete de xuño e o vinterdous de xullo pasados, non foron entregadas ós Sres. Concelleiros.

### 20.- DAR CONTA DE DIVERSOS ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Dase conta ó Pleno dos seguintes:

20.1.- Da Comunidade Administrativa de Xestión, solicitan se evite actuación da Xunta de Galicia, relacionada con reparación de viais e prazas mediante rega asfáltica e a rehabilitación do Mosteiro de Donas.

20.2.- De veciños de Vista Alegre, relacionado con accidentes que se producen en curva da estrada de Herves/Fontán.

20.3.- Da comunidade de veciños do edificio número cinco de As Cascas, solicitan continuidade de obras de construcción de beirarrúas en As Cascas.

### 30.- PRESTAR APROBACION A NOMBRAMIENTO DE PRESIDENTES E VOCAIS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIONES O PARLAMENTO DE GALICIA.

Dase conta ó Pleno do resultado do sorteo público celebrado para o nombramento de Presidente e Vocais das Mesas Electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia, e dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das vixentes Normas Electorais.

Cumpridas as formalidades legais establecidas, por unanimidade, acórdase o forma-las Mesas Electorais coas persoas designadas por sorteo público e para os cargos que se mencionan na relación. Comenza a relación polo Distrito Censual Unico: Sección 1<sup>a</sup>, Mesa Unica, Presidente: Arturo Sáenz Fernández, e remata pola Sección 11<sup>a</sup>, Mesa Unica, 2º Vocal Suplente 2<sup>a</sup> Vocal: María Elena Orgeira Romay. Total 016 Mesas e 0144 nombramentos.

### 40.- PRESTAR APROBACION A PROPOSTA DE DESIGNAR DOUS DIAS DE FESTAS DE CARACTER LOCAL PARA O ANO 1994.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía, propón: "Propoñer á Delegación da Consellería de Traballo como días de festa de carácter laboral neste termo municipal para o próximo ano de 1994 o 16 de agosto e o martes de Carnaval."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 21/09/93

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

014

Páxina: 3

Está informada en sentido favorable -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometida a votación, apróbase por unanimidade.

### 50.- ADOPCION DE ACORDO RELATIVO A SUPRESION DOS ESTUDIOS DE FILOLOXIA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía, propón:  
"PRIMEIRO: Amosar total oposición ó acordo adoptado polo Consello Universitario Galego, na súa reunión do 19 de xullo pasado polo que se suprinen os Estudios de Filoloxía Galega, na Universidade de A Coruña.= SEGUNDO: Dar traslado do acordo adoptado ó Consello da Xunta de Galicia, para que a vista do acordo plenario desta Corporación, adopte o pertinente acordo -de ratificar ou non- o acordo adoptado polo Consello Universitario Galego en reunión do 19 de xullo pasado.= TERCEIRO: Dar así mesmo traslado deste acordo ó Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa, da Universidade de A Coruña, para constancia."

Está informada en sentido favorable pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

Sr. Pita Varela: non coñece a causa precisa da supresión, posiblemente sexa a escaseza de matrícula, desexa o mellor para Betanzos como así o ten demostrado en varias ocasións, solicita recabar información e despois resolver á vista da mesma; o seu Grupo pronunciarase pola abstención.

As 20,42 horas incorpórarse á sesión a Sra. Sánchez Vázquez.

O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): menciona que os antecedentes da supresión dos estudios de Filoloxía Galega na Universidade de A Coruña constan na comunicación que se dirixe a este Concello; o elemento do alumnado hai que valoralo non existindo valoración para o curso 93/94 por estar a celebrarse as probas de acceso, en todo caso a supresión é prexudicial para os alumnos de Betanzos e o seus arredores.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: Votos a favor: nove (os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra: non se formularon; abstencións: cinco (corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, préstase aprobación ás propostas da Alcaldía.

### 60.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A SOLICITAR A CONSELLERIA DE EDUCACION A CANALIZACION DE AUGAS PLUVIAIS E FECAIS, COLEXIOS PUBLICOS O REGATO DE A CANGREXEIRA.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía, propón:  
"Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación

1. 1944-1945. 1. 1. 1945. 1. 1. 1945. 1. 1. 1945. 1. 1. 1945.

2. 1944-1945. 2. 1. 1945. 2. 1. 1945. 2. 1. 1945. 2. 1. 1945.

3. 1944-1945. 3. 1. 1945. 3. 1. 1945. 3. 1. 1945. 3. 1. 1945.

4. 1944-1945. 4. 1. 1945. 4. 1. 1945. 4. 1. 1945. 4. 1. 1945.

5. 1944-1945. 5. 1. 1945. 5. 1. 1945. 5. 1. 1945. 5. 1. 1945.

6. 1944-1945. 6. 1. 1945. 6. 1. 1945. 6. 1. 1945. 6. 1. 1945.

7. 1944-1945. 7. 1. 1945. 7. 1. 1945. 7. 1. 1945. 7. 1. 1945.

8. 1944-1945. 8. 1. 1945. 8. 1. 1945. 8. 1. 1945. 8. 1. 1945.

9. 1944-1945. 9. 1. 1945. 9. 1. 1945. 9. 1. 1945. 9. 1. 1945.

10. 1944-1945. 10. 1. 1945. 10. 1. 1945. 10. 1. 1945. 10. 1. 1945.

11. 1944-1945. 11. 1. 1945. 11. 1. 1945. 11. 1. 1945. 11. 1. 1945.

12. 1944-1945. 12. 1. 1945. 12. 1. 1945. 12. 1. 1945. 12. 1. 1945.



## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

015

Páxina: 4

Pleno: 21/09/93

Universitaria, a canalización de fecais do colexio de E.X.G., e dos Institutos de Bacharelato e de Formación Profesional, debidamente separadas de pluviais ata confluir nas cercanías co paso da estrada N-VI, sobre o regato de A Cangraxeira."

Está informada en sentido favorable pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

O Sr. Pita Varela: baixo o seu criterio, a Moción da Alcaldía está incompleta, debería delimita-las obrigas da Consellería así como acompañar informe técnico, a proposta da Alcaldía debería acometerse en Betanzos con carácter global; non se opón en absoluto.

As 20,50 horas incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

O Sr. Lagares Pérez: coincide no fondo, pero cabe a posibilidade de que na forma non fose analizada debidamente a Moción da Alcaldía. A situación é un feito que a Consellería ten que valorar técnicamente e complementase cunha actuación municipal, non se pode seguir depurando a auga de chuvia, por iso formulase a petición co desexo de depurar e chegar ó 100% de saneamento.

Sometido o asunto a votación, apróbanse por unanimidade as propostas da Alcaldía.

### 70.- MOCION DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS RELATIVA A SOLICITAR DA C.O.T.O.P. ARRANXO DE BARANDILLAS DE SEGURIDADE NA PONTE SOBRE O FF.CC. EN INFESTA.

Dase conta ó Pleno de Moción do Delegado de Infraestructuras, propón: "10.- O arranxo urgente despois de producirse os accidentes, das barandillas de seguridade, toda vez que, como ocorre ó día da data, a súa rotura ocasiona graves problemas de inseguridade, sobre todo para os peatóns, que por aquel lugar circulan.= 20.- Se acometa o máis rápidamente posible, unha ampliación da ponte que contemple o paso peatonal."

Está informada en sentido favorable -unanimidade- pola Comisión de Programación, con ampliación da Moción á Curva do Louriño, na estrada de Betanzos/A Golada.

Na súa consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "10.- Solicitar da C.O.T.O.P. o arranxo urgente na estrada 542 de Betanzos ó Mesón do Vento, á altura de Infesta na ponte sobre o FF.CC. A Coruña/Palencia e na Curva do Louriño, na estrada de Betanzos/A Golada, das barandillas de seguridade, toda vez que, como ocorre ó día da data, a súa rotura ocasiona graves problemas de inseguridade, sobre todo para os peatóns, que por aquel lugar circulan.= 20.- Se acometa o máis rápidamente posible, unha ampliación da ponte que contemple o paso peatonal."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 21/09/93

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

016

Páxina: 5

80.- PRESTAR APROBACION A DOCUMENTO SUSCRITO POLA FEDERACION DE CONCELLOS GALEGOS REFERIDO A MANTENIMENTO DOS CENTROS DE ENSINO.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía, propón:  
"PRIMEIRO: Prestar aprobación ó documento aprobado no Encontro de Alcaldes e representantes municipais, celebrado en Santiago de Compostela o pasado día 29 de xuño, pola Federación de Concellos Galegos.= SEGUNDO: Dar traslado do acordo adoptado á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria así como á Federación de Concellos Galegos."

Está informada en sentido favorable pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

O Sr. Pita Varela: 1º) Que a Federación é moi libre de aproba-lo que queira, pero no Pleno o lóxico é ter coñecemento do que dí. 2º) Parécelle ben que se reúnan os concellos pero que se aclaren criterios, os concellos deben aumentala súa participación, outra cuestión é que as dotacións presupuestarias non sexan as adecuadas ás cargas que soportan, solicita que se dea lectura ó documento enviado pola Federación de Concellos Galegos.

O Sr. Alcalde-Presidente: que polo Sr. Secretario Xeral se dea lectura ó mesmo.

Polo Sr. Secretario Xeral dase lectura ó documento remitido pola Federación de Concellos Galegos, relacionado con proposta en materia de educación aprobado no encontro de Alcaldes e representantes municipais celebrada en Santiago de Compostela o 29-06-93.

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: leuse o documento, supón que é dabondo esclarecedor para o Grupo Popular e extráñalle o non coñecemento do mesmo.

O Sr. Pita Varela: a interpretación pode ser confusa.

O Sr. Alcalde-Presidente: someterase o asunto a votación.

Sometidas a votación, apróbanse por unanimidade as propostas da Alcaldía.

90.- ADOPCION DE ACORDO RELATIVO A PETICIONS FORMULADAS POLA COMUNIDADE ADMINISTRATIVA DE XESTION DAS VIVENDAS -A CONDESA-.

Dase conta ó Pleno de petición formulada pola Comunidade de Xestión das vivendas A Condesa.

Está informada en sentido favorable pola Comisión de Programación e polos Servicios Técnicos Locais.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

O Sr. Pita Varela: a mellora de servicios é positiva, non obstante, detecta algo extraño como o engadido ó escrito da Comunidade, considérao atípico, en Betanzos existen zonas bastante peores que A Condesa; parécelle ben que non se dea a





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 21/09/93

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

017

Páxina: 6

capa de rego asfáltico, se o Instituto da Vivenda quixo realiza-la obra foi recollendo unha petición do propio Concello a través do persoal técnico.

O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o punto 9 da Orde do Día di "adopción de acordo" e deriva dunha petición dunha comunidade de veciños; non lle corresponde ó Concello de Betanzos a urbanización e sí á C.O.T.O.P. da Xunta de Galicia e débense respalda-las peticións dos veciños.

Continúa: concede-la licencia de obras, corresponde ó Concello de Betanzos, a urbanización á Xunta; o Concello non recibirá as obras se non están en condicións axeitadas de recibilas.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, na súa consecuencia adóptase o seguinte acordo: "1º.- Dar traslado á Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, do escrito cursado a este concello pola Comunidade Administrativa de Vivendas de A Condesa.= 2º.- Solicitar da citada Consellería o replanteo do Proxecto de urbanización de vivendas en A Condesa.= 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 21/09/93

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

018  
Páxina: 7

### 100.- PRESTAR APROBACION A PROXECTO COMPLEMENTARIO DE PAVIMENTACION E AXARDINAMENTO DO PASEO -RAMON BEADE-.

Dase conta ó Pleno do Proxecto Complementario de Pavimentación e Axardinamento do Paseo Ramón Beade, redactado polos Servicios Técnicos Locais.

Está informado en sentido favorable pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

O Sr. Pita Varela: encantarialle que fose certo xa que existe moita pavimentación e pouco axardinamento; o seu Grupo non se oponerá.

O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o obxecto é prestar aprobación ó Proxecto mencionado e dirixirse á Deputación Provincial co obxecto de que financie a execución do mesmo, alégralle a actitude positiva do Grupo Popular.

O Sr. Pita Varela: ainda que o Grupo Popular diga moitas veces que "si", non quere dicir que non vexan defectos, non queren ser obstructivos.

O Sr. Lagares Pérez: a oposición ten libertade para votalo que estime oportuno, pero o deber de presentar alternativas.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "1º.- Prestar aprobación ó Proxecto denominado: "Proxecto complementario de Pavimentación e Axardinamento do Paseo Ramón Beade".= 2º.- Remiti-lo mesmo á Deputación Provincial e solicitar financiación para a execución do mesmo.= 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 110.- PRESTAR APROBACION O CONTRATO A SUSCRIBIR CO BANCO DE CREDITO LOCAL DE ESPAÑA POR IMPORTE DE 40.000.000,- PTS.

Dase conta ó Pleno do Proxecto de Contrato a suscribir co Banco de Crédito Local de España, así como de Moción da Alcaldía relacionada co asunto, propón: "PRIMEIRO: Prestar aprobación ó mencionado contrato (Condicions Particulares e Xenerais) de concesión dun crédito de 40.000.000,- pts.= SEGUNDO: Remitir certificación do acordo adoptado ó "Banco de Crédito Local de España", así como a documentación complementaria solicitada por dita Entidade Bancaria."

Está informada en sentido favorable pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación apróbase a proposta da Alcaldía coa abstención do Grupo Popular.

As 21,30 horas auséntase da Sala o Sr. García Vázquez.



СОВЕТСКОЕ ИЗДАНИЕ

ОТКРЫТИЕ ПЕРВОГО АВТОМОБИЛЯ В МОСКОВСКОЙ ГУVERNER-  
СКОЙ ОБЛАСТИ - 30 АПРЕЛЯ 1901 ГОДА СО СПЕЦИАЛЬНОЙ ПРИЧАСТЬЮ

Всеобщий интерес к автомобилю, общий интерес к изучению и применению его в различных отраслях промышленности и сельского хозяйства, а также к изучению его в быту, делает необходимым распространение информации о первом автомобиле, появившемся в Москве в 1901 году.

Вот почему в 1901 году в Москве было организовано специальное собрание, на котором были обсуждены различные вопросы, связанные с первым автомобилем в Москве.

На собрании было решено, что первый автомобиль в Москве будет назван "Московским", а его производителем - "Московским автомобильным заводом".

Собрание было организовано в зале Торгового дома "Москва" на улице Тверской, где находился магазин "Московского автомобильного завода".

На собрании было решено, что первый автомобиль в Москве будет назван "Московским", а его производителем - "Московским автомобильным заводом".

СОВЕТСКОЕ ИЗДАНИЕ О ПЕРВОМ АВТОМОБИЛЕ В МОСКОВСКОЙ ГУVERNER-  
СКОЙ ОБЛАСТИ - 30 АПРЕЛЯ 1901 ГОДА СО СПЕЦИАЛЬНОЙ ПРИЧАСТЬЮ

Всеобщий интерес к автомобилю, общий интерес к изучению и применению его в различных отраслях промышленности и сельского хозяйства, а также к изучению его в быту, делает необходимым распространение информации о первом автомобиле, появившемся в Москве в 1901 году.

Вот почему в 1901 году в Москве было организовано специальное собрание, на котором были обсуждены различные вопросы, связанные с первым автомобилем в Москве.

На собрании было решено, что первый автомобиль в Москве будет назван "Московским", а его производителем - "Московским автомобильным заводом".



## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

019

Páxina: 8

Pleno: 21/09/93

### 120.- DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA CONSTRUCCION DUN INMOBLE DESTINADO A ELABORACION DE OBXECTOS DE FORMIGON EN PIADELA.

Dase conta ó Pleno do expediente (217/93) incoado para declarar de utilidade pública e interese social a construcción dun inmoble destinado á elaboración de obxectos de formigón en Piadela.

As 21,34 horas, reintégrase á sesión o Sr. García Vázquez.

Está informado en sentido favorable pola Comisión de Programación, Servicios Técnicos Locais e Secretaria Xeral.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

O Sr. Pita Varela: o seu grupo non se opón, solicita que o Concello fose pensando no polígono industrial, a súa ocupación é relativa e evitaríanse distribucións irregulares das mesmas.

O Sr. Alcalde-Presidente: coincide plenamente co Voceiro do Grupo Popular, agás en puntos concretos; para coñecemento da Corporación próximamente vaise presentar un importante proxecto para Betanzos que desenrolará o Polígono. Sería de desexar que coa instalación destas empresas pequenas non sufra o Medio Ambiente e desde logo vaise velar por iso, pero non se lles pode obrigar a instalarse no mesmo.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, o citado expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación vixente.

### 130.- DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E INTERESE SOCIAL DA CONSTRUCCION DUNHA NAVE PARA MONTAXES ELECTRICOS EN SAN PEDRO DAS VIÑAS.

Dase conta ó Pleno do expediente (124/93) incoado para declarar de utilidade pública e interese social a construcción dun inmoble destinado a montaxes eléctricos en San Pedro das Viñas.

Está informado en sentido favorable pola Comisión de Programación, Servicios Técnicos Locais e Secretaria Xeral.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, o dito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación vixente.

### 140.- MOCION DA ALCALDIA PRESIDENCIA RELATIVA A DENUNCIA DE CONTRATO DE RECAUDACION DE EXACCIONS MUNICIPAIS NO SEU DIA SUSCRITO CON D. ANICETO CANTERA SAGARRIBAY.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para a denuncia do contrato de recaudación de exaccións municipais suscrito no seu día con Aniceto Cantera Sagarribay.

Está informado en sentido favorable pola Comisión de Programación.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

020

Páxina: 9

Pleno: 21/09/93



Propón a Alcaldía-Presidencia que se adopte o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Declara-la denuncia do contrato citado co Recaudador Afianzado, D. ANICETO CANTERA SAGARRIBAY, ó amparo do preceptuado na Cláusula Quinta que rexiu dito concurso, e na súa consecuencia, a partir do día 1 de xaneiro de 1994, a Recaudación das Exaccións Municipais deixará de efectuarse polo Sr. Cantera.= SEGUNDO.- Que do presente acordo se dea traslado ó interesado para a súa constancia e efectos pertinentes de orde legal.= TERCEIRO.- Rendidas as contas da Xestión Afianzada ata o día 31 de decembro de 1993 polo Sr. Recaudador, e prestando a súa conformidade ás mesmas polo Sr. Tesoureiro na súa calidade de xefe dos Servicios de Recaudación, procederase á devolución do Aval bancario que por importe de 600.000,- ptas se expediu polo BANCO DE VIZCAYA, S.A. en 20 de xullo de 1982 para responder da xestión recaudatoria."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

O Sr. Pita Varela: solicita coñecer ócal é o cálculo económico do proceso recaudatorio?, e se está feito do aforro que representa a denuncia do contrato; o seu Grupo non se oponerá.

O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): a denuncia do contrato é un mero acto mecánico derivado dos acordos adoptados polo Pleno relacionados coa delegación recaudatoria de impostos; neles xa se contemplaba a data do 1-1-94. En canto ó cálculo económico, esíxese unha prestación mínima do valor operado.

Sometida a votación, por unanimidade, préstase aprobación á Moción da Alcaldía, relacionada con este punto da Orde do Día.

### 150.- MOCION DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A ERRADICACION DO CHABOLISMO.

Dase conta ó Pleno da Moción do Grupo Popular relativa á erradicación do chabolismo.

Está informada en sentido favorable -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Propón a Moción se adopten os seguintes acordos: "10.- que o Concello de Betanzos se acolla ás axudas e subvencións que para a erradicación do chabolismo ten establecidas a Comunidade Autónoma.= 20.- Do estudio e posibilidades desta Moción, podería ocuparse a récion creada Comisión para construcción de novas vivendas sociais."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

O Sr. Pita Varela: o problema na nosa cidade é escaso, pero existen puntos concretos, recorda que o prazo para cursar la petición remata o próximo día 31 de outubro.

O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): ratifícase no manifestado na Comisión; para o Goberno Municipal é unha





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 21/09/93

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

021

Páxina: 10

preocupación -xa lonxana- o buscar unha solución axeitada ó tema.

Sometida a votación a moción do Grupo Popular, relacionada con este punto da Orde do Día, apróbase por unanimidade.

### 160.- PRESTAR APROBACION A PROXECTOS A INCLUIR NO PLAN COOPERACION PROVINCIAL 1994.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación ós proxectos a incluir no Plan de Cooperación Provincial de 1994.

Está informado en sentido favorable pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptanse os seguintes acordos:

"19).- Aproba-lo PLAN PLURIANUAL DE INVERSIONS MUNICIPAIS DE 1994-1997 no que se recollen as inversiones que o Concello ten previsto realizar durante os próximos catro anos dentro do Programa de Cooperación Económica Local, as cifras globais das cales son as seguintes:

| ANUALIDADE | ESTADO+DEPUTACION | CONCELLO   | TOTAL       |
|------------|-------------------|------------|-------------|
| 1994       | 21.633.873        | 10.833.254 | 32.467.127  |
| 1995       | 70.975.000        | 14.025.000 | 85.000.000  |
| 1996       | 73.367.024        | 15.532.976 | 88.900.000  |
| 1997       | 89.345.000        | 17.655.000 | 107.000.000 |
| TOTAL      | 255.320.897       | 58.046.230 | 313.367.127 |

20).- A anualidade de 1994 está integrada polas seguintes obras e acordo coa financiación que se indica:

| Nº DE ORDE E DENOMINACION DA OBRA / IMPORTE TOTAL / ESTADO+DEPUTACION / CONCELLO (F. B.C.L.)                                  |
|---|
| 1.- Acond. e Pav. camiños acceso núcleos rurais / 4.582.207 / 3.053.269 / 1.528.938   |
| 2.- Acond. e Pav. núcleos rurais / 3.001.545 / 2.000.024 / 1.001.521  |
| 3.- Acond. e Pav. rúas núcleos / 8.381.177 / 5.584.643 / 2.796.534  |
| 4.- Abastec. auga potable, 2ª fase Barallobre-Marulo, 1ª fase evacuación pluviais-Infesta / 3.822.225 / 2.546.869 / 1.275.356 |
| 5.- Pav. e Renov. rúa Hórreo 2ª fase / 3.025.868 / 2.016.232 / 1.009.636  |
| 6.- Pav. e Renov. rúa Anxeles 1ª fase / 6.332.345 / 4.219.442 / 2.112.903   |
| 7.- Capa rodadura pista ciclista / 3.321.760 / 2.213.394 / 1.108.366  |
| TOTAIS / 32.467.127 / 21.633.873 / 10.833.254   |





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 21/09/93



022

Páxina: 11

As anualidades correspondentes a 1995-1996-1997 teñen carácter deslizante polo que poderán ser modificadas nos sucesivos Plans Plurianuais.

39).- Aproba-los proxectos das obras incluidas na anualidade de 1994 e que se relacionan no punto anterior.

40).- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

50).- Comprometerse o Concello a incluir no Presuposto Municipal de 1994 fondos necesarios para fazer fronte á aportación municipal das obras incluidas na anualidade de 1994.

60).- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A dito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación en vigor.

170.- PRESTAR APROBACION A PROXECTOS A INCLUIR NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 1994/99.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación ós proxectos a incluir no Programa Operativo Local 1994/99.

A relación de obras, así como os presupostos, son como seguen:

"10).- Rede de Abastecemento de Auga á Parroquia de Tiobre, cun importe de: 36.500.000,- ptas.= 20).- Rede Xeral de Saneamento nos lugares de Touriñao de Arriba, Touriñao de Abaixo, Braxe, As Minas, A Xerpe e Caraña (zona estrada Comarcal), por un importe de: 23.166.000,- ptas."

Está informada en sentido favorable pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, préstase aprobación á relación de obras a incluir no Plan Operativo Local 94/99.

180.- DAR CONTA DICTAMEN COMISION ESPECIAL DE VIVENDAS E ADOPCION DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno do Dictame emitido pola Comisión Especial de Vivendas Sociais, na súa reunión celebrada o





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

023

Páxina: 12

Pleno: 21/09/93

pasado día sete de setembro, relacionado coa construcción de novas vivendas sociais en Betanzos.

Di así: "a) Que se solicita unha resposta á Xunta de Galicia.= b) Que o Conselleiro reciba á Comisión e plantexe alternativas para actuacións concretas no Casco Histórico.= c) Dar conta ó Pleno deste dictame, para a súa ratificación se procedese."

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor: dez (os emitidos polo Grupo de Gobierno); votos en contra: non se formularon; abstencións: cinco (os emitidos polo Grupo Popular).

En consecuencia, ratifícase polo Pleno o dictame emitido pola Comisión Especial de Vivendas Sociais, relacionado coa construcción de novas vivendas sociais en Betanzos.

Previa autorización da Presidencia, fai uso da palabra o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), propón se declare de urxencia unha Moción do Grupo Socialista relacionada coas actuacións da Xunta de Galicia durante os pasados catro anos; xustifica a urxencia en que durante o pasado mes de agosto disolveuse a Cámara Autonómica, o Goberno da Xunta fixo actuacións e deixou de realizar outras que o Pleno do Concello de Betanzos debe considerar: solicita que se someta á consideración do Pleno a súa inclusión na Orde do Día.

As 22,15 horas auséntase da Sala o Sr. Díaz Pereira.

Sométese a votación a declaración de urxencia da Moción presentada polo Grupo Socialista sobre actuacións da Xunta de Galicia nos pasados catro anos; presenta o seguinte resultado: votos a favor: nove (os emitidos polo Grupo de Gobierno); votos en contra: cinco (os emitidos polo Grupo Popular); abstencións: non se formularon.

En consecuencia, declarárase de urxencia a Moción do Grupo Socialista sobre actuacións da Xunta de Galicia.

As 22,20 horas reintégrase á sesión o Sr. Díaz Pereira.

Turmo de explicación do voto:

O Sr. Pita Varela: explica o seu voto negativo e condiciona a permanencia do seu Grupo no Pleno ó debate ou non da Moción; o feito de xulgar a un Goberno da clase que foise nunca se realizou e por iso rexeita de plano o plantexado na Moción do Grupo Socialista.

O Sr. Alcalde-Presidente: o debate vai continuar, según o resultado da votación, lamentando unha posible ausencia do Grupo Popular.

As 22,23 horas auséntanse voluntariamente da Sala todos los membros presentes do Grupo Popular.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 21/09/93



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

024

Páxina: 13

Previa declaración de urxencia, polo Sr. Secretario Xeral dase lectura á Moción do Grupo Socialista obxecto deste punto da Orde do Día.

Propón a Moción que se adopten os seguintes acordos:

"1) Dar a coñecer ós membros da Corporación e ós cidadáns, a discriminación que a Xunta de Galicia presidida por Manuel Fraga, realizou con Betanzos e os seus veciños, durante esta lexislatura.= 2) Dirixirse ó Presidente da Xunta que resulte elixido nas eleccións que se celebrarán o vindeiro 17 de outubro e pedirlle que Betanzos e os seus veciños sexan considerados como cidadáns que non sufran marxinación algúnhana nas obras e servicios que programe a Xunta de Galicia.= 3) Facultar ó Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para que faga os trámites oportunos para a materialización da presente Moción."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): lamenta profundamente que o Grupo Popular abandone o Salón de Sesións nun acto regulado pola normativa e o Dereito, non existindo nada atípico no feito de declarar unha Moción de urxencia para o seu debate polo Pleno.

Continúa: solicita que faga chegar ós Grupos Políticos desta Corporación unha copia da Moción, que está motivada polas actuacións da Administración Autonómica con Betanzos e os cidadáns deben coñecer-las actividades da Xunta de Galicia dos últimos catro anos e valora-las debidamente.

O Sr. Alcalde-Presidente: coincide plenamente co Voceiro do Grupo Socialista, reiterando que tódolos debates son posibles e máxime cando se debaten asuntos de tanta importancia para Betanzos.

Sometida a votación, apróbanse por unanimidade as propostas do Grupo Socialista.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

025

Páxina: 14

Pleno: 21/09/93



### 200.- ROGOS E PREGUNTAS.

200.1.- O Sr. Alcalde-Presidente, solicita que conste en acta o sentimento da corporación polo recente falecemento de Dña Juana Rosende López, veciña de Betanzos e a persoa de máis avanzada idade do municipio.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a levanta-la sesión, sendo as vintedous horas e trinta e un minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO,







# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

026

Pleno: 30/11/1993

Páxina: 1

(P)

## ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA TRINTA DE NOVEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E TRES.

### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Barús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

#### Sr. Secretario:

D. Emilio Julio García Crespo.

#### Sr. Interventor Acctal.:

D. José A. García Bello.

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de novembro de mil novecentos noventa e tres. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. MANUEL LAGARES PEREZ, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- redúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación ás actas das sesions celebradas o dezasete de xuño, vintedous de xullo e vinteun de setembro de 1993.

Roga o Sr. Martínez Guerra se faga constar en acta (punto 2.1 sesión 17-06-93) o nome dos propietarios das fotografías que forman a exposición "El Globo de Betanzos".

As 20,36 horas incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

027



Pleno: 30/11/1993

Páxina: 2

0

### 200.- DAR CONTA DE DIVERSOS ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- A Delegación Provincial de "Manos Unidas", agradece colaboración prestada polo Concello na campaña de financiación da construcción dun centro educativo.

202.- Asociación "Centro Betanzos", comunica integrantes da Xunta Directiva.

203.- Instituto Argentino de Cultura Galega, felicita ó Concello de Betanzos pola súa preocupación por difundi-la lingua galega.

204.- Instituto Nacional de Emprego, comunica resolución pola que se otorgan beneficios da Orde Reguladora do Programa de Escolas Taller e Casas de Oficios.

205.- Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, comunica concesión de subvención para amán de camiño de Talai, importe 100.000,- ptas. Acéptase a mesma.

206.- Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, comunica concesión de subvención para amán de camiño do Muiño, importe 50.000,- ptas. Acéptase a misma.

207.- Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, comunica concesión de subvención para acond. terreo complexo polideportivo, importe 100.000,- ptas. Acéptase a misma.

208.- Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, comunica concesión de subvención para acond. e pav. usos culturais edificio arquivo, importe 2.700.000,- ptas.

209.- Deputación Provincial, Sección de Asistencia Social, comunica concesión de subvención para Servicios Sociais Concello, importe 300.000,- ptas.

210.- Deputación Provincial, Sección de Asistencia Social, comunica concesión de subvención para Servicios Sociais Concello, importe 400.000,- ptas.

211.- Deputación Provincial, Sección de Asistencia Social, comunica concesión de subvención para Curso Xardinería Concello-Resid. Anciáns, importe 400.000,- ptas.

212.- Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, comunica denegación subvención para protección medioambiental.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

028 [Signature]  
Páxina:3



Pleno: 30/11/1993

213.- O Alcalde de Medina de Rioseco, agradece as atencións prestadas con motivo da inauguración do "Monumento del V Centenario".

214.- Delegación Provincial de Estadística, comunica resumos definitivos de poboación (rectificación Padrón a 1-01-93).

215.- R.E.N.F.E., informa modificacíons en servicios ferroviarios que se prestan a esta Cidade.

216.- Unión de Traballadores de Galicia, comunica domicilio para envío de correspondencia.

217.- Comunidade Administrativa de Xestión Vivendas A Condesa, comunica e adxunta informe técnico relacionado con deficiencias das vivendas de A Condesa.

218.- José Luis Rilo Mosquera, formula queixas en relación coa prestación dun servicio polo Servicio de Urgencias do Ambulatorio de Betanzos.

300.- DAR CONTA DE AUTO DO T.S.X.G. EN RECURSO CONTENCIOSO NUMERO 4320/93.

Di así: "PRIMERO: El presente recurso contencioso-administrativo 02/0004320/19930 ha sido interpuesto por el D/ña. MANUEL OTERO PAZOS D/ña. en nombre y representación de MANUELA VAZQUEZ CRESPO contra acuerdos del Ayuntamiento de Betanzos de 24-11-92 y 29-01-93 sobre aprobación del Proyecto de Compensación del Plan Parcial de "El Pasatiempo".= SEGUNDO: Conferido traslado de las actuaciones al referido D/ña. MANUEL OTERO PAZOS D/ña. para que en el plazo de VEINTE días dedejera la demanda, ha dejado transcurrir dicho plazo sin haberlo verificado.= RAZONAMIENTOS JURIDICOS.= UNICO: Al no haber sido presentada la demanda en el plazo concedido para ello, de conformidad con lo dispuesto en el art. 67-2 y 121 de la Ley Jurisdiccional, procede declarar de oficio caducado este recurso Contencioso-Administrativo y ordenar la devolución del expediente administrativo al Centro de procedencia; sin hacer imposición de las costas.= LA SALA ACUERDA: Declarar de oficio caducado este recurso Contencioso-Administrativo 02/0004320/19930 y requiérase a D/ña. MANUEL OTERO PAZOS D/ña. para que en el término de UNA AUDIENCIA devuelva el expediente administrativo.= Dada cuenta; vista la anterior diligencia, se declara firme de derecho el Auto de fecha 29/07/1993, por el que se declara caducado de oficio el presente recurso, y firme la presente archívese."

400.- PROPOSTAS E INFORMES DE DELEGADOS.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

029

Pleno: 30/11/1993



Páxina: 4

Dase conta ó Pleno da proposta que formula o Delegado de Infraestructuras, di así: "Rogo a V.I., dea as ordes oportunas para que por parte do Secretario da Corporación se informe ó Pleno, se tivo entrada neste Concello, algún escrito, proxecto ou petición da Xunta de Galicia relacionado coa "Construcción de Aceras na N-VI ata Atocha".

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se cita pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: lembra que, no Pleno de 30 de marzo pasado, o Sr. Alcalde manifestou que a petición se faría á entidade de quen dependese a N-VI; ó P.P. agradaríalle que se lles respostase se hai inconveniente para que calquera organismo actúe e constrúa as beirarrúas ata o Colexio de Atocha.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): na sesión plenaria sinalada polo Sr. Pita púxose de manifesto a continua preocupación do Grupo de Goberno por Betanzos e os veciños de Betanzos. Remítense á pregunta que se formula ó Pleno: para construi-las beirarrúas na N-VI ata Atocha, non se solicitou autorización algunha ó Concello por parte da Xunta de Galicia e polo tanto non pudo existir xamais denegación algunha, tal e como consta nos informes técnicos que se acompañan.

Continúa: que calquera subvención para construirlas será ben acollida e por iso reitera que non hai inconveniente algúin.

- O Sr. Otero Martínez: está sucedendo que se riza o rizo, o que está claro é que ningún está en contra da súa construcción; que se faga a petición á Xunta e se constrúan.

- O Sr. Pita Varela: lembra que a petición está efectuada en 30-03-93, reitérraa, roga se facilite ó Grupo Popular documentación.

- O Sr. Alcalde: está clara a posición e demanda dos Grupos, así se realizará, que se concederá autorización, se se solicita, a calquera Organismo para levala a cabo e que ata o momento ningún Organismo a solicitou.

### 500.- PROPOSTA DE MODIFICACION DE CREDITOS 1/93.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para a MODIFICACION DE CREDITOS 1/93.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

O resumo das modificacóns de crédito por nivel de vinculación xurídica consta no expediente incoado.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- Sr. Pita Varela: dentro da mecánica da modificación o seu Grupo non ten inconveniente algúin.

- Sr. Otero Martínez: non ten inconveniente algúin, por ser unha práctica habitual e vir obrigada por outras administracións.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

030

Pleno: 30/11/1993

Páxina: 5

Sometido a votación, apróbase por unanimidade, a dito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación en vigor.

### 600.- MODIFICACION ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO ECONOMICO DE 1994.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para a MODIFICACION ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO ECONOMICO DE 1994.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- Sr. Otero Martínez: na Comisión o seu Grupo manifestouse pola reserva de voto, porque a modificación está en función da variación do I.P.C.; fai uns meses sinaláronse os índices do I.B.I. á baixa, iso beneficiaría ós ciudadáns según o Grupo de Goberno, tendo en conta que a situación de crise se mantén, manifesta a súa sorpresa por non segui-lo mesmo criterio, por iso non apoiará a modificación.

- Sr. Pita Varela: solicita coñece-la proposta da Comisión -infórmaselle polo Sr. Secretario-; a posición do seu Grupo é buscar na maior parte dos impostos públicos un equilibrio; a problemática é a nivel estatal e acarrea medidas drásticas ós colectivos, os incrementos traen consecuencias gravosas, deben medirse con lupa os aumentos e ser solidarios cos veciños.

- Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): a reforma na aplicación dos índices do I.B.I. en meses pasados, supón unha baixa considerable, cara ós ciudadáns, o I.A.E. mantense e, en canto a outros impostos, non é o Concello quen debe valorar cuestións alleas ó mesmo.

Continúa: non lle parece serio que non se participe nos labores das Comisións, os Grupos Políticos deben participar con aportacións e realizalaras de xeito concreto, o seu Grupo está esperando aportacións concretas do Partido Popular.

Segue: solicita dos Grupos Políticos que se formulen propostas concretas para os Presupostos que serán austeros e controlando o gasto corrente e mellorar ó mesmo tempo a prestación de servicios; as Ordenanzas tratarán de aumentalo I.P.C., que se correxirá ben á alza ou á baixa e a mellora dos servicios prestados.

- Sr. Otero Martínez: todo o que manifestou foi para apoia-la súa posición dado que as previsións dos sectores sociais normalmente se cumpren, mantendo a súa postura.

As 21,35 horas auséntase da sala a Sra. Lauda Brandariz.

- Sr. Pita Varela: o Partido Popular fai proposicións puntuais -así consta nas actas-; en canto á non asistencia a sesións indica que noutras institucións hai consenso entre os Grupos para fixa-la data das Comisións.

- Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o Voceiro do Grupo Popular realiza unha mezcla de todo menos do que hai que falar; o equilibrio é unha figura contida nos principios da





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 30/11/1993

031

Páxina: 6

Lei de Facendas Locais e as aportacións estatais van destinadas a fins finalistas.

- Sr. Alcalde-Presidente: agradece ós Voceiros as súas intervencións e aclara que como Alcalde, coñece que as posibilidades económicas dos Concellos son moi escasas e nese sentido como Presidente da Federación de Concellos Galegos plantexou as oportunas reivindicacións; en canto ás ordes do día das sesións, estas son fixadas pola Presidencia e para a anterior reuníronse os Voceiros para fixa-la data -non asistindo o do Grupo Popular-, tendo sinalado para o día 29 de novembro pasado.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor: 10 (dez, os emitidos polo Grupo de Goberno), votos en contra: 6 (seis, os emitidos polo Grupo Popular -5- e o B.N.G. -1-).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: - Prestar aprobación ó expediente de modificación de Ordenanzas Fiscais para o exercicio económico de 1994, a dito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación en vigor.

### 700.- APROBACION CONTAS PATRONAIS SAN ROQUE 1993.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para someter á consideración do Pleno as Contas das Festas Patronais de San Roque 1993.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

Sr. Martínez Guerra: comenta diversos aspectos en canto á forma das Contas Patronais e formula observacións como: que no capítulo de ingresos hai un aumento excesivo que considera ficticio; a recaudación é menor que o ano anterior e solicita se lle aclare se o importe dos gastos correspondentes a unha Banda de Música, Danzas do Concello, Pirotecnia, ingresos da cea americana e a aportación á Asociación contra o cancro, son correctos.

Sr. Alcalde-Presidente: contestará ás preguntas do Sr. Martínez Guerra o Delegado de Festexos, Sr. Beade Dopico.

As 21,55 horas auséntase da Sala o Sr. Díaz Pereira.

Sr. Beade Dopico: resposta puntualmente a cada unha das preguntas anteriores; aclara que existe equilibrio entre os gastos e ingresos e se existisen partidas de gastos que coincidan co importe de semellantes do exercicio anterior é unha circunstancia casual.

As 22,00 horas incorpórarse á sesión o Sr. Díaz Pereira.

Sr. Martínez Guerra: manifesta o seu desacordo cos ingresos da cea americana e con alguns dos puntos, solicita coñecer máis datos, que se diga a verdade.

Sr. Beade Dopico: remítense ós documentos que constan no expediente que está e estivo a disposición dos Sres. Concelleiros; dito expediente está informado favorablemente polos Servicios Técnicos da Área Económica do Concello; no





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 30/11/1993



032

Páxina: 7

mesmo detállanse minuciosamente ingresos e gastos estando incorporados o correspondentes xustificantes.

Continúa: as Festas Patronais de Betanzos fanse con toda dignidade, nas pasadas o beneficio para Betanzos foi superior a anos anteriores.

Sr. Alcalde-Presidente: que o balance das Festas Patronais non é obligatorio sometelo á consideración do Pleno, en consecuencia agradarialle que os debates se celebrasen nos órganos correspondentes -donde hai que facelos-, non obstante lémbralles que a) o expediente é un balance económico e b) que as Festas Patronais de Betanzos son simplemente as Festas Patronais de Betanzos e en representación do Concello actúa o Alcalde-Presidente tal e como está estipulado legalmente.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor: 11 (once, os emitidos polo Grupo de Goberno e o Grupo B.N.G.), votos en contra: 5 (cinco, os emitidos polo Grupo Popular).

En consecuencia adóptase o seguinte acordo: prestar aprobación ó expediente das Contas das Festas Patronais de 1993.

Turno de explicación do voto:

Voceiro Grupo B.N.G., Sr. Otero Martínez: o seu Grupo non pon en duda a honorabilidade do Sr. Beade Dopico; o seu voto afirmativo aproba as Contas das Festas Patronais, non o tipo de Festas Patronais celebradas.

Voceiro Grupo Popular, Sr. Pita Varela: ninguén se referiu a honorabilidades; o seu voto en contra é debido a diferencias que atopan en diversas partidas de gastos.

### 800.- MOCION DO B.N.G. RELATIVA A DIGNIFICACION DA POLITICA MUNICIPAL.

Dase conta ó Pleno de Moción do Grupo B.N.G., propón se adopten os seguintes acordos: "1.- Que os técnicos municipais valoren o importe económico da carta enviada ós nosos conciños pola Alcaldía -para comunicar o electoralista e pouco ético acordo da Corporación, que figura no apartado a)- e sexan os propios representantes do PSOE os que restitúan ás arcas municipais a dita cantidade.= 2.- Que todas aquellas acusacións que o PSOE e o PP están intercambiando -das que adxuntamos algún ilustrativo exemplo- sexan plantexadas nun pleno extraordinario en forma de moción da alcaldía para o seu debate, o que contribuirá a clarexar todas as dúbihadas que entre os nosos veciños temos espallado.= 3.- Que se abra a publicación "O Concello Betanceiro" a todos os grupos políticos presentes na Corporación e se así non fose que o mesmo se deixe de publicar. Non é ético que un partido político, o que goberna, empregue medios públicos, polo tanto de todos, para o seu exclusivo beneficio. Non importa se ese beneficio é exclusivamente político.= Para evitar que se interpreten tendenciosamente estas propostas, solicitamos que as mesmas se voten conxuntamente."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

0330



Pleno: 30/11/1993

Páxina: 8

Está informada desfavorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

O Sr. Otero Martínez: que os representantes políticos son de dous tipos: a) os que dirixen, b) os que fiscalizan o labor dos que dirixen; cando se desvirtúa o motivo da súa elección hai debate e nos últimos tempos en Betanzos só se escucha o comentario de "todos son iguales", e iso non é certo.

Continúa: como exemplo, o acordo adoptado polo Pleno en 21-09-93 relacionado coas obras non executadas pola Xunta, é a primeira vez que un acordo do Concello de Betanzos merece a atención de comunicarse a tódolos veciños de Betanzos; como exemplo da malformación, as acusacións que se verten -moitas de gravedade-, se existe base deben ser debatidas aquí e pedir las explicacións oportunas.

As 22,15 horas auséntanse da sala o Sr. Alcalde-Presidente e o Sr. Martínez Guerra. Preside a sesión a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Sánchez Vázquez.

Segue o Sr. Otero Martínez: propón que os acordos se voten de forma conxunta.

As 22,19 horas reintégrase á sesión o Sr. Martínez Guerra.

O Sr. Pita Varela: en termos xerais, coincide co B.N.G., matiza, que nun estado de opinión libre non existe censura previa; debe quedar claro que as persoas que interveñen na vida pública deben estar preparadas para sumi-la crítica e a responsabilidade de cada un, non todos somos iguais.

As 22,22 horas reintégrase á sesión o Sr. Alcalde-Presidente.

A mesma hora auséntanse da sala o Sr. Beade Dopico e o Sr. Domínguez Rivas.

Continua o Sr. Pita Varela: o seu Grupo non ten inconveniente en debate-lo que sexa, pero que cada un se o plantexe cando queira.

As 22,24 horas reintégrase á sesión o Sr. Beade Dopico.

Segue o Sr. Pita Varela: o seu Grupo apoiará a Moción do B.N.G. con carácter xeral.

As 22,28 horas reintégrase á sesión o Sr. Domínguez Rivas.

A mesma hora auséntase da sala a Sra. Sánchez Vázquez.

O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): lamenta que os acordos se voten conxuntamente posto que o seu Grupo posiblemente daría seu voto positivo a algúns dos acordos; é moi importante que o pobo acuda ás sesións e coñezan o posicionamento dos Grupos; non tódolos políticos somos iguais dado que os posicionamentos son distintos. Con respecto ó primeiro punto da Moción, é un acordo plenario que se traslada ós veciños; ó segundo, o seu Grupo está aberto a realizar reunións cos Voceiros para tratar asuntos de interese; en canto ó terceiro, a publicación "Concello de Betanzos" é un órgano institucional non partidista e debe seguir así, como modelo de comunicación cidadá; lamenta non poder votala por separado.

O Sr. Otero Martínez: a frase de que todos somos iguais, fixose en sentido metafórico, non todos somos iguais nin o seremos.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

034

Pleno: 30/11/1993

Páxina: 9

O Sr. Alcalde-Presidente: desde o Concello darase toda a información necesaria ós veciños de Betanzos, todos deben coñecer cal é a sua relación co Concello de Betanzos e agradaríalle que tódolos Grupos participasen, para o que se publicará calquera información institucional que se faga chegar.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor: 6 (seis, os emitidos polo Grupo B.N.G. e o Grupo Popular); votos en contra: 10 (dez, os emitidos polo Grupo de Goberno).

En consecuencia, non se presta aprobación á Moción obxecto deste punto da Orde do Día.

As 22,40 horas auséntase da Sala o Sr. Carro Galeiras.

### 900.- PROPOSTA DOS SINDICATOS GALEGOS DE CREACION DUN GRUPO LACTEO GALEGO.

Dase conta ó Pleno da proposta dos Sindicatos Galegos para creación dun Grupo Lácteo Galego.

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

As 22,45 horas reintégrase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- Sr. Pita Varela: existe un acordo posterior á data de presentación da proposta dos Sindicatos e a situación cambiou, posto que se chegou a un acordo de crear un Grupo Lácteo netamente Galego; constituiuse en 1-10-93 e é aberto, dado que existe considera non procedente a proposta.

As 22,49 horas auséntase da Sala a Sra. Faraldo Botana.

- Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): votando afirmativamente a proposta dáselle o voto a favor a unha proposta popular que será sometida a debate no Parlamento de Galicia; o voto do seu Grupo será positivo.

As 22,55 horas auséntase da Sala o Sr. García Vázquez.

- Sr. Otero Martínez: coincide co Grupo de Goberno, son dúas iniciativas distintas; dado que no Mercado Europeo os Grupos Lácteos gozan de respaldo institucional non ve o motivo de que aquí non suceda o mesmo.

- Sr. Pita Varela: para o seu Grupo é máis importante o que poida suscribir un Goberno que representa a todos que a representatividade dos Sindicatos.

As 23,00 horas reintégrase á sesión o Sr. García Vázquez.

- Sr. Otero Martínez: non se trata de debater nada, trátase de apoiar unha petición, que será ou non respaldada no seu momento pola Xunta.

- Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): confirma que non é igual a sinatura dun Convenio que levar a cabo unha iniciativa lexislativa, se así o estiman.

- Sr. Alcalde-Presidente: ainda que todo está plantexado perfectamente, novamente aclara que a Orde do Día non a fan os Sindicatos senón a Alcaldía, distinto é que a acepte ou non, ainda que non é normal que aquí se debata.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

035

Páxina: 10



Pleno: 30/11/1993

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor: 11 (once, os emitidos polo Grupo de Goberno e o Grupo B.N.G.); votos en contra: 4 (catro, os emitidos polo Grupo Popular).

En consecuencia, préstase aprobación á Moción obxecto deste punto da Orde do Día e adóptase o seguinte acordo: "1.- Manifestalo noso apoio á iniciativa promovida para a constitución dun Grupo Galego, nos térmos plantexados polos sindicatos.= 2.- Instar ó Consello da Xunta, ós Grupos Parlamentarios, así como á Mesa do Parlamento de Galicia, o apoio político necesario para a aprobación da iniciativa lexislativa presentada.= 3.- Participar e colaborar no proceso de recollida de sinaturas necesarias para a tramitación da iniciativa lexislativa.= 4.- Remitir este acordo ás máximas institucións Galegas: Goberno Galego, Parlamento e ó Valedor do Pobo, así como ás Institucións Estatais."

### 1000.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A PETICION A XUNTA DE GALICIA PARA REALIZACION OBRA CUBRICION PISTA POLIDEPORTIVA NO COLEXIO PUBLICO "VALES VILLAMARIN".

Dase conta ó Pleno da proposta DA ALCALDIA RELATIVA A PETICION A XUNTA DE GALICIA PARA REALIZACION OBRA CUBRICION PISTA POLIDEPORTIVA NO COLEXIO PUBLICO "VALES VILLAMARIN".

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "1) Solicitar á Consellería de educación e á Secretaría Xeral de Deportes da Xunta de Galicia que, entre as suas prioridades, se atope o proxecto da cuberta da polideportiva do Colexio Público "Vales Villamarín" e que, no referido proxecto constructivo, se poida concreta-la realización de algún ximnasio que permita que os alumnos do referido centro educativo poidan exercita-las súas actividades deportivas de maneira normal.= 2) Pedi-lo apoio dos Concellos de Paderne e Coirós ó referido proxecto.= 3) Facultar ó Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para que leve a cabo cantas xestións sexan necesarias para o bo fin destes acordos".

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente: indica que o obxecto da Moción é reitera-la petición efectuada e así reforzala axeitadamente.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

### 1100.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA O ACORDO ADOPTADO POLO CONSELLO DE MUNICIPIOS E REXIONS DE EUROPA SOBRE DECLARACION DE MEDIDAS URXENTES A LEVAR A PRACTICA EN YUGOSLAVIA.

Dase conta ó Pleno da proposta DA ALCALDIA RELATIVA O ACORDO ADOPTADO POLO CONSELLO DE MUNICIPIOS E REXIONS DE EUROPA SOBRE DECLARACION DE MEDIDAS URXENTES A LEVAR A PRACATICA EN YUGOSLAVIA.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 30/11/1993



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

036

Páxina: 11

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "- Por todo isto, teño a ben proponer ó Pleno da Corporación Municipal, a ratificación do acordo que tódolos asistentes ós Estados Xerais de Estrasburgo referente á declaración sobre a Ex-Yugoslavia e que acompañó, decidimos presentar ós mesmos e ó propio tempo, se dea traslado ós organismos nacionais e internacionais da imperiosa necesidade de que cesen as agresións sobre as cidades de Bosnia, simbolizadas en Saraxevo e se busque unha solución a tan grave conflicto étnico que está resquebraxando enormemente a paz cidadá e a convivencia na nación yugoslava."

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente: que o Consello de Europa adoptou acordo relacionado con traer ós Plenos o problema grave que está sufrindo Yugoslavia, para facer presión ante os Organismos correspondentes e tratar de solucionalo mesmo.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

### 1200.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase conta ó Pleno das preguntas formuladas polos Grupos Popular e B.N.G.

a) Preguntas formuladas polo Grupo Popular:

- Solicitamos nos sexan facilitadas copias ou fotocopias das seguintes documentacións:

- Listado contribuintes Imposto Actividades Económicas.

- Listado contribuintes Imposto Bens Inmobilés.

- Listado beneficiarios da asistencia social.

- Relación de persoal, tanto profesorado como alumnado, que solicitou a seu ingreso na Escola Taller "Pasatiempo".

- Plano do Plan Parcial de "El Pasatiempo", con expresión das parcelas e nome dos propietarios das mesmas.

#### PREGUNTAS:

¿En que situación está a aplicación ou tramitación das mocións seguintes, aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal:

- Erradicación do chabolismo.

- Escola Infantil Municipal (gardería).

- Solicitud dunha delegación de "La Voz de Galicia" en Betanzos?.

b) Preguntas formuladas polo Grupo B.N.G.:

1.- Solicitamos do Goberno Municipal a instalación de papeleiras na barriada da Condesa.

2.- De igual maneira solicitamos a instalación de papeleiras nos patios do C.P. Vales Villamarín por destrucción ou desaparición das existentes.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

037

Pleno: 30/11/1993



Páxina: 12

3.- Solicitamos do Goberno Municipal se nos facilite unha copia do ESTADO DE EXECUCION DOS PRESUPOSTOS.

4.- Consideramos que a eficacia dos contenedores de vidro está xa demostrada, polo que instamos ó concelleiro delegado de servicios a que se amplíe o número destes a outros lugares do concello.

5.- Pedimos do Goberno Municipal que se dirixe á compañía Autopistas del Atlántico, S.A. co fin de que se instale un panel informativo da dirección á nosa cidade na saída (antes dos desvíos Coruña-Santiago, vindo de calquera das direcciones) da autoestrada A9 pola localidade de Guísamo.

6.- Demandamos a retirada dun vehículo abandonado no Paseo do Malecón, enfrente da funeraria "A Merced".

7.- Solicitamos a instalación de alumbrado na calexa que une a rúa do Valdoncel coa Galera.

8.- Pedimos da Alcaldía información da postura institucional sobre a pista de remo de Cecebre.

Fan uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

Sr. Alcalde-Presidente: a tódalas preguntas, daráselle-lo tratamento correspondente.

Sr. Pita Varela: formula os seguintes rogos e preguntas:

- Solicita reunión das Comisións Especiais; a retirada de rótulo inmediacións Palco Música por problemas de estética; cesión de local á Asociación de Veciños Alfoli; que algúñ empregado local durante o servicio, dedicouse a facer propaganda electoral.

Sr. Lagares Pérez: que o Sr. Pita Varela debe comunicalo nome do empregado co obxecto de adopta-las medidas correspondentes.

Sr. García Vázquez: se solicite da C.O.T.O.P. da Xunta de Galicia unha resposta para o amán do Avda. Jesús García Naveira.

Sr. Alcalde-Presidente: con motivo do recente proceso electoral autonómico, solicita que conste en acta a felicitación do Pleno da Corporación ó Presidente da Xunta de Galicia e ós Betanceiros elixidos como membros do Parlamento de Galicia.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procedese a levanta-la sesión, sendo as vintetres horas e dezasete minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.



D. ALCALDE-PRESIDENTE,



D. SECRETARIO XERAL,





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

038  
Páxina: 1

ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA TRINTA E UN  
DE XANEIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Besteiro Fernández.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Barús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. Emilio Julio García Crespo.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.


Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de xaneiro de mil novecentos noventa e catro. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. MANUEL LAGARES PEREZ, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- redíñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

As vinte horas e trinta e dous minutos incorpórarse á sesión a Sra. Faraldo Botana.

As vinte horas e trinta e tres minutos incorpórarse á sesión o Sr. Romay Dopico.

Queda pendente de aprobación a acta correspondente á sesión celebrada o día trinta de novembro de 1993.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/01/1994



Páx/ha: 2 039

### 200.- DAR CONTA DE DIVERSOS ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Os Servicios Técnicos Locais, di así: "Recentemente realizáronse as obras de asfaltado na estrada comarcal C-540 Betanzos-A Golada, efectuándose ademais a pavimentación de beirarrúas no luar de As Cascas para a execución das cales foi necesario realizar recheo en algunas zonas.= Como consecuencia disto estase producindo agora un asentamento que fixo que o terreo ceda, provocando un progresivo afundimento nalgunhas partes da beirarrúa e calzada, na zona que se especifica en Plano e fotografías adjuntas."

### 300.- ESCRITO DO COMITE DO HOSPITAL MILITAR DE A CORUÑA E ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno do escrito que dirixe o Comité do Hospital Militar de A Coruña ó Concello de Betanzos, solicita: "o apoio dese Municipio para que manifeste publicamente o seu rexeitamento ó peche deste Hospital, e como consecuencia á perda de 300 camas na área sanitaria de A Coruña"

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: 1º) Prestar aprobación á petición efectuada polo Comité do Hospital Militar de A Coruña en demanda de apoio para evita-lo peche do mencionado Hospital Militar de A Coruña e manifestá-lo rexeitamento ó peche deste Hospital. 2º) Deste acordo darase traslado ás partes interesadas.

### 400.- MOCION DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS RELATIVA A SOLICITUDE DE AXUDA A XUNTA DE GALICIA PARA ADOPCIÓN DE MEDIDAS NO LUGAR DA ACEA.

Dase conta ó Pleno da proposta que formula o Delegado de Infraestructuras, propón se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Aproba-la memoria técnica, que contempla a limpeza e dragado do río, redactada polos Servicios Técnicos Municipais.= SEGUNDO.- Solicitar da Consellería de Política Territorial (antiga C.O.T.O.P.) unha subvención para a acometida das citadas obras.= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para levar a cabo todos los trámites necesarios para a consecución de tal fin."

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/01/1994



Páxina: 3

040

P

500.- MOCION DO DELEGADO DE PERSOAL, SEGURIDADE E SERVICIOS SOBRE MEDIDAS DE SEGURIDADE VIAL, A ADOPTAR NA C-542 BETANZOS-MESON DO VENTO, A ALTURA DO COLEXIO NOSA SEÑORA DO SAGRADO CORAZON.

Dase conta ó Pleno da proposta que formula o Delegado de Persoal, Seguridade e Servicios; propón se adopten os seguintes acordos: "Solicitar á Xunta de Galicia que se realicen as actuacións que estimen oportunas para mellora da circulación e seguridade vial na zona indicada da estrada C-542 Betanzos-Meson do Vento estimándose entre outras, según relación que se acompaña."

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: está de acordo coa Moción, non obstante -baixo o seu criterio- existen uns defectos de forma na mesma, son: en canto ó primeiro punto as sinais de perigo, xa existen instaladas as correspondentes sinais; en canto ó segundo, xa están colocadas, non se van inventar outras novas e a circulación na zona axilizouse considerablemente coa instalación da glorieta.

- O Sr. Carro Galeiras: a Moción é no sentido de mellorar la seguridade vial da zona e para corrixir problemas que se están a presentar con asiduidade; considérase oportuno poñer textos complementarios de advertencia nas sinais.

- O Sr. Alcalde-Presidente: considera o asunto debatido e en consecuencia as sinais regulamentarias debense instalar, por tanto someterase a votación a Moción obxecto deste punto da Orde do Día.


Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

600.- EXPEDIENTE DE DECLARACION DE RUINA PROMOVIDO POR DA MARISA FERNANDEZ CAGIAO, NO EDIFICIO NUMERO 47 DA RUA DE AS CASCAS.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado (1/93 -Sección Urbanismo-), para a declaración de ruina do edificio número 47 da rua de As Cascas.

Está informado polos Servicios Técnicos Locais así como pola Comisión de Programación no sentido de propoñela declaración de ruina do edificio número 47 da rua de As Cascas.

Vistos os informes emitidos -por unanimidade- adóptase o seguinte acordo: "1º) Declarar en estado de ruina o inmoble número corenta e sete da rúa de As Cascas.= 2º) Dar traslado do acordo adoptado ás partes interesadas, ainda cando non compareceran no expediente incoado para a declaración de ruina do inmoble mencionado."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 31/01/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

041

Páxina: 4

### 700.- PRESTAR APROBACION O INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL A 31-12-1993.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación ó Inventario de Bens Municipal a 31-12-1993.

O resumo por epígrafes consta no expediente incoado, ascendendo o total do resumo xeral por epígrafes e grupos, ó importe de catro mil douscentos setenta e dous millóns setecentas corenta e seis mil setecentas oitenta e catro pesetas (4.272.746.784,- ptas).

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos asistentes, a dito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.

### 800.- MOCION DO B.N.G. RELATIVA A CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL.

Dase conta ó Pleno da Moción do Grupo B.N.G. relativa á convocatoria de Folga Xeral, formula as seguintes propostas:

"1.- MEDIDAS NO ESTADO ESPAÑOL.= a) Control dos beneficios das grandes transnacionais e do capital financeiro.= b) Medidas de fomento do emprego fixo.= c) Mellora do poder adquisitivo das rendas salariais; mellora das prestacións sociais e maior cobertura de prestación no desemprego.= d) Postos de traballo para as mulleres con dereito a prestacións sociais e acceso á formación para a mellora e promoción ocupacional.= e) Fomento do emprego xuvenil coa formación ocupacional.= f) Presencia do sindicalismo nacionalista (CIG) na mesa estatal de negociación.= 2.- MEDIDAS PARA O GOBIERNO GALEGO.= a) Plan de emprego elaborado por iniciativa do Goberno Galego coa participación do Parlamento, sindicatos e organizacións empresariais; contemplando a creación dun sector público galego que actúe como dinamizador da creación de postos de traballo estables.= b) Remodelación do actual sistema de contratación temporal aplicándolle un carácter restrictivo. Garantía de subsidio digno de desemprego para aqueles traballadores que non teñan outro tipo de prestación.= c) Fortalecemento do marco galego de relacións laborais con convenios colectivos de ámbito galego. Revitalización do Consello Galego de Relacións Laborais, con presencia nel da Administración Autonómica.= d) Medidas de fomento e mellora de emprego para as mulleres e a mocedade, sectores máis afectados polo paro e polo traballo en precario.= e) Autonomía financeira do poder político galego, propiciando acordos co Estado que permitan recursos en materia financeira para fomento da inversión."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que na Moción do B.N.G. hai puntos que deberán matizarse, non obstante están de





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 31/01/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 5

042

acordo coa globalidade da Moción en aras de que os beneficiarios reciban estas melloras e se levan a efecto en tódalas administracións.

- O Sr. Pita Varela: dado que a Folga xa se celebrou, a Moción non debería ser tratada polo Pleno, por iso o seu Grupo pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Otero Martínez: agradaríalle que a Moción se debatira antes do 27 de xaneiro (xornada de folga xeral); explica os puntos 1 e 2 da Moción e que as medidas deberían servir para evitar outras situacións semellantes no futuro, por tanto a Moción é perfectamente debatible posto que o solicitado está ben claro.

- O Sr. Pita Varela: repite que a Moción debería ser retirada para unha nova Moción, con esas medidas sería retomada e tería outro titular, se non se retira pronunciarase pola abstención.

O Sr. Lagares Pérez: aclara que non se vai votar nada relacionado coa folga, senón sobre medidas sobre as cales é posible non estar totalmente de acordo, pero por suposto non é con ánimo de actuar con fases de equilibrio.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que se a Moción se incluiu na Orde do Día foi no sentido que indica o Voceiro do B.N.G., e baixo ese punto de vista someterase a votación.


Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: Votos a favor: once (11, os emitidos polo Grupo de Goberno e o B.N.G.); votos en contra: ningún; abstencións: seis (6, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, préstase aprobación á Moción obxecto deste punto da Orde do Día, á que se lle dará o trámite correspondente.

As vinteunha horas oito minutos auséntase da Sala o Sr. García Vázquez.

### 900.- MOCION DO B.N.G. RELATIVA O PATRIMONIO EXISTENTE NO CONCELLO.

Dase conta ó Pleno da Moción do B.N.G. relacionada co Patrimonio Artístico existente no Concello, formula as seguintes propostas: "1.- Proceder á elaboración por parte dos técnicos correspondentes dun inventario (se é que non existe) das obras artísticas existentes na Casa Consistorial, no que conste o seu estado de conservación e as súas características (autor, dimensións, técnica e material utilizado...) así como a forma en que pasou a formar parte do patrimonio municipal (doación, compra, cesión...). Unha copia deste inventario distribuiríase ós grupos políticos que forman a Corporación.= 2.- Estudiar e adoptar medidas de protección para aquelas obras que se consideren especialmente valiosas.= 3.- Proceder á restauración de aquellas obras que se atopen deterioradas ou mal conservadas e que a xuízo dos técnicos correspondentes o merezan.= 4.- Realizar exposicións públicas nun local axeitado, acompañadas do correspondente catálogo, para dar a coñecer ós cidadáns este patrimonio artístico."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/01/1994



Páxina: 6 0439

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: que quedou claro que o Inventario existe, solicita que se entreguen ós Colexios copias para a súa difusión cultural entre os alumnos.

- O Sr. Pita Varela: deberíase ampliar a Moción a tódalas obras artísticas existentes neste Concello.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o solicitado polo Sr. Pita foi reflexado na Comisión Informativa e non é necesario facelo posto que se acaba de aproba-lo Inventario de Bens, donde figuran, o seu Grupo sumarase á Moción do B.N.G.

As vintedous horas quince minutos reintégrase á sesión o Sr. García Vázquez.

O Sr. Alcalde-Presidente: terase en conta a suxerencia formulada polo Sr. Otero Martínez, non existe nada en contra para un amán óptimo do Patrimonio Artístico, todo é cuestión presupostaria, o obxectivo é telo nas mellores condicións.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos asistentes.

### 1000.- MOCION DO B.N.G. RELATIVA AS EXPLOTACIONES FAMILIARES DE LEITE EN GALICIA.

Dase conta ó Pleno da Moción do B.N.G. relacionada coas explotacións familiares de leite en Galicia, formula as seguintes propostas: "1.- Solicitar do goberno do Estado a derogación do Real Decreto 1.319/1992, polo que se establecen normas específicas para a aplicación do réxime da taxa suplementaria no sector do leite e dos produtos lácteos, e a derogación, así mesmo, da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 4 de decembro de 1992, pola que se regulaban determinados aspectos relacionados coa asignación de cotas, e máis da Orde do citado Ministerio, do 8 de xullo de 1993, sobre as normas para a aplicación da supertaxa ós produtores que excedan a produción asignada polo Ministerio de agricultura, Pesca e Alimentación.= 2.- Solicitar da Administración do Estado que deixe sen efecto a aplicación das cotas lácteas en Galicia.= 3.- Solicitar á Xunta de Galicia que cree a Asociación Interprofesional Láctea Galega e que se estableza un contrato tipo que rexerá as relacións contractuais de compravenda do leite fresco de vaca na Comunidade Autónoma de Galicia."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o posicionamento do seu Grupo non coincide ó 100% coa Moción do B.N.G., sobre todo co punto 2, terían que matizalo, non obstante respaldarase integralmente.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo pronunciarase pola abstención, dada a existencia de cuestións positivas e





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/01/1994



Páxina: 7 044

negativas; supón que a Corporación coñece os problemas derivados da integración no Mercado Común, por iso a Xunta solicitou unha redistribución da cuota existindo negociacións noutro ámbito.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): está notando a ausencia de certo Grupo nas Comisións, solicitando a súa incorporación e asistencia ás mesmas, así dito Grupo coñecería cal foi o posicionamento dos Grupos e as matizaciones que se fixeron na Comisión.

- O Sr. Pita Varela: nas institucións democráticas redúndense os Voceiros para fixa-lo calendario de reunións e tómansen de común acordo, coa non asistencia ás Comisións non se vulneran as responsabilidades das súas tarefas.

As vinteunha horas trinta e cinco minutos auséntase da Sala o Sr. Basteiro Fernández.

- O Sr. Lagares Pérez: o Sr. Pita non está debidamente informado, por existir un calendario e terse celebrado unha reunión de Portavoces previa á reunión do sábado pasado, á que asistiu un representante do Partido Popular.

As veinteunha horas corenta minutos reintégrase á Sala o Sr. Basteiro Fernández.

- O Sr. Otero Martínez: considera clara a Moción, remítese ás propostas que figuran na mesma e que debe terse en conta que máis do 50% dos produtos lácteos que se consumen en Galicia son de fora da Comunidade Autónoma.

- O Sr. Alcalde-Presidente: debateuse a Moción, solicita ós Grupos que se centren no realmente interesante, que estas Mocións non son propriamente municipais, pero considerando a existencia de afectados no noso Concello incluiuse na Orde do Día, e someterase a votación.

Votos a favor: once (11, os emitidos polo Grupo de Goberno e o B.N.G.); votos en contra: ningún; abstencións: seis (6, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, préstase aprobación á Moción obxecto deste punto da Orde do Día, a que se lle dará o trámite correspondente.

Turno de explicación do voto:

- O Sr. Pita Varela: cada Grupo propón o que considera máis oportuno en relación co seu propio proxecto político, teñen claro cal é o cauce estando en desacordo co manifestado polo Voceiro do Grupo de Goberno, a asistente á reunión de Portavoces foi informada, nada máis.

- O Sr. Alcalde-Presidente: aclara que na devandita reunión fixáronse o día e a hora en que se celebraría a Comisión Informativa.

### 1100.- MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA A FIGURA DE LUIS SEOANE.

Dase conta ó Pleno da proposta que formula o Grupo B.N.G. relativa á FIGURA DE LUIS SEOANE, propón a Moción se adopten os seguintes acordos: "91.- Que o Concello de Betanzos contribúa á construción do monumento en homenaxe ós emigrantes, - creado por Luis Seoane, e, para que esta





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/01/1994



Páxina: 8

045

contribución non resulte gravosa ás arcas municipais, aporte para tal fin unha cantidade porcentual das gratificacións (con cargo ás mesmas) que durante un mes reciban polo desempeño da súa función os membros da Corporación.= 2.- Abrir unha conta corrente para recibir donativos particulares para a construción do devandito monumento."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan polo orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: a Moción vai no sentido de diversas actuacións que tiveron lugar noutros Concellos e que o Concello debería participar como outros semellantes, dado que o próximo ano o Día das Letras Galegas está dedicado a dito personaxe; sería unha aportación simbólica con cargo ás asignacións municipais dos Sres. Concelleiros.

Sometido o asunto a votación presenta o seguinte resultado: votos a favor: un (un, o emitido polo Grupo B.N.G.); votos en contra: dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); abstencións: seis (seis, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, non se presta aprobación á Moción obxecto deste punto da Orde do Día.

Turno de explicación do voto:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): sería deseable que o monumento se instalase en Betanzos e ubicalo no seu sitio idóneo; o Día das Letras Galegas celebraranse actos en Betanzos relacionados coa figura de Luis Seoane.

### 1200.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Secretario dase lectura ós seguintes documentos:

a) Contestación das preguntas formuladas polo Grupo Popular e o Grupo B.N.G. na sesión de data 30-11-1993.


b) O informe emitido por el mesmo, relacionado coa pregunta que formula o Grupo Popular no Pleno do día 30-11-1993 sobre solicitude de copias de documentos.

c) Rogos e preguntas que formula o Grupo Municipal do Partido Popular de Betanzos ó Pleno ordinario de 31-01-1994.

Din así:

a) GRUPO POPULAR: "A número 1, erradicación do chabolismo: estase a facer co Inventario de vivendas ubicadas en chabolas e a continuación solicitaranse dos organismos oficiais as axudas para o seu amanío.= A número 2, Escola Infantil Municipal: o Concello de Betanzos estaría disposto a cumplir los seus servicios sempre que a Xunta de Galicia, que é á que lle competen os mesmos, cubrisse unha importante parte da súa financiación.= A número 3: fixérsonse as oportunas solicitudes sen resposta ata o momento."

a) GRUPO B.N.G.: "A número 8: o Concello de Betanzos deseja coñecerlo proxecto para manifestarse.= Non obstante, parécenos que nesa zona débese construir unha área recreativa que se adapte o medio natural de Cecebre e que sirva de expansión para toda a área metropolitana de Coruña."





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/01/1994

Páxina: 9 046

b) "1) Antecedentes:= No Pleno do pasado día 30 de novembro o Grupo Popular roga que lle sexan facilitadas copias ou fotocopias dos seguintes documentos:= Listado contribuintes I.A.E.= Listado contribuintes I.B.I.= Listado Beneficiarios Asistencia Social.= Relación de Personal e alumnado que solicitou ingreso na Escola Taller.= Plano do Plan Parcial de "El Pasatiempo" e relación de propietarios no mesmo.= 2) Criterios legais e de pertinente aplicación.= O artigo 171 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por R.D. 2586/86 de 28 de novembro establece taxativamente con respecto ós expedientes que: "Os expedientes ou documentos orixinais non poderán sair das oficinas, salvo os casos seguintes: a) Que soliciten mediante escrito o seu desglose os que o presentaran. b) Que teñan que enviarse a un organismo público en cumplimento dos trámites regulamentarios ou para que recaia resolución definitiva. c) que sexan redactados polos Tribunais de Xustiza".= Concordan con este precepto os artigos do mencionado Regulamento números 146, 158, 164.1 e 169.= Así mesmo os artigos 57.4 e 61 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e o artigo 35 da nova Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/1992 de 26 de novembro).= Incluso o artigo 16 do R.O.F. preceptúa que o exame concreto de expedientes, libros e documentación en xeral rexírase polas seguintes normas.= "O exame dos mesmos polos membros da Corporación efectuarase en salas reservadas ós Concelleiros, en ningún caso os expedientes poderán sair da Casa Consistorial ou das correspondentes dependencias e oficinas locais".= Finalmente o sinalar que de conformidade co preceptuado na Lei Orgánica 5/92, de 29 de outubro, B.O.E. número 262 de 31-10-92, de protección legal de datos de carácter personal entendemos que non sería factible acceder ó interesado.= Isto non obstante non quere indicar que exista un secretismo para os membros das Corporacións Locais, senón que na propia Lei de Réxime Local e nos Regulamentos que a desenrolan existe unha total transparencia para que OS SRES. CONCELLEIROS POIDAN EXAMINAR TODA CLASE DE EXPEDIENTES OS QUE TEÑEN ACCESO NAS OFICINAS OU DEPENDENCIAS LOCAIS QUE ESTAN A SUA TOTAL DISPOSICION PARA CONSULTAS E EXTRAE-LOS DATOS QUE ESTIMEN PROCEDENTES DOS MESMOS.= Despois do que suintamente examinamos o Secretario informante fai constar que á vista do mesmo, o Pleno da Corporación adoptará o acordo que estime procedente en Dereito, dado que este dictame non é vinculante para a Corporación. E este é o meu dictame que, naturalmente, queda suxeito a calquera outro máis autorizado.= E o que teño o honor de informar.= Betanzos, a 24 de xaneiro de 1994.= O Secretario Xeral."

c) "ROGOS E PREGUNTAS QUE FORMULA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE BETANZOS O PLENO ORDINARIO DE 31 DE XANEIRO DE 1994.= ROGOS.= - Pedimo-la colocación da marquesina de parada de autobuses escolares na Avda. Fraga Iribarne, á





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/01/1994


Páxina: 10 047

altura da concesión Renault.= - Rogamos que o Concello faga as xestións precisas para que a renovación e expedición do Documento Nacional de Identidade poida realizarse en Betanzos, como fai algúen tempo, dadas as molestias e desprazamentos que ocasiona actualmente este trámite os nosos cidadáns.= - Nos últimos tempos estamos a recibir con certa regularidade as Actas da Comisión de Goberno deste Concello. Rogariamos que, dado que as actas deben ser un fiel reflexo do tratado nas reunións, se fixese un detalle máis completo do feito que se trata e a resolución que se toma, xa que en ocasións é difícil sacar unha conclusión (por exemplo, "Policía Local, comunica substracción dunha desbrozadora". "Delegado de Infraestructuras e Acción Rural, relacionada co alumbrado do Nadal").= - Pedimos se faga un control riguroso de tódolos materiais nobles do Asilo das Carmelitas, cuias obras de reconstrucción están a comenzar. Asemade, rogamos se respeten tódolos elementos das partes nobles na devandita reconstrucción.= - Pedimos se nos faga entrega dunha copia do Convenio suscrito entre o Concello e a Cruz Vermella Espanola, para o Servicio de Teleasistencia Domiciliaria.= - Reiteramos los rogos efectuados no Pleno Ordinario de 30 de novembro de 1993.= **PREGUNTAS.**= - ¿Cómo funciona, a quen e cantos beneficia e cal é o custo para o Concello do Servicio de Teleasistencia Domiciliaria da Cruz Vermella?= - O Servicio de Recollida de Lixo, ¿con que periodicidade recolle nos distintos barrios da zona urbana?. ¿Cantos días por semana están establecidos para a recollida da zona rural?. ¿Por que se cobra o servicio ás vivendas situadas en lugares donde non accede o camión de recollida de lixo e non hai contenedores?."

Polo Voceiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), formúlanse os seguintes rogos: "1) Transmítela felicitación da Corporación á dirección do diario "El Correo Gallego" pola publicación dun diario en lingua galega. Apróbase por unanimidade.= 2) Que os Grupos Políticos nomeen un representante para a Comisión do Nomenclador. Polo Grupo B.N.G. noméase a D. Andrés Otero Martínez, polo Grupo Popular noméase a Dña Rosa Lauda Brandariz, e polo Grupo de Goberno a D. Antonio Lagares Pérez."

Polo Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Pita Varela, formúlanse os seguintes rogos: "1) Que se solicite de Unión-Fenosa se adopten as medidas correctoras en relación cos continuos cortes do suministro de enerxía eléctrica que realiza sen previo aviso nin causa aparente xustificada.= 2) Solicita se lles entregue con antelación copia dos Presupostos para o oportuno debate.= 3) Que no Asilo Manuel Naveira existen elementos de certo valor, solicitan o oportuno respeito e protección.= 4) Que cando se efectúen trasladados de acordos se solicite dos Organismos resposta."

Polo Voceiro do Grupo Municipal do B.N.G., Sr. Otero Martínez, formúlanse os seguintes rogos: "1) Solicita que se lle informe se é incompatible a tenencia dunha parada de taxi





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

0489

Pleno: 31/01/1994



Páxina: 11

na nosa Cidade sendo o titular funcionario do INSS, tamén na nosa Cidade; se se efectúa un uso indebido aproveitándose da súa situación."

O Sr. Alcalde-Presidente: solicitarase da empresa Unión Fenosa se tomen medidas co suministro da enerxía eléctrica; que polo Servicio correspondente se suministren copias do presupuesto ós Grupos Políticos; en canto ós elementos do Asilo Manuel Naveira, hai un técnico-director de obra que realizará as actuacións oportunas; por último, transmite á Corporación a invitación á toma de posesión da praza de Sarxento da Policía Local, a celebrar o vindeiro día un de febreiro ás 20 horas neste Salón de Sesións.

Igualmente, pola Alcaldía accédese á petición que formula o Sr. Martínez Guerra, no sentido de que conste en acta o nome dos propietarios das fotografías que forman a exposición "El Globo de Betanzos", son: D. Andrés Martínez Guerra e a Coral Polifónica.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procedese a levanta-la sesión, sendo as vintedúas horas e vinte minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.



O ALCALDE-PRESIDENTE,

le  
3



O SECRETARIO XERAL,

MF





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 07/03/1994



Plaza Constitución,  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

049

Páxina: 1

### ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA SETE DE MARZO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

#### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña María Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña María Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José M. V. Bardús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

#### Sr. Secretario:

D. Emilio J. García Crespo.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de marzo de mil novecentos noventa e catro. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. MANUEL LAGARES PEREZ, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación á acta correspondente á sesión celebrada o día trinta de novembro de 1993.

Queda pendente de aprobación a acta da sesión celebrada o día 31-01-1994.

#### 200.- PRESTAR APROBACION A PROXECTO DE PRESUPOSTO PARA 1994.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 07/03/1994



Plaza Constitución,  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 2

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación provisional ó Presupuesto Municipal para o exercicio económico de 1994.

A Comisión de Programación emitiu dictame favorable.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para comunicar ós Voceiros dos Grupos Políticos que co obxecto de facilita-lo desenrolo da sesión, os turnos de intervención terán unha duración de dez minutos.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se mencionan:

1º turno de intervencións:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o equipo de goberno realizou un calendario de traballo, procedendo á entrega da oportuna documentación ós Grupos Políticos, como consecuencia celebráronse dúas Comisiones Informativas e iso deu lugar á presentación do Presupuesto xunto cos seus anexos (Plantillas de Persoal) que hoxe se vai someter á consideración do Pleno; expón as características principais do Proxecto de Presupuesto para 1994, calíftico como austero, dinámico, presenta contención do gasto corrente e é preventivo, non pechado, dando con iso lugar a novas incorporacións, non incluíndose partidas finalistas; sinala que está dirixido ós cidadáns de betanzos, destacando a cifra destinada a inversións, as transferencias por ingresos correntes.

Continúa o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): sería deseable que outras institucións realicen un aumento das inversións en Betanzos, por tanto, dadas as características que presenta o Presupuesto -repite- austero e con contención elevada do gasto corrente, solicita o voto positivo dos Grupos Políticos.

As 21,45 horas incorpórarse á sesión a Sra. Faraldo Botana.


- O Sr. Pita Varela: en termos xerais, está de acordo con que o incremento é pequeno, non obstante está en desacordo con aspectos importantes; desde fai tempo ven solicitando a existencia de determinadas partidas.

As 21,50 horas incorpórarse á sesión o Sr. Carro Galeiras.

Continúa o Sr. Pita Varela: no Capítulo de Ingresos, hai partidas que son ampliables, posiblemente a partida correspondente ó I.B.I. está baixa en comparación co que se percibirá; ten discrepancias nas partidas de Gastos, deben minorarse; existe un aumento na partida de retribucións da Corporación, debendo conxelarse; non se contempla partida para gastos de amortización da débeda coa Seguridade Social e iso é un lastre; en canto ós Cursos de Gráfica non se opoñen, pero existen outras necesidades más importantes en Betanzos.

Segue o Sr. Pita Varela: solicita a existencia de partida para emprego xuvenil e a erradicación do chabolismo, en definitiva minorando unhas e aumentando outras posiblemente existiría equilibrio.

- O Sr. Otero Martínez: coincide bastante en canto a datos de inversións concretas co manifestado polo Partido Popular; os presupostos son un fiel reflexo da política municipal, os que hoxe se están a debater son austeros; as variacións vénense producindo e son repetitivas no período 90/94





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 07/03/1994



Páxina: 3

051

advertíndose un aumento paulatino dos gastos financeiros e de gastos de persoal. Queda claro que a política económica municipal é de mantenemento, con limitación das inversiones reais.

2º turno de intervencións:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que discrepa que as inversiones reais coincida co manifestado polos Grupos; consignar cuestións monográficas daria como resultado inversiones más altas, non se consigna por planificación económica, dado que as subvencións son inversamente proporcionais ás elevacións das partidas. Continúa: que o presupuesto é preventivo e non pechado, en canto ás remuneracións dos membros da Corporación serán exactamente as mesmas que en 1993; os gastos da Seguridade Social aparecen reflexados nos capítulos correspondentes (3); no que respecta a Gráfica, non é un gasto senón unha inversión, e o Plan de Emprego Xuvenil pone de manifesto coa Escola Taller e o Convenio establecido coa Xunta para cursos, desexando -coma todos- a eliminación da pequena parte de chabolismo existente neste Concello, en canto ó Matadeiro o Concello mantén a oferta existente.

Remata a intervención manifestando: que non se trata dun Presupuesto electoral, trátase do axeitado para Betanzos e mantén a votación como está plantexando o mesmo.

- O Sr. Pita Varela: reitérase nos seguintes aspectos: 1) Solicita aclaración ó aumento de retribucións. 2) O Matadeiro Municipal, para a súa construcción debense acoller á Orde correspondente do D.O.G. 3) En canto ó emprego xuvenil refírese a manifestacións do Grupo de Goberno, independentes da Escola Taller. 4) Para a débeda da Seguridade Social, non existe partida. 5) No capítulo de ingresos, hai un apartado non definido (outros terreos), o seu Grupo pensa que será de vender terreos ou propiedades públicas municipais e iso é un xeito de recaudar diñeiro non lóxica; por último solicita a construción de vivendas sociais.


As 21,30 horas auséntase da Sala o Sr. García Vázquez.

- O Sr. Otero Martínez: téndese a tergiversa-las manifestacións que realiza este Voceiro do Grupo B.N.G.; as inversiones reais son as que aparecen no Presupuesto e se fai comparacións é para ve-la evolución política do Grupo Municipal de Goberno. Continúa: que aumenta o importe de determinados gastos, por exemplo para funcionarios; que a situación real é que o Grupo de Goberno non sabe por onde continuar, carecéndose de ideas.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente: indica que os gastos de persoal aumentaron pola posta en funcionamento de novos servicios públicos: Piscina, Conservatorio de Música, etc., que xustifican plenamente os aumentos; todos os Concellos teñen o mesmo problema e son incapaces de prestar servicios e iso non se discute posto que esas circunstancias danse en Betanzos e hai que asumillas.

As 21,37 horas incorpórarse á sesión o Sr. García Vázquez.

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: o Concello de Betanzos compe plenamente o emprego xuvenil coa Escola Taller, a pesar





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 07/03/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 4

052

diso busca novas fórmulas mediante convenios coa Xunta e o INEM. En canto á débeda coa Seguridade Social o Partido Popular non se dá conta de que todo o que se pague agora é menos que antes e que o problema é común a todos os Concellos. Por outra banda, se o Concello realiza venda de terreos patrimoniais é para favorecer os cidadáns realizando inversiones que melloren a sua forma de vida, sobre todo despois de que a Xunta de Galicia non ten previsto fazer inversiones en materia de vivendas sociais en Betanzos para o ano 94, o Concello tratará de realizar vivendas de protección oficial en Betanzos reutilizando o patrimonio e respondendo desa maneira á non actuación da Xunta de Galicia.

Segue o Sr. Alcalde-Presidente: para a construcción do Matadeiro Municipal, o Concello cederá os terreos, e mantén a oferta firme de cesión tal e como quedou diante das Autoridades da Consellería de Sanidade e os industriais carniceiros de Betanzos, pero non financiará a súa construcción por non corresponderlle tal finalidade e carecer de presupuesto; en canto ás retribucións dos membros da Corporación, estes cobrarán o mesmo que no exercicio anterior, sendo de todos coñecidas as cantidades que perciben todos e cada un, incluída a do propio Sr. Alcalde.

Remata manifestando: que co Presuposto do exercicio económico de 1994 dase unha resposta axeitada ós cidadáns de Betanzos.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor: dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno), votos en contra: seis (6, os emitidos polo Grupo Popular), abstencións: unha (1, corresponde ó Grupo B.N.G.).

En consecuencia, préstase aprobación provisional ó Presuposto Municipal para o exercicio de 1994, xunto cos anexos incorporados ó mesmo (plantilla de persoal Funcionario e Laboral). A dito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación en vigor.

Di así o resumo por capítulos do Presuposto Municipal para o exercicio de 1994:


"ESTADO DE GASTOS E INGRESOS. EXERCICIO 1994.=  
CLASIFICACION ECONOMICA. RESUMO XERAL.=

ESTADO DE INGRESOS.=

Cap. / Descripción / Consignación.=

A.- OPERACIONS CORRENTES.=

- 1 / Impostos directos / 181.054.967.=
- 2 / Impostos indirectos / 50.000.000.=
- 3 / Taxas e outros ingresos / 99.177.183.=
- 4 / Transferencias correntes / 265.208.767.=
- 5 / Ingresos patrimoniais / 5.400.000.=
- TOTAL OPERACIONS CORRENTES. 600.840.917.=
- B.- OPERACIONS DE CAPITAL.=
- 6 / Alleación inver. reais / 77.500.000.=
- 7 / Transferencias de capital / 89.259.083.=
- 8 / Activos financieros / 2.300.000.=
- 9 / Pasivos financieros / 40.100.000.=
- TOTAL OPERACIONS DE CAPITAL. 209.159.083.=





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 07/03/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 5

053

TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS. 810.000.000.=

## ESTADO DE GASTOS.

Cap. / Descripción / Consignación.=

### A.- OPERACIONES CORRIENTES.=

- 1 / Gastos de personal / 339.952.450.=
- 2 / G. bens ctes. e servicios / 230.495.914.=
- 3 / Gastos financieros / 25.045.000.=
- 4 / Transferencias corrientes / 12.160.000.=
- 5 / / 0.=

TOTAL OPERACIONES CORRIENTES. 607.653.364.=

### B.- OPERACIONES DE CAPITAL.=

- 6 / Inversións reais / 176.884.764.=
- 7 / Transferencias de capital / 893.550.=
- 8 / Activos financieros / 3.100.000.=
- 9 / Pasivos financieros / 21.468.322.=

TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL. 202.346.636.=

TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS. 810.000.000."

## Turno de explicación do voto:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo no se opón a renegociar las débedas; en canto ós terreos, coñece que se pediron terreos, pero non ofertaron terreos agas os que existian.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que o Grupo de Gobierno está aberto a calquera tipo de suixerencias, pero a Xunta non quere construir en Betanzos e o Concello tratará por tódolos medios de construir vivendas de protección oficial, xestionando os terreos como o fai a propia Xunta de Galicia, nalgúnsas cidades, con tal de acadar a construcción das vivendas de protección oficial e satisfacer así unha demanda cidadá.

- Fai uso da palabra o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), para solicitar da Alcaldía que, ó amparo da lexislación vixente e previa declaración de urxencia, se someta a votación a inclusión na orde do día -polas razóns que se dirán- dunha Moción da Alcaldía-Presidente relacionada coa concesión de determinadas distincións á Coral Polifónica de Betanzos.


- O Sr. Alcalde-Presidente: xustifica a inclusión da Moción na Orde do Día en base á eminente traxectoria cultural da Coral Polifónica de Betanzos.

Sometido o asunto a votación, adóptase acordo de someter á consideración do Pleno, declarando de urxencia a Moción da Alcaldía, conforme a proposta efectuada polo Voceiro do Grupo de Gobierno.

Resultado da votación: votos a favor: dezaseis (16, os emitidos polo Grupo de Gobierno -10-, e o Grupo Popular -6-), votos en contra: non se formularon, abstencións: unha (1, corresponde o Grupo B.N.G.).

## Turno de explicación do voto:

- O Sr. Pita Varela: está de acordo, matiza e solicita que antes de facerse pública a concesión se convoque un Pleno, ainda que sexa urxente, para que fora ratificada polo mesmo, para evitar aprobacións "a posteriori".





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 07/03/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 6

054

- O Sr. Otero Martínez: básicamente coincide co Grupo Popular, solicita antelación para manifestarse, non estando en contra da concesión.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que fai poucos días se recibiu o programa de actos con motivo do 25 aniversario da Coral Polifónica; a concesión das distincións non se fixo pública, en consecuencia foi a Comisión de Goberno quen adoptou o acordo da súa concesión, para a súa ratificación polo Pleno por pura lóxica, a tódolos membros da Corporación lles consta a traxectoria da referida Coral Polifónica de Betanzos.

### 300.- MOCION DA ALCALDIA-PRESIDENCIA SOBRE CONCESION DE DETERMINADAS DISTINCIONES A CORAL POLIFONICA DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno da Moción da Alcaldía, propón se adopten os seguintes acordos: "1º.- Conceder á Coral Polifónica de Betanzos a medalla de prata, en mérito á súa traxectoria cultural.= 2º.- Propoñer a concesión da insignia de ouro ós membros da citada entidade que compren 25 anos ininterrumpidamente de pertenencia á mesma.= 3º.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue, para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos."

Sometida a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.


- O Sr. Alcalde-Presidente: a Coral Polifónica vai ser recibida pola Corporación, acto ó que quedan invitados expresamente os membros da Corporación, oportunamente comunicáráselle-lo día e a hora.

### 400.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Secretario dase lectura ós seguintes documentos:

a) Contestación das preguntas formuladas polo Grupo Popular na sesión de data 30-01-1994.

Dín así: "A número 1. Programa de Teleasistencia domiciliaria da Cruz Vermella. Funcionamento: o Programa funciona a través do Convenio suscrito entre Cruz Vermella e o Concello o 21 de abril de 1993.= Beneficiarios: Programa destinado a persoas maiores, minusválidos e enfermos que presentan unha especial situación de risco. N.º de beneficiarios: nas cláusulas do Convenio sinálase a instalación de 6 aparatos de teleasistencia (actualmente o número de aparatos instalados é de 5 por terse producido recentemente a baixa dun usuario). Custo do servicio para o Concello: ano 1993: 60.000,- ptas. Ano 1994: 120.000,- ptas (pendente de modifica-la cláusula nº 11 do Convenio suscrito que é a que fai referencia á aportación económica do Concello e que para o presente exercicio quedaría fixada na contía anteriormente mencionada).= A número 2: a) diariamente no núcleo urbano, agas domingos, festivos e outros días por causas





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 07/03/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

055

Páxina: 7

extraordinarias. b) Sobre 2 ou 3 veces, según necesidades e circunstancias do servicio. c) O estar mecanizado o listado, a notificación para o cobro da taxa correspondente, reciben todos los cabezas de familia que figuran como tales no Padrón de Habitantes. Non obstante, estúdianse as reclamacións que se formulan, resolvendo según informe das circunstancias que concurren en cada caso concreto."

b) Rogos e preguntas que formula o Grupo Municipal B.N.G. ó Pleno Ordinario de 7-03-1994: "1.- A Lei de Facendas Locais no seu art. 64.a) só considera exentas de tributación "ás vías terrestres que sexan de aproveitamento público e gratuito". Ante esta evidencia o B.N.G. interéssase pola situación tributaria do tramo de "Autopistas do Atlántico" que atravesa o noso municipio. No caso de que se considere exenta do pago do I.B.I. a esta empresa, solicitamos que se adopten as medidas conducentes ó seu tratamento fiscal axeitado, que non pode ser outro que o pago da totalidade do imposto.= 2.- Solicitamos maior flexibilidade nos horarios de apertura ó público da piscina municipal, concretamente, que se amplie os sábados pola tarde e os domingos pola mañán.= 3.- Desexamos coñecer-los requisitos que se están a utilizar para a instalación de postos en días de mercado e a normativa que se aplica para a venda de produtos autóctonos, principalmente froitos e queixos.= 4.- Consideramos a conveniencia de instalar un paso de cebra na avenida do Carregal á altura do seu enlace coa de Fraga Iribarne.= 5.- Pedimos o desescombro e adecentamento dos terreos que quedaron fora da N-VI, na Volta do Codo, logo da construcción da variante."

Polo Voceiro do Grupo Municipal do B.N.G., Sr. Otero Martínez, formúlanse os seguintes rogos: "1a. Solicita se lle amplie nota de prensa relacionada coa creación dunha praza de policía experto en urbanismo.= 2a. Se lle proporcione unha copia da lista das persoas que entran en quintas no ano 1994."

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a levanta-la sesión, sendo as vintedúas horas e doce minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,







# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 19/04/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 1

056

## ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA DEZANOVE DE ABRIL DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña Ma Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Bardús Vía.

#### Sr. Secretario:

D. Emilio J. García Crespo.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.


#### Non asiste:

D. Andrés Otero Martínez, Concelleiro do B.N.G.

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de abril de mil novecientos noventa e catro. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe.

### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación á acta correspondente á sesión celebrada o día trinta e un de xaneiro de 1994. Queda pendente de aprobación a acta da sesión celebrada o día 7 de marzo de 1994.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 19/04/1994



Páxina: 2

057

### 200.- DAR CONTA DE DIVERSOS ESCRITOS E COMUNICACIONS.

Seguidamente, dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- O Ministerio da Presidencia, acusa recibo a acordo adoptado polo Pleno da Corporación, polo que se manifesta a súa disconformidade coa política socioeconómica que ven realizando o Goberno.

202.- O Ministerio da Presidencia, acusa recibo ó acordo adoptado polo Pleno da Corporación, relativo ás explotacións familiares do leite en Galicia.

203.- Xunta de Galicia, envía informe emitido polo Subdirector Xeral de Portos, sobre limpeza e adecentamento de peirao do porto de Betanzos.


204.- Comité do Hospital Militar de A Coruña, agradecen as mostras de apoio recibidas do Concello de Betanzos, solicitando a participación na manifestación contra o peche de dito centro.

205.- Unión Fenosa, comunican realización dunha nova saída de baixa tensión no transformador do Rollo, co obxecto de repartir-la carga de alimentación de enerxía eléctrica.

206.- Servicio Galego de Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, contesta reclamación formulada por José Luis Rico Mosquera, en relación co funcionamento do Servicio de Urgencias do Ambulatorio de Betanzos.

### 300.- DAR CONTA DE INFORME DA ALCALDIA SOBRE PETICIONS EFECTUADAS O CONSELLEIRO DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA E ADOPCION DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno do informe da Alcaldía sobre peticions efectuadas ó Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, di así: "INFORME DO ALCALDE O PLENO DA CORPORACIONES MUNICIPAL.= Con data 7 de abril de 1994 o Alcalde mantivo unha entrevista co Conselleiro de Sanidade, na que se abordaron as seguintes peticions municipais: 1) Construcción dun centro ocupacional de minusválidos nos terreos de propiedade municipal situados no Carregal. 2) Completamento das especialidades existentes no Ambulatorio e realización de diversas melloras no mesmo. 3) Dotación dunha unidade de planificación familiar en Betanzos. 4) Completamento do equipo interdisciplinar de servicios sociais e ampliación e mellora dos mesmos. 5) Situar en Betanzos unha oficina comarcal de valoración de minusválidos. 6) Oferta municipal para a posible constracción dun matadeiro comarcal."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 19/04/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 3

058

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

As 20,40 horas, incorpórase á sesión a Sra. Faraldo Botana.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: manifesta que o seu Grupo coincide en algunas peticiones, noutras non, e que poñerán de manifesto os seus reparos.

- Continúa: en relación co apartado 19 do informe da Alcaldía, o seu Grupo ignora cales son os terreos para construí-lo centro; pode ser que se invada propiedade doutro Organismo, por outra banda non ten inconveniente posto que ofertaron alternativas: antigo edificio das Carmelitas. O apartado 29, faltaría máis que o Grupo Popular non votase a favor das ampliacións. En canto ó 69, roga que se lle comuniquen as posibles competencias da Consellería de Sanidade para construir matadeiros, posto que coñecen que non os constrúe dita Consellería, solicita se retire o punto 69.


- O Sr. Alcalde-Presidente: o informe da Alcaldía é unha petición ó Pleno para a súa ratificación, en canto ós terreos para a construcción do centro ocupacional de minusválidos, son propiedade do Concello, así o indican os órganos competentes, no seu día foi aceptada a cesión pola Xunta, existindo un proxecto aprobado con dotación económica e que o Grupo Popular se negou a concretar e, por suposto, non nega a posibilidade da súa construcción no antigo Asilo Manuel Naveira, asumindo a responsabilidade nese caso. En canto ó apartado 29, o Grupo de Goberno sempre defendeu o aumento de especialidades, así consta nos papeis; en canto á oficina de valoración de minusválidos, o Grupo Socialista defendeuna para Betanzos como cabeceira de comarca e vai seguir a facelo.

- Continúa: o apartado 69 do informe manterase dado que se transmitiu a petición a Sanidade, pero que se constrúa o matadeiro comarcal por parte de quen sexa na Xunta, posto que se trata dun servicio básico que debe ser asumido en beneficio de Betanzos.

- Finaliza: que as peticiones municipais parecen lóxicas e serán defendidas.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo apoiará todo o que sexa para Betanzos, pero que as peticiones deben facerse por conducto regulamentario; a Xunta dicta ordes para solicitar subvencións, por iso deben solicitarse ante o órgano axeitado, solicitando en consecuencia a votación separada dos puntos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: entende perfectamente o manifestado polo Sr. Pita; esta cuestión falouse varias veces coa Consellería de Sanidade da Xunta e non lle comunican lo que di o Sr. Pita, a cuestión é tratar de xestionar e pedir sen personalizar á Xunta, a cal debe construilo ó cen por cen, poñendo o Concello á súa disposición os terreos correspondentes e, incluso, como manifestou a Alcaldía a petición do sector cárnico, a dirección técnica da obra, accedendo á votación separada do informe.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

059

Pleno: 19/04/1994



Páxina: 4

Sométese a votación este punto da Orde do Día de forma separada, quedando como segue:

a) Puntos 1 ó 5 do Informe da Alcaldía ó Pleno da Corporación: sometidos a votación, apróbanse por unanimidade dos asistentes.

b) punto 6 do Informe da Alcaldía ó Pleno da Corporación: sometido a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, 10 (dez, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra: ningún; abstencións, 6 (seis, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, préstase aprobación ó informe da Alcaldía, obxecto deste punto da Orde do Día.

### 400.- DAR CONTA DE ESCRITO DO COMITE DE EMPRESA DE SANTA BARBARA E ADOPCION DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno de escrito do Comité de Empresa de Santa Bárbara, di así: "ATENCION DE: SRES. ALCALDES CONCELLOS COMARCA A CORUÑA.= Estimados señores:= Ante o plantexamento do Ministerio e Industria de peche de cinco centros de SANTA BARBARA, entre o que se encontra o de A CORUÑA, o Comité de Empresa e as Seccións Sindicais de U.G.T., CC.OO. e C.I.G., solicitámoslle o apoio da Corporación Municipal que representan, para o mantemento e continuidade da nosa Factoría con acordos plenarios de apoio e o chamamento ós cidadáns dos seus Concellos a participaren na MANIFESTACION que se celebrará o próximo DOMINGO día 17 ás 12 da mañá, con saída da PRAZA DA PALLOZA e rematando no Goberno Civil.= Sen outro particular, esperando a súa presencia, aproveitamo-la ocasión para enviarlle un cordial saúdo."

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.


En consecuencia, adóptase acordo de mostra-lo apoio da Corporación para o mantemento e continuidade do Centro de Santa Bárbara de A Coruña. De este acordo darase traslado ás partes interesadas.

### 500.- APROBACION INICIAL A MODIFICACION DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANISTICO.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico; está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

A relación de modificacíons puntuais das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico, din así: "MODIFICACIONES PUNTUAIS DE NN.SS. DE PLANEAMENTO MUNICIPAL= INDICE.= 1) Modificacíons introducidas ó art. 77 "Directrices para a redacción do Plan Parcial do Solo Apto para Urbanizar, nº 7 Industrial", referidas á delimitación de sectores e a





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 19/04/1994




Páxina 55

060

altura da edificación.= Expte: que se presenta xunto co Plan Parcial a instancia da Empresa promotora.= 2) Recalificación de Solo Urbano Residencial de Media Densidade a Urbano Residencial Denso dos terreos que ocupa o Edificio Riosol e extremos colindantes, a beira do Río Mendo.= Expte: que se incoa co obxecto de integrar o edificio Riosol na legalidade Urbanística e obter para uso público os terreos de protección da ribeira do Mendo.= 3) Recalificación dos terreos que ocupan as instalacións de Unión Eléctrica Fenosa, S.A. pasando de Solo Apto para Urbanizar a Solo Urbano.= Expte: que se incoa a petición da Empresa.= 4) Anexo ó Art. 55 de NN.SS., co obxecto de permitir a construcción de naves adosadas no Solo de Comercio, Almacenaxe, Talleres de Industrial.= 5) Modificación do art. 72 de NN.SS., "Directrices para a redacción do Plan Parcial do S.A.U., nº 2 de Betanzos O Novo", de maneira que se reestudie todo o ámbito co obxecto de crear unidades de Planeamento de menor entidade con distintas densidades, co obxecto da súa viabilidade en desenrollo e xestión.= Expte: que se incoa en parte a instancia de particulares para a Área comprendida entre a prolongación da Rúa do Rollo e Edificación da Avda. Jesús García Naveira, e que o Goberno Municipal extende para maior operatividade ó resto do ámbito.= 6) Cambio de uso do solo opasando de Comercial, Talleres e Industrial a Residencial, en solar esquina N-VI, Rúa Concepción Arenal e Estrada de Acceso á Feira.= Expte: que se incoa a petición dun particular, propietario do terreo, deixando espacios libres e urbanizados para uso e dominio público.= 7) Recalificación do Solo Non Urbanizable Común a Solo Urbano de Baixa Densidade en varias zonas, que contan na actualidade cos servicios propios do Solo Urbano e/ou colindantes con áreas urbanas edificadas: zona de A Condesa, terreos lindantes coa N-VI (Saavedra Meneses) e zona de Vista Alegre.= Expte: incoado en parte por propietarios particulares e que o Goberno Municipal fai extensivo a outras zonas.= 8) Núcleo de Infesta: Modificación na Sección 2ª, Solo Apto para Urbanizar de Infesta do art. 76; Recalificación en Solo Urbano de entidades de poboación emplazadas no medio rural (Solo Urbano de edificacións exentas).= Ampliación dos límites actuais de Solo Urbano ata alcanzar camiños existentes próximos.= Expte: que se incoa co obxecto de adecuarse á realidade urbanística existente.= 9) Recalificación de terreos de Solo Apto para Urbanizar (S.A.U., do Carregal), a Solo Urbano Residencial de Densidade Media.= Expte: incoado a instancia de Dña Mª del Pilar Novo Vía.= 10) Cambio de alineacións na Avda. de Linares Rivas.= Expte: que se incoa a iniciativa do Goberno Municipal."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se mencionan:

- O Sr. Pita Varela: manifesta que a modificación das Normas é un tema moi importante, pero que na Comisión non figuraban os planos das modificacións das Normas, ténndose lles indicado que os terían á súa disposición antes da sesión plenaria e poder así realizar suxerencias e debatelo en profundidade.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 19/04/1994



Páxina 16

001

- Continúa o Sr. Pita: que as modificacións das Normas non teñen por que facerse a petición dun interesado, poden facerse tamén con carácter máis amplio e con xeral coñecemento, pensa que a presencia da Sra. Arquitecto nesta sesión é importante, pero debería ser previa para as correspondentes explicacións.

- Segue o Sr. Pita: o seu Grupo -no seu día- votou en contra das Normas, dado o carácter restrictivo das mesmas, iso ten como consecuencia a súa modificación, por esa cuestión e dado que carecen de información, solicita que este asunto quede sobre a Mesa.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): matiza que se celebraron dúas reunións dos Portavoces, donde se lles comunicou que se realizarían modificacións das Normas, que na Comisión Informativa había documentación suficiente para unha axeitada información ó Grupo Popular; comparte a preocupación do Grupo Popular pero que a Modificación das Normas pódese facer de varias maneiras, así o dispón a Lei do Solo e que o público terá coñecemento da modificación das Normas, dado que no proceso da súa tramitación expoñeranse ó público para dalas a coñecer e recibi-las correspondentes aportacións.

- O Sr. Alcalde-Presidente: non existen os menores indicios de ocultismo na tramitación das Normas, solicitáronse aportación dos Grupos fai catro meses, aceptouse a creación dunha Comisión Técnica para as modificacións puntuais das Normas e celebráronse reunións dos Portavoces, os argumentos que utiliza o Grupo Popular son incorrectos e non deben utilizarse matizacíons para desculpar inasistencias.

- O Sr. Pita Varela: no Grupo Popular non están xerarquizados e calquera pode ter representación nas reunións; insiste, que na Comisión Informativa non se presentaron planos coas Modificacións e nas reunións non se presentou documentación.


- O Sr. Alcalde-Presidente: que todos os Grupos coñecen coa suficiente antelación as Modificacións puntuais que hoxe se someten á consideración do Pleno pero, non obstante, acepta a petición de que o asunto quede sobre a Mesa, a tal efecto o próximo día 25 de abril, ás 20 horas a Comisión de Programación celebrará reunión para tratar deste asunto.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo, o único que plantexa, é que na Comisión Informativa solicitaron coñecer os planos das modificacións das Normas e non os coñecen ó día da data.

Visto o anterior -por unanimidade- acórdase que este asunto quede sobre a Mesa.

### 600.- APROBACION PROVISIONAL DO ESTUDIO DE DETALLE PARA ADAPTACION DE ALINEACIONS E ORDENACION DE VOLUMES, SITUACION PRACIÑA DOS ANXELES RUA CRUZ VERDE E U.A.-6 BETANZOS.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para aprobación provisional do estudio de detalle para adaptación de alineacions e ordenación de volumes, situación Praciña dos





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 19/04/1994

Páxina 57 062

Anxeles rúa Cruz Verde e U.A.-6 Betanzos, está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: dada a relación que este punto ten co punto 500 da orde do día, solicita igualmente que este asunto quede sobre a Mesa.


Pola Alcaldía-Presidencia accédese ó solicitado.

### 700.- APROBACION PLAN DE ACTUACION MUNICIPAL PARA 1994.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para aprobación do Plan de Actuación Municipal para 1994.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Visto o anterior, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "1.- Solicita-la inclusión no Plan de Actuación Municipal 1994 das seguintes obras e prestar aprobación ós proxectos correspondentes redactados polos Servicios Técnicos Locais: 1.- Rede de abastecemento de auga potable a núcleos rurais do Concello de Betanzos, incluída no eixo 1, con un importe de 89.123.426,- ptas., financiada ó 100% con aportación da Deputación Provincial.= 2.- Renovación servicios e pavimentación rúa Cruz Verde, ata entronque coa rúa Dr. Fleming, por un importe de 10.500.000,- ptas., incluída no eixo 3 e financiada ó 100% pola Deputación Provincial.= 3.- Acondicionamento e construcción de vestuarios no campo de fútbos de O Carregal, por un importe de 10.497.000,- ptas., incluída no eixo 4 e financiada do xeito seguinte: 20% aportación municipal (2.099.400,- ptas.) e o resto aportación da Deputación Provincial (8.397.600,- ptas.).= 4.- Equipamento de cadeiras Aula de Cultura e Representacións Múltiples en Edificio Liceo, por un importe de 9.585.250,- ptas., incluída no eixo 4, e financiada do xeito seguinte: 20% aportación municipal (1.917.050,- ptas.) e o resto aportación da Deputación Provincial (7.668.200,- ptas.).= 5.- Pavimentacións parroquias de Santiago de Requián e San Martín de Bravio, por un importe de 7.233.747,- ptas., incluída no eixo 3 e financiada ó 100% pola Deputación Provincial.= 6.- Limpeza e conservación rede secundaria, concentración parcelaria de Piadela, por un importe de 7.000.000,- ptas., incluída no eixo 3 e financiada ó 100% pola Deputación Provincial.= 7.- Pavimentacións na parroquia de San Martín de Tiobre, por un importe de 4.904.528,- ptas., incluída no eixo 3 e financiada ó 100% pola Deputación Provincial.= 8.- Pavimentacións en camiños da parroquia de San Martín de Bravio e Santiago de Requian, por un importe de 3.039.284,- ptas., incluída no eixo 3 e financiada ó 100% pola Deputación Provincial.= 9.- Melloras no Polideportivo Municipal e pistas exteriores, por un importe de 9.990.700,- ptas., incluída no eixo 4 e financiada do xeito seguinte: 20% aportación municipal





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 19/04/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Página: 8

063

(1.998.140,- ptas.) e o resto pola Deputación Provincial (7.992.560,- ptas.) = 10.- Saneamento do núcleo das Angustias (núcleo N-VI), por un importe de 9.629.724,- ptas., incluída no eixo 2 e financiada ó 100% pola Deputación Provincial.= 11.- Edificio multiuso de Guiade, por un importe de 6.000.000,- ptas., incluída no eixo 4 e financiada do xeito seguinte: 20% aportación municipal (1.200.000,- ptas.) e o resto pola Deputación Provincial (4.800.000,- ptas.)= 12.- Edificio multiuso de Infesta, por un importe de 9.750.000,- ptas., incluída no eixo 4 e financiada do xeito seguinte: 20% aportación municipal (1.950.000,- ptas.) e o resto aportación da Deputación Provincial (7.800.000,- ptas.)= 13.- Edificio Multiuso das Angustias, por un importe de 4.500.000,- ptas., incluída no eixo 4 e financiada do xeito seguinte: 20% aportación municipal (900.000,- ptas.) e o resto aportación da Deputación Provincial (3.600.000,- ptas.)= 14.- Saneamento do núcleo de Betanzos O Vello, por un importe de 8.082.429,- ptas., incluída no eixo 2 e financiada ó 100% con aportación da Deputación Provincial.= 15.- Saneamento do núcleo de Roibeira, por un importe de 6.500.000,- ptas, incluída no eixo 2 e financiada ó 100% con aportación da Deputación Provincial.= 16.- Saneamento do núcleo de A Graña, por un importe de 8.770.927,- ptas, incluída no eixo 2 e financiada ó 100% con aportación da Deputación Provincial.= 17.- Saneamento do núcleo de Castro, por un importe de 8.602.054,- ptas., incluída no eixo 2 e financiada ó 100% pola Deputación Provincial.= 18.- Pavimentación nas parroquias de Santiago de Requián e San Pedro de Viñas, por un importe de 3.073.483,- ptas., incluída no eixo 3 e financiada ó 100% con aportación da Deputación Provincial.= 19.- Pavimentacións en parroquias de Tiobre e Piadela, por un importe de 5.162.850,- ptas., incluída no eixo 3 e financiada ó 100% pola Deputación Provincial.= 20.- Facer constar que este Concello conta con fondos suficientes para acomete-las obras para as que realiza aportación económica.= 30.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 800.- APROBACION INICIAL DO PLAN PARCIAL DE ORDENACION DO POLIGONO INDUSTRIAL DE PIADELA.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para aprobación inicial do Plan Parcial de Ordenación do Polígono Industrial de Piadela, está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: dada a relación que este punto ten co punto 500 da orde do día, solicita igualmente que este asunto quede sobre a Mesa.

30





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleño: 19/04/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 9

064

- Pola Alcaldía-Presidencia accédese ó solicitado, pese á urxencia que necesita a tramitación deste Plan Parcial, posta de manifesto polos propietarios-interesados dos terreos afectados polo mesmo.

### 900.- APROBACION CONTAS TESOURERIA 1, 2, 3 E 4 TRIMESTRES DE 1993. CONTA XERAL PRESUPOSTO DE 1992.

Dase conta ó Pleno dos expedientes incoados para prestar aprobación ás Contas de Tesourería, correspondentes ó primeiro, segundo, terceiro e cuarto trimestres de 1993, así como a Conta Xeral do Presuposto de 1992. Están informados favorablemente polos Servicios Técnicos Locais e pola Comisión Especial de Contas.

Din así os resumos das Contas de Tesourería:

| <u>EXERCICIO DE 1993</u> | <u>PRIMEIRO TRIMESTRE</u> |
|--------------------------|---------------------------|
|--------------------------|---------------------------|

#### CONTA DE CAIXA

|                                      | Pesetas     | Total ptas. |
|--------------------------------------|-------------|-------------|
| <b>CARGO:</b>                        |             |             |
| Existencia en fin do trim. anterior  | 61.681.711  |             |
| Ingresos realizados durante o trim.  | 151.673.988 | 213.355.699 |
| <b>DATA:</b>                         |             |             |
| Pagos realizados no mesmo periodo    |             | 178.785.279 |
| EXISTENCIA para o trimestre seguinte |             | 34.570.420  |

| <u>EXERCICIO DE 1993</u> | <u>SEGUNDO TRIMESTRE</u> |
|--------------------------|--------------------------|
|--------------------------|--------------------------|

#### CONTA DE CAIXA

|                                      | Pesetas     | Total ptas. |
|--------------------------------------|-------------|-------------|
| <b>CARGO:</b>                        |             |             |
| Existencia en fin do trim. anterior  | 34.570.420  |             |
| Ingresos realizados durante o trim.  | 273.205.838 | 307.776.258 |
| <b>DATA:</b>                         |             |             |
| Pagos realizados no mesmo periodo    |             | 243.338.250 |
| EXISTENCIA para o trimestre seguinte |             | 64.438.008  |

| <u>EXERCICIO DE 1993</u> | <u>TERCEIRO TRIMESTRE</u> |
|--------------------------|---------------------------|
|--------------------------|---------------------------|

#### CONTA DE CAIXA

|                                       | Pesetas     | Total ptas. |
|---------------------------------------|-------------|-------------|
| <b>CARGO:</b>                         |             |             |
| Existencia en fin do trim. anterior   | 64.438.008  |             |
| Ingresos realizados durante o trim.   | 124.831.165 | 189.269.173 |
| <b>DATA:</b>                          |             |             |
| Pagos realizados no mesmo periodo     |             | 186.236.096 |
| EXISTENCIA para o trimestre siguiente |             | 3.033.077   |

| <u>EXERCICIO DE 1993</u> | <u>CUARTO TRIMESTRE</u> |
|--------------------------|-------------------------|
|--------------------------|-------------------------|

#### CONTA DE CAIXA

|                                     | Pesetas     | Total ptas. |
|-------------------------------------|-------------|-------------|
| <b>CARGO:</b>                       |             |             |
| Existencia en fin do trim. anterior | 3.033.077   |             |
| Ingresos realizados durante o trim. | 271.126.190 | 274.159.267 |
| <b>DATA:</b>                        |             |             |
| Pagos realizados no mesmo periodo   |             | 195.170.762 |





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 19/04/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina 10

065

EXISTENCIA para o trimestre seguinte

78.988.505

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procedese a levanta-la sesión, sendo as vintedás horas e doce minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,







## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 28/04/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 1

066

### ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTEOITO DE ABRIL DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

#### Sres. Asistentes:

##### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

##### Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Barús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

##### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

##### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

##### Non asistiu:

Dña Mª Dolores Faraldo Botana, Concelleira do P.P.

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte oito de abril de mil novecentos noventa e catro. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta correspondente á sesión celebrada o día sete de marzo de 1994. Queda pendente de aprobación a acta da sesión celebrada o día 19 de abril de 1994, non se entregou ós Sres. Concelleiros.





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 28/04/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina 12

067

## 200.- APROBACION INICIAL A MODIFICACION DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANISTICO.

Polo Sr. Secretario dase conta ó Pleno do expediente incoado para a modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos. Está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais.

As 20,30 horas, incorpórarse á sesión o Sr. Carro Galeiras.

A Comisión de Programación emitiu dictame como segue: "As modificacóns das Normas números: 1, 3, 4, 5, 6, 8 e 10, infórmanse favorablemente -por unanimidade- de todos os Grupos Políticos.= A modificación número 9: infórmase favorablemente por unanimidade de todos os Grupos Políticos, condicionada a que por parte interesada se incorpore ó expediente incoado documento acreditativo do dereito da propiedade dos terreos afectados pola modificación da Norma.= A modificación número 2: infórmase favorablemente coa abstención do Grupo Popular e o voto en contra do Grupo B.N.G.= A modificación número 7: infórmase favorablemente, coa abstención dos Grupos Popular e B.N.G."


As 20,35 horas incorpóranse á sesión os Sres.(as): Lauda Brandariz, Pita Varela, Basteiro Fernández, Barus Vía e Martínez Guerra.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: explica o voto negativo do seu Grupo á modificación número dous, indicando que para o seu Grupo o emitir voto positivo sería dar legalidade ó que non a ten e posto que non afecto ós inquilinos por ter prescrito, mantén o voto negativo; en canto á número sete, non está de acordo coa recalificación da parte superior da Condesa, sí coas demáis; se esta modificación se vota en conxunta, pronunciarase pola abstención, indicando que se teña presente o condicionamento na número nove.

- O Sr. Pita Varela: manifesta que á modificación número dous o seu Grupo non ten inconveniente sempre e cando se cumplan as condicións de protección e cumplimento de distancias, posto que houbo outras actuacións semellantes a esta; en canto á número sete, tampouco terán inconveniente sempre e cando se faga extensiva á zona comprendida ente o Coto, Refuxio e a estrada posto que está consolidada e se poida face-lo mesmo que nas outras zonas obxecto da modificación, en caso contrario non votarán negativamente, pronunciaranse pola abstención.

- Continúa o Sr. Pita: quere facer constar dous aspectos: 1º, que no tratamento se teña en conta a postura flexible ós efectos de futuras peticións e actuacións de cara a dar facilidades noutras zonas importantes de Betanzos e non se apliquen criterios restrictivos; 2º, o Grupo Popular, sempre que se faga un estudio, recalificación ou modificación de índices para construir que iso sexa previo a todo tipo de operación que poida supoñer venda de terreos para evitar sospeitas de carácter especulativo, incluso para que os





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 28/04/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 8

068

propietarios non se vexan prexudicados nos seus intereses e favorecelos ó máximo nos seus dereitos.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): agradece ós Grupos o tratamento que se deu ó asunto, sendo desejo do Grupo de Goberno a obtención dunha posición global sobre as modificacións; realizará dúas matizacions: 1ª, o seu Grupo vai respalda-la posición das Normas como se plantexan, recolle as inquietudes do Grupo B.N.G. en canto á modificación número dous, e indica que en 1987 cando se aprobaron as Normas o edificio declarouse fora de ordenación, trátase, pois, de actualiza-lo en base a unha petición de parte interesada e por suposto respetaranse as distancias de protección ó río e estradas, procedéndose a unha notable recuperación de terreo para espacemento público e así consolidala, en canto ó condicionante da número nove, consta expresamente no dictame da Comisión.

- Continúa: en canto á número sete, trátase de pasar de Solo Non Urbanizable a Densidade Media, para evitar escalonamentos, favorece-la transición e flexibiliza-las actuacions e que as Normas non sexan restrictivas; solicita o voto favorable para as propostas e que de todas estas suxerencias dos Grupos sexan examinadas nunha Comisión de Seguimento a constituir, indicando que, por suposto, rexeitaranse e combateranse tódalas operacions especulativas.


- Sr. Pita Varela: que esa flexibilidade é a que solicitan ó Grupo de Goberno para incluir na modificación número sete a zona proposta polo seu Grupo.

- O Sr. Alcalde-Presidente: comprende as posicións dos Grupos e parécenlle asumible e as suxerencias viables, pero agradaríalle que viñieran delimitadas e que primeiro as informasen os Servicios Técnicos Locais co obxecto de estudiálas detidamente e asumilas na Comisión de Seguimento das Normas a crear; deseja que tódolos membros da Corporación traten esa situación coa suficiente prudencia a fin de evitar problemas e transaccions non desexadas ós propietarios de terreos afectados polas modificacións das Normas Subsidiarias, accedendo a que se someta este punto da Orde do Día a votación de forma separada.

Sométese a votación este punto da Orde do Día de forma separada, como segue:

a) Modificacións puntuais de Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Betanzos, números: 1, 3, 4, 5, 6, 8, 9 e 10. Sometidas as anteriores a votación, apróbanse por unanimidade dos asistentes, facendo constar que á nove préstaselle aprobación co condicionante incorporado no dictame emitido pola Comisión de Programación con relación a este punto da Orde do Día.

b) Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Betanzos, número 2. Sometida a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, catorce (14, os emitidos polo Grupo de Goberno: dez (10), e o Grupo Popular: catro (4); votos en contra, un (1, corresponde ó Grupo B.N.G.); abstencións, non se formularon.





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 28/04/1994

Páxina 4

069


c) Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Betanzos, número 7. Sometida a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, nove (9), os emitidos polo Grupo de Goberno; votos en contra, non se formularon; abstencións, seis (6), corresponden cinco (5) ó Grupo Popular e unha (1) ó Grupo B.N.G.

En consecuencia, por maioría legal absoluta adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación inicial ó expediente de modificación de Normas Subsidiarias do Excmo. Concello de Betanzos.= Segundo.- O citado expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

Faise constar que na votación correspondente á modificación da Norma número dous, auséntase da Sala o Sr. Basteiro Fernández (Grupo Popular); alega ter interese directo no asunto.

Igualmente, que na votación correspondente á modificación da Norma número sete, auséntase da Sala o Sr. Carro Galeiras (Grupo de Goberno); alega ter interese directo no asunto.

O índice das Modificacións puntuais das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos, sometidas á consideración do Pleno, di así: "MODIFICACIONES PUNTAIS DE NN.SS. DE PLANEAMENTO MUNICIPAL= INDICE.= 1) Modificacións introducidas ó art. 77 "Directrices para a redacción do Plan Parcial do Solo Apto para Urbanizar, nº 7 Industrial", referidas á delimitación de sectores e á altura da edificación.= 2) Recalificación de Solo Urbano Residencial de Media Densidade a Urbano Residencial Denso dos terreos que ocupa o Edificio ríosol e extremos colindantes, á beira do Río Mendo.= 3) Recalificación dos terreos que ocupan as instalacións de Unión Eléctrica Fenosa, S.A. pasando de Solo Apto para Urbanizar a Solo Urbano.= 4) Anexo ó Art. 55 de NN.SS., co obxecto de permiti-la construción de naves adosadas no Solo de Comercio, Almacenaxe, Talleres e Industrial.= 5) Modificación do art. 72. de NN.SS., "Directrices para a redacción do Plan Parcial do S.A.U. nº 2 de Betanzos O novo", de forma que se reestudia todo o ámbito co obxecto de crear unidades de Planeamento de menor entidade con distintas densidades, co obxecto da súa viabilidade en desenrollo e xestión.= 6) Cambio de uso do solo pasando de Comercial, Talleres e Industrial a Residencial, en solar esquina N-VI, Rúa Concepción Arenal e Estrada de Acceso á Feira.= 7) Recalificación do Solo Non Urbanizable Común a Solo Urbano de Baxa Densidade en varias zonas, que contan na actualidade cos servicios propios do Solo Urbano e/ou colindantes con áreas urbanas edificadas: zona de A Condesa, terreos lindantes coa N-VI (Saavedra Meneses) e zona de Vista Alegre.= 8) Núcleo de Infesta: Modificación na Sección 2ª, Solo Apto para urbanizar de Infesta do art. 76; recalificación en Solo Urbano de entidades de poboación emplazadas no medio rural (Solo Urbano de edificacións exentas). Ampliación dos límites actuais de Solo Urbano ata alcanzar camiños existentes





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 28/04/1994



Páxina: 5

070

cercanos.= 9) Recalificación de terreos de Solo Apto para Urbanizar (S.A.U. do Carregal), a Solo Urbano Residencial de Densidade Media.= 10) Cambio de alineacións na Avda. de Linares Rivas.= Betanzos, marzo de 1994.= A ARQUITECTO MUNICIPAL,= Asdo/ Ana Fonticoba Graña."

### 300.- APROBACION PROVISIONAL DO ESTUDIO DE DETALLE PARA ADAPTACION DE ALINEACIONS E ORDENACION DE VOLUMES, SITUACION PRACIÑA DOS ANXELES RUA CRUZ VERDE E UNIDADE DE ACTUACION NUMERO SEIS.

Polo Sr. Secretario, dase conta ó Pleno do expediente incoado para a aprobación provisional do Estudio de Detalle para adaptación de alineacións e ordenación de volumes na situación da Praza dos Anxeles Rúa Cruz Verde e Unidade de Actuación número seis. Está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación -unanimidade-.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade. En consecuencia, por maioria legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó Estudio de Detalle para adaptación de alineacións e ordenación de volumes na situación da Praza dos Anxeles Rúa Cruz Verde e Unidade de Actuación número seis.= Segundo.- A dito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."


### 400.- APROBACION INICIAL DO PLAN PARCIAL DE ORDENACION DO POLIGONO INDUSTRIAL DE PIADELA.

Polo Sr. Secretario dase conta ó Pleno do expediente incoado para a aprobación inicial do Plan Parcial de Ordenación do Polígono Industrial de Piadela. Está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación -unanimidade-.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade. En consecuencia, por maioria legal absoluta adóptase o siguiente acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación inicial ó Plan Parcial de Ordenación do Polígono Industrial de Piadela.= Segundo.- A dito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédere a levanta-la sesión, sendo as vinteunha horas e cinco minutos, da que se extende a presente acta que asina o





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 28/04/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 6

071

Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación,  
dou fe.

ALCALDE-PRESIDENTE,



SECRETARIO XERAL,



F.I. José Cortés Carro





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 16/05/1994



Página 1

072

### ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA DEZASEIS DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

#### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Barús Vía.

#### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

#### Non asistiron, con desculpa:

Dña Rosa I. Lauda Brandaniz,

Dña Mª Dolores Faraldo Botana, Concelleiras do P.P.

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezaseis de maio de mil novecientos noventa e catro. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta correspondente á sesión celebrada o día dezanove de abril de 1994. Queda pendente de aprobación a acta da sesión celebrada o día vinteiro de abril de 1994, non se entregou ós Sres. Concelleiros.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 16/05/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 2 073

As 20,35 horas incorporase á sesión a Sra. Sánchez Vázquez.

### 200.- DAR CONTA DE DIVERSOS ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Instituto de Bacharelato de Betanzos, comunican a preocupación do Concello Escolar do mesmo pola situación de deterioro progresivo da ensinanza pública en Galicia.

202.- Xunta directiva da Coral Polifónica de betanzos, agradece a colaboración prestada pola Corporación Municipal á referida entidade.

203.- Dase conta do acordo adoptado pola Comisión de Goberno deste Concello en 18-03-1994 polo que se designa a D. Manuel Lagares Pérez, Alcalde-Presidente deste Concello, como representante nos órganos de dirección de Caixa Galicia.

204.- Dase conta ó Pleno da resolución 143/94 da Alcaldía-Presidencia pola que se presta aprobación ó resumo de liquidación do Presuposto Xeral de 1993; é como segue: "RESUMO DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO DE 1993.= 1.- Existencia en Caixa a 1-01-93: 61.681.711.= 2.- Ingresos realizados en 1993: 820.837.180.= 3.- Pagos realizados en 1993: 803.530.386.= 4.- Existencia en Caixa 31-12-1993 (1+2-3): 78.988.505.= 5.- Pendente de ingreso a 31-12-1993: 60.252.963.= 6.- Pendente de pago a 31-12-1993: 132.628.694.= 7.- Superavit ou Remanente de Tesourería (4+5-6): +6.612.774.-"

205.- Dase conta ó Pleno das relacións de obras menores que se concederon por resolución do Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente (periodo: 3-09-92 a 21-02-94), comenza a relación polo expediente número 213/92 e remata polo número 383/94.

### 300.- MOCION DA ALCALDIA SOBRE REITERA-LA ELECTRIFICACION NA ZONA DE SAN XIAO.

Dase Conta ó Pleno de moción da Alcaldía sobre reitera-la electrificación na zona de San Xiao, propón se adopten os seguintes acordos: "1) Solicitar á Consellería de Industria que acometa á maior brevedade posible a electrificación da zona de San Xiao.= 2) Poñer en coñecemento de FENOSA esta petición para que poida apoiala e concretala oportunamente.= 3) Facultar ó Alcalde ou Concelleiro en quen delegue para que realice as xestións necesarias para consegui-la demanda solicitada."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 16/05/1994

Páxina: 3

074

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

### 400.- MOCION DA ALCALDIA RELACIONADA COA REFINANCIACION DEBEDA MUNICIPAL E OPERACION DE CREDITO EXERCICIO 1994.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relacionada coa refinanciación da débeda municipal e operación de crédito exercicio 1994, propón se adopten os seguintes acordos:  
"PRIMEIRO: Refinancia-la débeda deste Concello, actualmente vixente, con aquelas Entidades financeiras que mellores ofertas aporten a dita refinanciación.= SEGUNDO: Concertar operación de crédito de 40.000.000,- ptas. para financia-las Inversións do Presuposto de 1994.= TERCEIRO: Facultar ó Alcalde-Presidente para que leve a cabo os trámites que sexan necesarios para o bo fin destes acordos."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

### 500.- MOCION DO DELEGADO DE EMIGRACION SOBRE ACTOS A CELEBRAR CON MOTIVO DO 90 ANIVERSARIO DO CENTRO BETANZOS EN BOS AIRES.

Dase conta ó Pleno de moción do Delegado de Emigración sobre actos a celebrar con motivo do 90 aniversario do Centro Betanzos en Bos Aires, propón se adopten os seguintes acordos:  
"10.- Conmemora-lo 90º aniversario do Centro Betanzos cunha exposición pública no Edificio Liceo do 10 ó 25 de xullo (Día da Patria Galega), no programa da cal se incluan todos los materiais gráficos, obxectos e publicacións existentes no Arquivo, Museo e Biblioteca Municipal CASTELAO procedentes do centro betanceiro de Bos Aires, así como os materiais que poidan aporta-la propia entidade bonaerense, os seus ex-asociados residentes en Betanzos e particulares en xeral.= 20.- Para a mellor organización e programación da exposición, autorízase á Alcaldía-Presidencia a dicta-las normas que estime más axeitadas, incluindo a disposición do Arquiveiro-Bibliotecario, Sr. Erias Martínez, e do director da Escola-Taller PASATEMPO, Sr. Pedreira Dopico, para que coordinen co persoal a cargo o proxecto e desenrolo da exposición."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

### 600.- MOCION DO B.N.G. RELATIVA O SERVICIO MILITAR OBRIGATORIO.

Dase conta ó Pleno de moción do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, propón se adopten os seguintes acordos:  
"1.- A solidariedade do Pleno da Corporación cos mozos galegos privados de liberdade por delito de insubmisión.= 2.- O Concello de Betanzos pronúnciase pola reclamación da liberdade





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 16/05/1994



Páxina: 4

075

para os insubmisos galegos en prisión.= 3.- O pleno da Corporación do Concello de Betanzos solicitaralle ó Goberno español, a través do Ministerio de Xustiza, a despenalización total da insubmisión."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola Orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: que, en liñas xerais, supón o coñecemento da lexislación sobre o Servicio Militar e do Servicio Social Substitutorio; as persoas que non queiran realizar unha ou outra alternativa son considerados insubmisos e condenados, en consecuencia isto é algo que atenta contra a liberdade ideolóxica das persoas.

- Continúa: desde ese punto de vista, presenta esta Moción esperando contar co apoio da Corporación.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o Grupo Socialista entende que coas últimas actuacións a nivel municipal en canto á prestación do Servicio Social substitutorio, lográronse obxectivos a curto e medio prazo e que os pasos nese sentido deben ser pausados e por tanto neste momento non pode aceptarse a Moción.

- O Sr. Pita Varela: non entende ben o significado da Moción, posto que se mencionou que se atenta contra principios democráticos; o Servicio Militar non vai contra a Constitución, quen demostra insolidariedade son os que se rebelan contra as Normas, o Grupo Popular non pode solidarizarse con quen se insolidariza contra a sociedade, en canto ó punto terceiro da Moción é para ser debatido noutro foro, non é o Concello quen o ten que facer.

- O Sr. Alcalde-Presidente: considera clara a posición de cada Grupo e, dado que o obxecto da Moción é un tema a nivel nacional que se atopa en situación de ser traspasado ás Comunidades Autónomas de forma parcial requeríndose para iso de estudos legais, parece impropio dar pasos nese sentido, coincidindo parcialmente co Grupo Popular e, en consecuencia, someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, un (1, o emitido polo Grupo B.N.G.); votos en contra, catorce (14, os emitidos polo Grupo de Goberno e o Grupo Popular); abstencións, non se formularon.

En consecuencia, NON se presta aprobación á Moción obxecto deste punto da Orde do Día.

### 700.- MOCION DO B.N.G. RELACIONADA COS TERREOS QUE A EMPRESA RENFE POSUE NA ESTACION DE BETANZOS CIDADE.

Dase conta ó Pleno de Moción do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, relacionada cos terreos que a empresa RENFE posúe na Estación de Betanzos Cidade, propón se adopten os seguintes acordos: "1.- Que se inicien conversacións ca empresa ferroviaria RENFE cara á incorporación, nas mellores condicións posibles, dos citados terreos e inmobilés ó patrimonio municipal.= 2.- Que, unha vez acadada dita incorporación, os terreos sexan destinados á ampliación do





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 16/05/1994



Páxina: 5

076

parque Pablo Iglesias e o vello almacén a edificio de usos sociais."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: aclara que todos coñecen a existencia dos terreos citados en estado bastante lamentable e que son utilizados por diversos transeuntes e persoas de índole moral negativa, situación agravada por estar ubicados en plena zona escolar, non cumplindo polo tanto o fin a que foron destinados incluso o almacén de mercancías.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): a Moción do B.N.G. consta de dous aspectos: o intento de incorporar ó Patrimonio Municipal un terreo recollendo unha xestión case rematada do Goberno Municipal -se se asina o oportuno Convenio con RENFE-, e un segundo en canto a fixa-lo seu destino con anticipación. O Grupo de Goberno acepta o primeiro e non o segundo, agas se se lle engade unha porta aberta para o destino non sexa pechado e no seu momento tratar do mesmo, nese caso poderán votar a favor da proposta do B.N.G.

- O Sr. Pita Varela: coincide en parte co Voceiro do Grupo de Goberno, o Partido Popular está de acordo coas conversas para consegui-los terreos en cuestión para o Patrimonio Municipal, así como calquera outro que sexa transferido a favor do Concello, ó que se opón o seu Grupo é a que nin un só metro cadrado de terreo do Patrimonio debe ser transformado para actividades privadas ou procesos mercantilistas.

- Continúa: que lamenta a segunda parte da Moción do B.N.G., en canto a fixa-lo destino dos terreos, poden ser dedicados a calquera actividade, valla como exemplo: estación de autobuses; o seu Grupo apoiará a Moción se se elimina o punto segundo da mesma que se tratará no seu momento.

O Sr. Alcalde-Presidente: existen dúas posición coincidentes, as sostidas polo Grupo de Goberno e o Grupo Popular; fai constar ós asistentes que RENFE non cederá o edificio destinado a almacén nin a franxa máis cercada ó FF.CC. e non existirá cesión dos anteriores, que é posible adoptar unha postura común e estudiar a finalidade posteriormente.

- O Sr. Otero Martínez: a intención da Moción é clara, non obstante acepta a proposta de retira-lo punto segundo da Moción e aceptar que no seu momento sexa discutida a súa utilidade.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "1.- Que se inicien conversacións ca empresa ferroviaria RENFE cara á incorporación, nas mellores condicións posible, dos citados terreos e inmobilés ó Patrimonio Municipal."

### 800.- MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA A REGULACIÓN E NORMALIZACIÓN DE EMBARCACIONES.

Dase conta ó Pleno de Moción do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, relacionada coa regulación e





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 16/05/1994



Páxina: 6

077

normalización de embarcacións, propón se adopten os seguintes acordos: "1.- Que se elabore un censo das embarcacións existentes no concello donde se recollan, entre outros datos, o nome, as medidas, a súa situación legal e de matriculación e os datos persoais do seu propietario.= 2.- Que se procure para todas aquelas embarcacións que se atopen na situación "NON NORMALIZADA" toda a información e axuda posible para poder solucionala.= 3.- Que se negocie, coa autoridade e administración competente, por parte dos órganos de governo do concello, unha axilización ou "status" especial -dadas as características específicas que derivaron na situación actual- para tramitar debida e rápidamente a normalización de tódalas embarcacións."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: o plantexamento da Moción ven dado pola proliferación de embarcacións procedentes de desguaces dos barcos, o que orixina unha situación "rara" ós propietarios das mesmas para legalizalas, o que é moi difícil nos últimos tempos por terse endurecido a postura oficial; trátase de negociar coas autoridades oficiais para axilizar e aplicalas normas.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que a competencia para os trámites de legalizar embarcacións non é municipal, por iso entende que o sentido da Moción é dar información a estes cidadáns e que sexan os órganos competentes os que resolvan; o Grupo de Gobierno entende que é necesario regulariza-la situación e da-las máximas facilidades para iso.

- O Sr. Pita Varela: a Moción do B.N.G. plantexa tres puntos; dous claros e un non; está de acordo cos dous primeiros, non co terceiro dado que as normas son de obrigado cumprimento, non podéndose pedir un "status" dado que sae do ámbito municipal, non obstante a axuda debe ser total ós interesados debendo aplicarse flexibilidades.

- O Sr. Otero Martínez: aclara que non se trata de face-lo traballo de outras administracións, só recoller datos e incluso o que move esta Moción é a situación de ilegalidade dado que a xente non sabe que facer, tratándose, pois, de que legalicen os que poidan facelo e evitar riscos innecesarios ás persoas; o punto 3 da Moción non pide nada que non sexa posible.

- O Sr. Alcalde-Presidente: entende que as posturas dos Grupos están claras; non se poden asumir competencias que non lle corresponden ós concellos, entende que a Moción do B.N.G. se presenta no sentido de informar axeitadamente ós veciños dos trámites a realizar para legalizar embarcacións; sendo así asumirana.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

900.- APROBACION DO RESUMO NUMERICO DA RECTIFICACION DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 1994.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 16/05/1994



Páxina: 7

078

Dase conta ó Pleno do resumo numérico da rectificación do Padron Municipal de Habitantes a un de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

Di así: "RESUMO NUMERICO XERAL MUNICIPAL.= VARIACIONES NO NUMERO DE HABITANTES.= Poboación de dereito a 01/01/1993: Total 12.103, varóns 5.737, mulleres 6.366.= Altas desde 01/01/1993 a 01/01/1994: Total 534, varóns 257, mulleres 277.= Baixas desde 01/01/1993 a 01/01/1994: Total 315, varóns 158, mulleres 157.= Poboación de dereito a 01/01/1994: Total 12.322, varóns 5.836, mulleres 6.486."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

### 1000.- DESIGNACION DE MEMBROS DE MESAS EN ELECCIONS O PARLAMENTO EUROPEO.

Dase conta ó Pleno da proposta que formula a Comisión Especial de Eleccións Locais para a formación das Mesas Electorais co obxecto de dar cumprimento ó artigo 26 das Normas Electorais vixentes, con motivo das Eleccións ó Parlamento Europeo 1994.

Cumpridas as formalidades legais establecidas, o Concello, por unanimidade, acorda: "10.- Forma-las Mesas Electorais coas persoas indicadas na relación adxunta e para os cargos que constan na mesma; comenza a relación por Sección 1, Mesa Unica, titulares: Presidente: Edmundo Ramón Roel Fraga; remata por Sección 11, Mesa Unica, titulares: Presidente: M. Esther Rivas Pardo. Total: dezaseis Seccións.= 29.- Do acordo adoptado darase traslado íntegro á Xunta Electoral de Zona, ós efectos oportunos."

### 1100.- PREGO DE CONDICIONS QUE REXIRA A CONCESION DE DEREITOS FUNERARIOS NOVOS CORRESPONDENTES A SEPULTURAS TERREAS NO CEMITERIO MUNICIPAL.

Polo Sr. Secretario dase conta ó Pleno do Prego de condicións que rexirá a concesión de dereitos funerarios novos correspondentes a sepulturas terreas no Cemiterio Municipal.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: solicita coñecer -de forma breve- o motivo ou causa que da orixe ó Prego de Condicións.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que ven dado porque desde fai bastante tempo están chegando ó Concello peticóns de cidadáns solicitando sepulturas terreas que están libres e abandonadas no Cemiterio Municipal, para o uso procedente; en definitiva, trátase de reorganizar unha situación e ter un mecanismo que regule o sistema.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 16/05/1994



Página: 8 079

- O Sr. Otero Martínez: o seu Grupo ten unha postura clara: débense buscar terreos no Cemiterio e ser facilitados ós veciños con destino a sepulturas, pero non deben ser adquiridos polos mesmos ata que exista unha necesidade real, polo que votará en sentido negativo.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, catorce (14, os emitidos polo Grupo de Goberno e o Grupo Popular); votos en contra, un (1, o emitido polo Grupo B.N.G.); abstencións, non se formularon.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "19.- Prestar aprobación ó Prego de Condición que rexirá a concesión de dereitos funerarios novos correspondentes a sepulturas terreas no Cemiterio Municipal.= 20.- O devandito Prego de Condicions daráselle o trámite previsto na lexislación en vigor.= 30.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1200.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Secretario Xeral dase lectura á contestación de preguntas formuladas polo Grupo B.N.G. na sesión ordinaria celebrada o día sete de marzo de 1994: "CONTESTACION AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO B.N.G. NA SESION ORDINARIA CELEBRADA O DIA SETE DE MARZO DE 1994.= A 1ª: En relación coa cuestión plantexada: situación tributaria do tramo de Autopista do Atlántico que atravesa este Municipio, os Servicios Económicos tratarán a súa posible aplicación.= A 3ª: Existe unha normativa aprobada; está a disposición dos Sres. Concelleiros que a interesen na Sección correspondente.= A 5ª: Dentro das xestións da Alcaldía, figura realiza-la mesma, estando á espera da redacción do oportuno proxecto para levala a cabo."

Fan uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Alcalde-Presidente: comunica ós Grupos Políticos que, Pola Secretaría Xeral, se emitiu informe en relación co rogo formulado por D. Andrés Otero Martínez, Concelleiro do Grupo B.N.G., na sesión celebrada o pasado dia trinta e un de xaneiro de 1994, acerca de se é compatible a profesión de taxista coa de funcionario do I.N.S.S., e a tal fin considera necesario trata-lo asunto nunha reunión posterior.

Os representantes dos Grupos políticos, mostran a súa conformidade co manifestado polo Sr. Alcalde-Presidente; o Secretario Xeral subministrálles copia do informe.

- O Sr. Pita Varela formula os seguintes rogos: "10.- Que desde o Concello se procure que as obras do Paseo da Tolerancia cumpran a Lei, dado que é preceptivo o informe da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia por ter protección especial a Ponte Vella dado o seu carácter de monumento histórico-artístico.= 20.- Que as obras de rehabilitación do Hospital de San Antonio tampouco se remitiron para informe.= 30.- En canto ás obras que se van realizar no solar correspondente ó antigo "chalet" das Cascas,





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 16/05/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 9 080

téñanse en conta os aspectos derivados da conflictividade da curva e a rúa posterior.= 40.- A Asociación "Alfoli" solicitou un local; se é posible concederlle un como a outras Asociacións de Veciños, dentro das disponibilidades existentes.

- O Sr. Alcalde-Presidente contesta ós rogos formulados polo Grupo Popular: "10.- Con referencia ás obras do Paseo da Tolerancia, aclara que o Concello cumplirá estritamente a lexislación vixente; o que non se pode facer é paralizar unha obra declarada de interese social se existe conflicto entre administracións (Estado, Xunta de Galicia), cando existen cauces adecuados para solucionálos problemas; en todo momento a Alcaldía deu instruccións no sentido de que as obras non afectasen ó conxunto histórico da Ponte Vella.= 20.- Respecto ás obras do Hospital de San Antonio, é unha obra de adxudicación estatal, descoñecéndose por tanto se cumpriron os trámites, é de supoñer que así o fixeron.= 30.- En canto a dotar á Asociación de Veciños "Alfoli" dun local para as súas actividades, estudiarase a cuestión, en principio non existe inconveniente algúns, non obstante, as diferencias existentes entre Asociacións de Veciños teñen que arranxalas entre elas.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a levanta-la sesión, sendo as vinteunha horas e cincuenta e cinco minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,



F.J. José Cortés Carro





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 22/07/94

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 19

08

## ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTEDOUS DE XULLO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Bardús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

#### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do día vintedous de xullo de mil novecentos noventa e catro. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- redúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación ás actas correspondentes ás sesións celebradas os días vinte e oito de abril e dezaseis de maio de 1994.

### 200.- DAR CONTA DE DIVERSOS ESCRITOS E COMUNICACIONS.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 2

082

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Delegado de Emigración, informa ó Pleno que entre os días 11 ó 15 de xullo desenrolouse na Aula Municipal de Cultura o programa de actos previstos no Curso Internacional "Los Caminos de la Emigración".

As 21,04 horas incorpóranse á sesión as(os) Sras.(es) Lauda Brandariz, Pita Varela, Basteiro Fernández e Vardús Vía.

202.- Escola Taller "El Pasatiempo", comunican a decisión do Consello Escolar do Centro de presentar denuncia xudicial en relación cunha noticia de prensa insertada no periódico "Betanzos y su Comarca", posto que carece de fundamento, danando a boa imaxe e prestixio da Escola Taller.

### 300.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE SITUACIÓN EDUCACIÓN EN BETANZOS E MEDIDAS URXENTES PARA O INICIO DO CURSO 94/95.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía sobre situación educación en Betanzos e medidas urxentes para o inicio do curso 94/95.

As 21,08 horas incorpórase á sesión a Sra. Sánchez Vázquez.

Propón a Alcaldía-Presidencia se adopten os seguintes acordos: "1) Dotación de prazas suficientes para a matrícula de todo o alumnado pertencente a BUP e Formación Profesional. Supонse que esta cobertura non se realizará, como noutras ocasións, en detrimento da calidade de ensinanza coa eliminación de aulas de laboratorios, ximnasios, etc.= 2) Cobertura das pistas polideportivas do Colexio Público e dotación dun ximnasio cuberto no referido centro, demandado en diversas ocasións a través do Concello, prometido por representacións da Xunta a membros do Consello Escolar do centro e reiteradamente incumprido, co que unha materia fundamental nos plans de ensinanza como a Educación Física, non pode impartirse.= 3) Formación dunha Comisión educativa que estudie os problemas específicos de Betanzos e programe a súa solución dun xeito atinado. Na referida Comisión integrarianse xunto con representantes da Comunidade Autónoma e do Concello, dos distintos centros de ensino localizados no municipio, o que permitiría un abordamento integral do problema."

As 21,11 horas incorpórase á sesión o Sr. Martínez Guerra.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez, explica a posición do seu Grupo: están a favor das posibles medidas e que non vaian en detrimento das aulas; o punto dous da Moción apóiano; en canto





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 3

083

ó punto tres, esa proposta foi aprobada xa nun Pleno anterior; en resumo, non están en contra de ningún dos puntos da Moción, pero hai aspectos que son facultade de distintos Concellos no relacionado co Colexio de EXB (mantemento, etc.) por iso no punto tres debe ir máis aló dado que hai nenos doutros Concellos escolarizados neste e integrar na Comisión representantes de Coirós e Paderne.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo apoia os aspectos positivos da Moción, pero unha cousa é apoiala e outra é facelo íntegramente, nesa forma profundizará no tema; 1º) fálase que en FP hai carencia de medics, está de acordo que iso afecta ás instalacións deportivas, a outras non; no momento actual existe un convenio coa Secretaría Xeral de Deportes da Xunta donde dito Centro ten carácter prioritario; 2º) non concibe a crítica relacionada con falta de persoal no Instituto de Bacharelato cando hai un Centro de EXB cun só Consegredo, reivindica máis persoal para dito Centro; 3º) o Conservatorio de Música non pertence á Xunta de Galicia; 4º) a Xunta de Galicia apoia a ensinanza privada; 5º) en canto ás pistas polideportivas está de acordo, non obstante cando se fagan Comisións que funcionen e nelas haixa toda clase de representacións e as súas conclusións se eleven.

- Continúa o Sr. Pita Varela, resumindo: que o seu Grupo está de acordo co fondo, pero non coa forma, pese a iso apoiarán a Moción.

- O Sr. Vázquez Míguez: fai constar ó Grupo BNG que se presta unha axeitada atención por parte do Concello ó Grupo de EXG; todas aquelas reparacións que correspondía realizar ó Concello fixéronse puntualmente, en canto ó manifestado polo Grupo Popular parece que os Centros de Ensino son unha maravilla e él como representante nos Consellos Escolares está ó día dos problemas dos mesmos e nesa liña o Concello ten que amaña-los problemas que as empresas que contrata a Xunta non solucionan.

- Continúa o Sr. Vázquez Míguez: existen listas de espera en FP, no Instituto de Bacharelato estanse a dar clases de Educación Física en aulas, non existen instalacións deportivas, non hai persoal, douce Concellos que teñen escolares en Betanzos non abonan cantidade algúnhha por mantemento, etc., etc., nese sentido plantéxase a Moción.

- O Sr. Otero Martínez: que manifestou algo máis sobre as necesidades dos Grupos de EXB; os Centros están atendidos pero pouco, son terceiromundistas: non teñen ximnasio, se algén necesita atención é o Centro de EXB, cando dixo o anterior, é no sentido de que nombran representantes os demais Concellos e que cada un asuma as súas responsabilidades dunha vez, existendo unha falta de planificación na Consellería de Educación, por iso as medidas deben ser rápidas.

- O Sr. Pita Varela: fai constar que coñece perfectamente a ensinanza e os seus problemas, por iso se habilitan aulas nun comedor é por culpa do Goberno Municipal ó pechar aulas de párvulos en San Francisco, matizando que, no referente ós Concellos de Betanzos e Coirós, Betanzos ten unha asignación





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94

Páxina: 14

084

maior que os outros, pese a iso non se opón ás reivindicacións, as cousas claras.

- O Sr. Vázquez Míguez: non se refire a que o Voceiro do Grupo Popular descoñeca a materia do ensino, constalle todo o contrario, senón os problemas dos Centros, entre eles, que é posible que por primeira vez queden sen ser admitidos alumnos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: é evidente a coincidencia entre os Grupos, non obstante as solucións teñen que ser rápidas, dado que o único que vale nesta cuestión son os documentos que os Directores dos Centros elevaron ó Concello e que tódolos Sres. Concelleiros coñecen; en base a eles é posible que en setembro varios alumnos se queden sen praza, según as previsións sobre 300/400 alumnos, sempre que se manteña a demanda.

- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: en canto ó Colexio de EXB duda que exista un Concello donde se lle preste a máxima atención que presta o Concello de Betanzos, en canto ó Personal non se lle pode dotar de máis, posto que é un só Colexio de EXB, o de Betanzos, non permitíndose aumentos de plantilla; sabese que Betanzos está cargado de gastos e, digase o que se diga, non van invertir nel nin un peso. Podería dotarse dun novo Conserxe ó Colexio Público se se dividise pero, pese a que a Xunta manifestou en varias ocasións a intención de dividilo, este trámite non se cumpliu e o Ministerio das Administracións Públicas non admite creación de novos postos de traballo sen novos Centros, podería aumentarse se se descentraliza o Colexio.

- Segue o Sr. Alcalde-Presidente: é evidente que nun comedor non deberían existir aulas, pero o Grupo Popular non quere establecer Comisións con representantes da Xunta e non permitirá que esto siga así; é indispensable que o Colexio de EXB teña un ximnasio, máxime cando nel estudian 1500 nenos, por iso se fixeron xestións co Presidente da Xunta de Galicia e espérase que dean unha solución axeitada e que cada Concello asuma as súas competencias; en canto ó Conservatorio da Música, correspóndelle á Xunta e está a mantelo o Concello de Betanzos.

- Remata o Sr. Alcalde-Presidente: que entende este punto da Orde do Día dabondo debatido e, en consecuencia, someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

### 400.- PRESTAR APROBACION PROVISIONAL A MODIFICACION DE NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMIENTO URBANISTICO.

Polo Sr. Secretario dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación provisional á modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Excmo. Concello de Betanzos. Está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais.

A Comisión de Programación emitiu dictame favorable, facendo consta-los Grupos Popular e B.N.G. que o seu dictame





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94

Páxina: 5

085

eo no mesmo sentido que o emitido na aprobación inicial do expediente.

Sometido o asunto a votación, por maioria legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó expediente de modificación de Normas Subsidiarias do Excmo. Concello de Betanzos.= Segundo.- O citado expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Faise constar que os Grupos Políticos emitiron o seu voto no mesmo sentido que a aprobación inicial do expediente incoado para prestar aprobación inicial á modificación das Normas Subsidiarias do Concello de Betanzos, isto é:

a) Modificacións puntuais de Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Betanzos, números 1, 3, 4, 5, 6, 8, 10 e 9.

Sometidas as anteriores a votación, apróbanse por unanimidade dos asistentes, facendo constar que á nove préstaselle aprobación co condicionante incorporado no dictame emitido pola Comisión de Programación con relación a este punto da Orde do Día. A Comisión de Programación emitiu o seu dictame como segue: "As modificacións das Normas números: 1, 3, 4, 5, 6, 8 e 10, infórmanse favorablemente por unanimidade de todos os Grupos Políticos.= A modificación número 9: infórmase favorablemente por unanimidade de todos os Grupos Políticos, condicionada a que por parte interesada se incorpore ó expediente incoado documento acreditativo do dereito da propiedade dos terreos afectados pola modificación da Norma.= A modificación número 2 infórmase favorablemente, coa abstención do Grupo Popular e o voto en contra do Grupo B.N.G.= A modificación número 7 infórmase favorablemente, con abstención dos Grupos Popular e B.N.G."

b) Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Betanzos, número 2:

Sometida a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, catorce (14, os emitidos polo Grupo de Goberno -10, dez- e o Grupo Popular -4, catro-; votos en contra, un (1, corresponde ó Grupo B.N.G); abstencións, non se formularon.

c) Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Betanzos, número 7:

Sometida a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formularon; abstencións, seis (6, corresponden cinco -5- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo B.N.G.)

Faise constar que na votación correspondente á modificación da Norma número dous auséntase da sala o Sr. Basteiro Fernández (Grupo Popular), alega ter interese directo no asunto.

Igualmente que na votación correspondente á modificación da Norma número sete auséntase da sala o Sr. Carro Galeiras (Grupo de Goberno), alega ter interese directo no asunto.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94

Páxina: 6

086

### 500.- MOCION DA ALCALDIA-PRESIDENCIA SOBRE CONVENIO ESTABLECIDO COA XUNTA DE GALICIA RELATIVO O PLAN DE FORMACION OCUPACIONAL.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía sobre convenio establecido coa Xunta de Galicia relativo ó Plan de Formación Ocupacional, propón se adopten os seguintes acordos: "1) Manifestar á Consellería de Familia o rexeitamento corporativo pola inxustificada decisión unilateral de rescindir un convenio que estaba establecido a 3 anos, o que vai orixinar que o Plan de Emprego desexado e apoiado por toda a Corporación non cumpra tódolos obxectivos previstos.= 2) Iniciar tódalas tramitacións administrativas e legais que sexan precisas para tratar de corrixir esta inexplicable determinación que vai impedir que 45 xoves, nas especialidades de carpintería, cultivo baixo abrigo e biblioteca, realicen os cursos de formación que estaban programados.= 3) Facultar ó Alcalde ou Concelleiro en quen delegue para cumplir tódolos trámites precisos para o completo desenrollo dos puntos expostos."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

### 600.- PRESTAR APROBACION DEFINITIVA A ESTUDIO DE DETALLE PARA ADAPTACION DE ALINEACIONS E ORDENACION DE VOLUMES, SITUACION PRAZA DOS ANXELES-CRUZ VERDE E U.A.-6. BETANZOS.

Polo Sr. Secretario dase conta ó Pleno do expediente incoado para a aprobación definitiva do Estudio de Detalle para adaptación de alineacions e ordenación de volumes na situación da Praza dos Anxeles, Rúa Cruz Verde e Unidade de Actuación número Seis. Está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación -unanimidade-.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ó Estudio de Detalle para adaptación de alineacions e ordenación de volumes na situación da Praza dos Anxeles, Rúa Cruz Verde e Unidade de Actuación número Seis.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor, remitíndose copia á Comisión Provincial de Urbanismo ós efectos oportunos na orde legal.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 700.- PRESTAR APROBACION O PROXECTO DE ADAPTACION DE ESTUDIO DE DETALLE E PROXECTO DE URBANIZACION DA UNIDADE DE ACTUACION





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 22/07/94

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 7

087

NUMERO CATRO DAS ESCOLAS E ASILO IRMANS GARCIA NAVEIRA DE BETANZOS.

Polo Sr. Secretario dase conta ó Pleno do expediente incoado para a aprobación provisional ó proxecto de adaptación do estudio de detalle e proxecto de urbanización da Unidade de Actuación número Catro das Escolas e Asilo Irmáns García Naveira de Betanzos.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: roga unha explicación sobre o Estudio de Detalle dado que non coñece as causas do retraso nas obras de urbanización da U.A.-4.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que no expediente consta toda a documentación necesaria, a explicación en Memoria e o Presupuesto para remata-las obras de urbanización dado que houbo incumprimento por parte de promotores.

As 21,55 horas incorpórarse á sesión a Sra. Faraldo Botana.

- O Sr. Alcalde-Presidente: en canto á urbanización tampouco se vai finalizar no momento actual dado que hai solares que por diversas causas que a todos constan (familiares, dificultades empresariais, técnicas, etc.) impiden o remate final, o que se fai é remata-la urbanización de posible execución técnica.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formularon; abstencións, sete (7, corresponden seis -6- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo B.N.G.).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó proxecto de adaptación do Estudio de Detalle e proxecto de urbanización da Unidade de Actuación número Catro das Escolas e Asilo Irmáns García Naveira de Betanzos.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

BOO.- PRESTAR APROBACION PROVISIONAL O PLAN PARCIAL DE ORDENACION DO POLIGONO INDUSTRIAL DE PIADELA.

Polo Sr. Secretario dase conta ó Pleno do expediente incoado para a aprobación provisional do Plan Parcial de Ordenación do Polígono Industrial de Piadela. Está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais, así como as alegacións presentadas por interesados durante o periodo de exposición ó público do expediente, no sentido que consta nos informes incorporados ó expediente incoado.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación -unanimidade-.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 8

088

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó Plan Parcial de Ordenación do Polígono Industrial de Piadela, resolvendo as alegacións presentadas por interesados durante o periodo de exposición pública no mesmo sentido que o informe emitido polos Servicios Técnicos Locais.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 900.- PRESTAR APROBACION A REFORMA DE PROXECTO DE REMODELACION DA PISTA DO PABELLON POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para a aprobación da reforma do proxecto de remodelación da pista do Pabellón Polideportivo Municipal.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación -unanimidade-.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, facultando ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

### 1000.- PETICION DA CURIA PROVINCIAL DOS PAIS FRANCISCANOS E ADOPCION DE ACORDO CORRESPONDENTE.

Dase conta ó Pleno da Corporación da petición da Curia Provincial dos Pais Franciscanos e adopción de acordo correspondente.

Di así a petición: "Unha das xoias do patrimonio artístico de Betanzos é sin duda a igrexa conventual de San Francisco, unha obra mestra do chamado gótico mendicante, templo heráldico e funerario dos máis importantes de España, e monumento nacional.= Esta xoia da arquitectura sofre importantes deterioros na teiture, o que leva consigo que filtracións de auga e humidade afecten de xeito particular ó ábside da igrexa, ó cruceiro e á fachada sur. Tamén requere atención unha grieta nunha nave lateral, na capela da Inmaculada, e é preciso restaura-las vidrieiras do ábside.= Por todo iso, diríxome a Vostede, para que interese á Excmo. Corporación que Vostede preside e demás organismos oficiais con competencias en materia de patrimonio histórico-artístico, a fin de obter deles as necesarias aportacións para a financiación das obras.= Teño a certeza de que a Excmo. Corporación brigantina fará súas as preocupacións da Orde Franciscana por este monumento que pertence, de xeito inseparable, á historia da Orde e á historia de Betanzos.= Coa esperanza de que entre todos podamos contribuir á defensa do





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 9

089

patrimonio espiritual, artístico e cultural do pobo de Betanzos, saúdalo cordialmente."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación -unanimidade-.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Alcalde-Presidente: o obxecto da petición é tratar de logra-la rehabilitación dun significado monumento nacional tal e como consta nos informes incorporados ó expediente e con ese fin solicitarase á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta que se adopten as medidas precisas para evita-lo seu deterioro.

- O Sr. Pita Varela: está de acordo, pero que non se pode esquecer que existen outros organismos, concretamente o Ministerio de Cultura, que está levando a cabo actuacións en diversos Concellos.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): é evidente que o Grupo Popular coincide co Grupo de Goberno no expediente, por iso entende que debe solicitarse a rehabilitación a toda clase de Institucións.

- O Sr. Otero Martínez: que o verdadeiramente importante é solicita-las axudas para rehabilita-lo Convento de San Francisco sexa ó Organismo que sexa.

- O Sr. Alcalde-Presidente: coincide cos posicións dos Grupos Políticos e nese sentido realizarase a petición a outros Organismos, tendo en conta que a responsabilidade compételle á Comunidade Autónoma.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Solicitar da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia así como dos Organismos correspondentes a rehabilitación do Convento de San Francisco -significado monumento nacional-, dados os importantes deterioros que presenta.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1100.- PETICION DE AXUDAS PARA A ERRADICACION DO CHABOLISMO.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para petición de axudas para a erradicación do chabolismo.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: que da por sentado a existencia de chabolas dado que a Moción parte da súa mellora; segun consta no informe técnico o número existente despois da rehabilitación sería prácticamente igual, por iso é posible que o custo da rehabilitación seria prácticamente o mesmo que o dunha vivenda nova. Nesa liña considera conveniente a construccion de novas vivendas eliminándose dous problemas: a) o da integración dos seus moradores, b) mellora-las vivendas





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 10

090

polo mesmo custo; non está en contra pero si coa súa ubicación no sitio donde están instaladas, por iso non apoiará a Moción.

- O Sr. Pita Varela: quere facer constar que fai prácticamente un ano que o seu Grupo presentou unha Moción análoga, creouse unha Comisión que non se reuniu nunca e agora preséntase sen terse sometido á Comisión Especial, solicita que o asunto quede sobre a Mesa e se someta á Comisión como alternativa.

- Continúa o Sr. Pita Varela: independente do anterior, a posición do seu Grupo é: 1º) non aceptan vivendas no Grupo Martín Ballesteros, no seu momento cumpliron a súa misión, hoxe non a cumpren; 2º) a solución proposta é provisional e considéranlo un desprecio marxinando unha zona que non reune condicións de ningunha clase, preocupándolle a integración social das familias que alí habitan, para o que existen moitas alternativas.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): agradece a intervención dos Grupos, rogándolle ó Partido Popular que entregue as súas aportacións na Comisión para así enriquecerala e lograr un obxectivo común e fai constar o seguinte: 1º) que coñece perfectamente o tanto por cento de reserva de vivendas sociaies que consta na última Orde da Xunta de Galicia, pero as vivendas sociais de Betanzos tiveron unha baremación distinta para cada un dos grupos de vivendas; 2º) que ese mesmo tanto por cento tamén o ten a Xunta e ainda ninguén sabe que sucedeu con él e a realidade é algo que non se pode obviar; 3º) solicita que ese asunto se debata nunha Comisión, para iso propón que quede sobre a Mesa.

- O Sr. Otero Martínez: se o asunto queda sobre a Mesa lóxicamente rectificará a súa proposta de voto.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que recolle as palabras específicas do Grupo Popular e para iso espera que presenten alternativas, pero debe quedar claro que deben manter conversacións cos veciños de Betanzos donde se integrarán e, o mesmo tempo, coñecer se se queren integrar, dada a experiencia negativa neste último sentido que se intentou fai pouco tempo.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade, adóptase acordo de que este asunto quede sobre a Mesa para ser sometido á consideración da Comisión Especial de erradicación do chabolismo, que reunirá para tal efecto o próximo día dous de agosto de 1994, ás 20,30 horas, á que quedan auto-convocados os Sres. compoñentes da devandita Comisión.

### 1200.- PRESTAR APROBACION O DESLINDE ENTRE OS TERMOS MUNICIPAIS DE BETANZOS E BERGONDO.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación o deslinde entre os termos municipais de Betanzos e Bergondo.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.





Pleno: 22/07/94



Páxina: 11 091

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó expediente de deslinde entre os termos municipais de Betanzos e Bergondo.= Segundo.- O expediente daráselle o trámite previsto na legislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

1300.- RATIFICACION DE RESOLUCION DA ALCALDIA ACERCA DOS PROXECTOS DE OBRAS A REALIZAR EN CONVENIO DE COLABORACION CO I.N.E.M.

Dase conta ó Pleno de Resolución da Alcaldía acerca dos proxectos de obras a realizar en convenio de colaboración co INEM.

Di así: "RESOLUCION:= 1.- Prestar aprobación ós proxectos e memorias de obras realizados polos Servicios Técnicos Locais que a continuación de mencionan, co obxecto de solicitude de subvención a realizar ó INEM.= A.- 2ª Fase rede de saneamento e rede de auga potable Angustia-Castro.= B.- Rede de auga potable Piadela-Viladesuso.= C.- 1ª Fase centros sociais Angustias, Infesta e Guiliade.= D.- Instalación de mobiliario urbano (xardineiras, bancos, xogos infantís, etc.).= E.- Recuperación de zonas degradadas.= 2.- Da presente Resolución darse conta ó Pleno da Corporación Municipal para coñecemento e ratificación da mesma."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: que este tipo de proxectos son propostas do Goberno Municipal e correspóndelle ó mesmo a súa execución; cando o seu Grupo teña responsabilidade poderá modifica-lo seu voto.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo non se vai opoñer e votará afirmativamente.

Sometido o asunto a votación, apróbase coa abstención do Grupo B.N.G.

1400.- RATIFICACION DE PROXECTOS DE OBRAS INCLUIDAS NO FONDO DE COOPERACION LOCAL PARA O ANO 1994.

Dase conta ó Pleno dos proxectos de obras incluidas no Fondo de Cooperación Local para o ano 1994, redactados polos Servicios Técnicos Locais.

Son os seguintes: "Abastecemento de auga en zona rural, por importe de 5.877.651,- ptas."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 12 092

- O Sr. Otero Martínez: que este tipo de proxectos son propostas do Goberno Municipal, non obstante, dado que son necesidades básicas, votará en sentido afirmativo.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Ratifica-la inclusión do proxecto denominado: Abastecemento de auga en zona rural, por importe de 5.877.651,- ptas., no Fondo de Cooperación coas Entidades Locais 1994 da Xunta de Galicia.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1500.- PRESTAR APROBACION PROVISIONAL O ESTUDIO DE DETALLE DA UNIDADE DE ACTUACION DO CASCO HISTORICO (RUA VALDONCEL-RUA NOVA) DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación provisional ó Estudio de Detalle da Unidade de Actuación do Casco Histórico (Rúa Valdoncel-Rúa Nova) de Betanzos.

Está informado favorablemente polos Servicios Técnicos Locais, coas puntualizacións que constan no informe, e a Secretaría Xeral, así como pola Comisión de Programación e Planificación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: solicita que antes de que comencen as obras, se pidan as oportunas autorizaciones ós Organismos correspondentes e que non ocurra o que sucedeu no Paseo da Tolerancia dado que non fai xuizos de valor, solicitando responsabilidade con Betanzos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: o Paseo da Tolerancia é unha obra do Estado que, á súa vez, tramita os permisos correspondentes; as obras declaradas de interese social non poden ser paralizadas por un ente Autonómico, sí polo Concello o cal -pese ó manifestado polo Sr. Pita Varela- non as vai paralizar se pueden subsanarse aparentes formalidades de rigor.

- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: nos informes incorporados ó expediente ponse de manifesto que se dará cumprimento ás autorizaciones necesarias.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): aclara que o Casco Histórico está afectado por un PEPOCH, non por un PERI e lembralle ó Sr. Pita Varela unha intervención que tivo no Parlamento Autonómico para que non se executase unha obra en Betanzos.

- O Sr. Pita Varela: en canto ó referido polo Voceiro do Grupo de Goberno, o expediente non tiña partida económica habilitada e que falta aclarar donde están os terreos que se cederon para a construción do Centro de Minusválidos.

- O Sr. Otero Martínez: é evidente que o debatido non ten nada que ver co tema de realizar obras contempladas no PEPOCH, sempre e cando estean de acordo coa normativa, ten dudas sobre





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 13

093

a ubicación dunha porta górica e, en consecuencia, pronunciarse pola abstención.

- O Sr. Alcalde-Presidente: aclara que sobre a titularidade dos terreos cedidos á Xunta de Galicia consta o suficiente no Rexistro da Propiedade para acreditala a favor do Concello de Betanzos e iso non quere recoñecelo o Sr. Pita; entende o asunto suficientemente debatido e someterase a votación.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formularon; abstencións, sete (7, corresponden seis -6- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó Estudio de Detalle da Unidade de Actuación do Casco Histórico (Rúa Valdoncel-Rúa Nova) de Betanzos...= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola legislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Fai uso da palabra o Voceiro do Grupo de Goberno, o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que con motivo do Centenario do nacemento de D. José Veiga Roel elevará proposta ó Pleno relacionada con da-lo nome de Alameda J. Veiga Roel a "La Alameda", solicitando a súa declaración de urxencia en base á proximidade da data do homenaxe.

-O Sr. Alcalde-Presidente: considera suficiente o motivo para declarar de urxencia a proposta formulada polo Voceiro do Grupo de Goberno e tendo en conta a destacada personalidade e gran valía artística do Sr. Veiga Roel, propón se someta á consideración do Pleno da Corporación a proposta mencionada.

Sometida a votación apróbase por unanimidade.

### 1600.- PROPOSTA SOBRE DA-LO NOME DE "ALAMEDA J. VEIGA ROEL" A "LA ALAMEDA" DESTA CIDADE CON MOTIVO DO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO.

O Pleno declarase enterado da proposta formulada "in voce" polo Voceiro do Grupo de Goberno relacionada con da-lo nome de Alameda de José Veiga Roel a "La Alameda" desta Cidade, con motivo do centenario do seu nacemento.

Está informada favorablemente pola Comisión Especial de Nomenclator.

Sometida a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Da-lo nome de "Alameda J. Veiga Roel" a "La Alameda" desta Cidade con motivo do centenario do seu nacemento.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1700.- ROGOS E PREGUNTAS.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 14

094

Polo Sr. Secretario Xeral dase conta ó Pleno do informe emitido pola Secretaría Xeral en contestación a pregunta formulada polo Grupo BNG na sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xaneiro de 1994, relacionada coa posible incompatibilidade da profesión de taxista coa de funcionario do INSS.

Fan uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Alcalde-Presidente: propón ó Pleno que antes de adoptar unha decisión sobre a cuestión anterior, se soliciten datos ó organismo correspondente sobre se efectivamente o titular da licencia é funcionario do INSS.

Tódolos Grupos Políticos mostran a súa conformidade.

- O Sr. Beade Dopico: convoca á representación dos Grupos Políticos para manter unha reunión sobre criterios para as Festas Patronais e Os Caneiros co obxecto do seu mellor desenrolo e coordinación.

- O Sr. Otero Martínez: declina amablemente a invitación do Sr. Beade Dopico, dado que na última Comisión concretouse que esta se reuniría coa debida periodicidade para tomar medidas axeitadas e non improvisar a última hora.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo non se opón, pero lamenta esta convocatoria coas Festas tan próximas, iso non quere dicir que o seu representante non colabore e participe.

As 23, 05 horas auséntase da Sala a Sra. Faraldo Botana.

- O Sr. Alcalde-Presidente: dase conta do aspecto positivo do Grupo Popular non coincidindo co Grupo BNG, non obstante respeta a decisión rogándolle a participación ó representante do Grupo BNG.

- O Sr. Otero Martínez: na Comisión manifestouse a conveniencia de tomar posturas serias a tempo e proponer detalles e ideas, o tempo que falta para as Festas non é suficiente para iso e a todos consta que esta non é a postura habitual deste representante do BNG.

Continúa o Sr. Otero Martínez formulando os seguintes rogos:

1º) Que se retiren da Fonte de Unta os vehículos aparcados, co conseguinte perigo para os peatóns e se sinalice axeitadamente.

2º) Solicita coñecer cal é a situación das obras de Saavedra Meneses.

3º) Manifesta a súa preocupación por unha posible lentidume do Goberno Municipal sobre a aparición dunha posible muralla medieval na rúa Fonte de Unta.

4º) Manifesta a súa preocupación pola situación do Río Mandeo e a ría, dada a elevada mortandade de peixes; según informacions, parece ser que unha empresa ocasionala por lavado de sumidoiros; solicita que o Concello se persoa nas actuacions xudiciais que se siguen ó efecto.

O Sr. Alcalde-Presidente contesta ós rogos formulados polo Grupo BNG:

1º) Correxirase a situación pola Delegación correspondente.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 22/07/94



Páxina: 15

095

29) As obras reanudaranse en breve tempo se non o fixeron no momento actual.

30) Sobre a cuestión do torreón, o Concello adoptou as medidas necesarias, como proceder á paralización cautelar das obras.

40) En canto á proposta do BNG, non corresponde ó apartado de Rogos e Preguntas, non obstante podería ser interesante unha Moción para tratar en profundidade o tema.

O Sr. Pita Varela formula os seguintes rogos:

10) Reitera os seus rogos sobre documentos solicitados polo seu Grupo.

20) Solicita coñecer relación afectados por reclamacións ó I.B.I.

30) Solicita coñece-la seguinte información: ¿Cando se creou o Consello Escolar da Escola-Taller? ¿Cando se renovou? ¿Quen o integran? Número de alumnos que causaron baixa e motivos da mesma.

O Sr. Alcalde-Presidente contesta ós rogos formulados polo Grupo Popular:

10) Non lle consta a existencia de documentos pendentes de entregar ó Grupo Popular.

20) A relación consta na empresa que realizou os traballos previos ó I.B.I.

30) Subministraránsele os datos solicitados relacionados coa Escola-Taller.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédere a levanta-la sesión, sendo as vintetres horas e vintecinco minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,

F.José Cortés Carro







# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 28/09/94



Páginas: 1

096

## ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTEOITO DE SETEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Barús Vía.

#### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

#### Non asistiron, con desculpa:

D. Francisco M. Díaz Pereira, Concelleiro do PSdeG-PSOE

D. Andrés Otero Martínez, Concelleiro do B.N.G.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do vinte e oito de setembro de mil novecentos noventa e catro. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Queda pendente de aprobación a acta da sesión celebrada o día vintedous de xullo de 1994, non se subministrrou ós Sres. Concelleiros.





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 28/09/94

Página: 2

097

## 200.- DAR CONTA DE DIVERSOS ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Concello de Paderne, manifesta o total apoio á Comisión Educativa nombrada polo Concello de Betanzos para que se dote de medios necesarios ó Colexio Público de E.X.G., e ós centros de B.U.P. e F.P., e se realicen as xestións necesarias para consegui-lo bo funcionamento dos devanditos Centros Públicos.

## 300.- PROPOSTA DE COMISION ESPECIAL PARA ERRADICACION DO CHABOLISMO EN BETANZOS.

Dase conta ó Pleno da proposta da Comisión Especial para erradicación do chabolismo en Betanzos, di así: "PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A ERRADICACION DO CHABOLISMO.= No concello de Betanzos existe na actualidade un único asentamento de chabolas que cremos é urgente a súa erradicación.= Dito asentamento aparece situado na barriada da Magdalena, cun bloque en forma de "U", tendo nel 10 habitáculos de 36 m<sup>2</sup> cada un. Cabe destacar que as condicións hixiénico-sanitarias non son as más axeitadas.= Cremos importante a necesidade do derrubo e de nova constracción das mesmas, incrementando a superficie como mínimo en 10 m<sup>2</sup> cada vivenda. De acordo con esto e co custo unitario de 60.000,- ptas/m<sup>2</sup>, estariamos en 500 m<sup>2</sup> construídos o que suporía un custo de 30 millóns de pesetas, máis 10 millóns de pesetas de urbanización e outras melloras do entorno.= Por todo iso proponse a adopción do seguinte acordos:= 19.- Prestar aprobación á proposta de erradicación do chabolismo no concello de Betanzos, de acordo coa memoria redactada pola Arquitecto Técnico que se acompaña a esta proposta.= 20.- Facultar ó Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para que leven a efecto o acordo acordado."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- Sra. Faraldo Botana: desde o punto de vista do seu Grupo a proposta formulada polo mesmo é máis importante cá do Grupo de Goberno, dado que está valorada en 55 millóns de pesetas, fixando os técnicos a súa valoración definitiva en 60 millóns de pesetas, por tanto existe unha diferencia de 20 millóns entre unha e a outra, podéndose incluí-la diferencia no 80% que subvencióna a Xunta.

As 20,36 horas incorpóranse á sesión os Sres. Pita Varela e Barús Vía.

- Continúa a Sra. Faraldo Botana: que, non obstante, o seu Grupo estaria disposto a apoia-la proposta se se empezara a disgragación do Grupo Martín Ballesteros, anque permanecesen no mesmo unhas familias, pero, en todo caso, dúas familias





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 28/09/94

Páxina: 3

098

deberían saír de forma inmediata; se a situación se mantén dentro duns ano todo continuará igual e podería dar lugar a un aumento do chabolismo, por tanto, se hai disgregación, apoiarán a proposta, en caso contrario absteranse.

As 20,40 horas auséntase da Sala o Sr. Vázquez Míguez.

A mesma hora incorpórase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): agradece a proposta do Grupo Popular posto que os obxectivos son comúns cos do Grupo de Goberno, pero, unha vez estudiada, encontran problemas derivados desde o punto de vista dos informes técnicos que están incorporados no expediente, por iso manterán a proposta dentro dos obxectivos fixados pola Comisión Especial e dignifica-la zona coa erradicación do chabolismo.

As 20,43 horas incorpórase á sesión o Sr. Vázquez Míguez.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez: que os ocupantes das vivendas néganse á disgregación ó non poder practicar nas novas vivendas a súa actividade habitual, existindo por parte dos propietarios das casas que están á venda unha pequena resistencia á integración dos seus novos ocupantes, por iso manterá a proposta inicial.

As 20,46 horas incorpórase á sesión o Sr. Romay Dopico.

Sometido o asunto a votación, apróbase a proposta que formula a Comisión Especial para erradicación do chabolismo en Betanzos, coa abstención do Grupo Popular.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "1º.- Prestar aprobación á proposta de erradicación do chabolismo no Concello de Betanzos, de acordo coa memoria redactada polos Servicios Técnicos Locais que se acompaña a esta proposta.= 2º.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para levar a efecto o acordo adoptado."

As 20,49 horas auséntase da sala o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio).

### 400.- APROBACION DE REFORMADO DE PROXECTOS INCLUIDOS NO PLAN DE OBRAS E SERVICIOS 1994.

Dase conta ó Pleno dos reformados de Proxectos incluidos no Plan de Obras e Servicios de 1994, redactados polos Servicios Técnicos Locais.

Son os seguintes: "Reformado de proxecto de acondicionamento e pavimentación de rúas en núcleos, por importe de 2.094.581,- ptas.= Reformado de proxecto de acondicionamento e pavimentación de acceso a núcleos rurais de San Esteban de Piadela e Santiago de Requián, por importe de 674.670,- ptas."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, unanimidade.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ós reformados dos Proxectos que se mencionan: "Reformado de proxecto de acondicionamento e pavimentación de rúas en núcleos", por importe de 2.094.581,- ptas.= "Reformado de proxecto de





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 28/09/94



Páxina: 4

099

acondicionamento e pavimentación de acceso a núcleos rurais de San Esteban de Piadela e Santiago de Requián", por importe de 674.670,- ptas.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 500.- APROBACION PROXECTOS DE OBRAS A INCLUIR NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION 1995 DA DEPUTACION PROVINCIAL.

Polo Sr. Secretario dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación ó Plan Provincial de Cooperación 1995 da Deputación Provincial.

As 20,54 horas incorpórarse á sesión o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio).

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación (unanimidade).

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo:

1º) Solicita-la inclusión das obras que se indican a continuación e co presupuesto que se especifica no Plan de Cooperación da Deputación 1995.

NO DE ORDE E DENOMINACION DA OBRA / DEPUTACION / CONCELLO / TOTAL.=

1.- Acond. e pav. de accesos a núcleos rurais parroquias de Piadela e Requián / 3.983.820,- / 3.394.932,- / 7.378.752,-.=

2.- Acond. e pav. de accesos a núcleos rurais de Brabio e Tiobre / 3.001.082,- / 2.557.462,- / 5.558.544,-.=

3.- Edificio multiuso Guiliade (1ª fase) / 1.931.743,- / 1.646.194,- / 3.577.937,-.=

4.- Edificio de servicios múltiples en Infesta (1ª fase) / 2.411.487,- / 2.055.022,- / 4.466.509,-.=

TOTAL DEPUTACION / TOTAL CONCELLO / TOTAL

11.328.132,- / 9.653.610,- / 20.981.742,-.=

2º) Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos das obras que se relacionan no punto anterior.

3º) Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º) Comprometerse o Concello a incluir no presupuesto municipal de 1995 fondos necesarios para fazer fronte á aportación municipal das obras solicitadas.

5º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado na tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### 600.- APROBACION PROXECTOS DE OBRAS A INCLUIR NO PLAN PLURIANUAL DE INVERSIONS 1995/98 DA DEPUTACION PROVINCIAL.

O Sr. Secretario dá conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación ó Plan Pluriannual de Inversións 1995/98 da Deputación Provincial.





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 28/09/94

Página: 5

100

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo:

19) Aproba-lo Plan Plurianual de Inversións Municipais de 1995-1998, no que se recollen as inversiones que o Concello ten previsto realizar durante os próximos catro anos dentro do programa de cooperación económica local, coas seguintes cifras globais:

| ANUALIDADE / ESTADO+DEPUTACION / CONCELLO | /                 | TOTAL              |
|---|-------------------|--------------------|
| 1995 11.254.522                           | 1.749.355         | 13.003.877         |
| 1996 73.367.024                           | 15.532.976        | 88.900.000         |
| 1997 88.925.000                           | 18.075.000        | 107.000.000        |
| 1998 58.250.441                           | 12.049.559        | 70.300.000         |
| <b>TOTAL 231.796.987</b>                  | <b>47.406.890</b> | <b>279.203.877</b> |

20) A anualidade de 1995 está integrada polas seguintes obras e de acordo coa financiación que se indica:

Nº DE ORDE E DENOMINACION DA OBRA / IMPORTE TOTAL / ESTADO+DEPUTACION / F. PROPIOS-B.C.L.=

1.- Acond. e pav. de rúa en núcleos / 3.080.741 / 2.666.302 / 414.439.=

2.- 1ª fase saneamento do núcleo de Betanzos o Vello / 3.757.564 / 3.252.075 / 505.489.=

3.- Saneamento núcleo de o Farragoto / 3.017.598 / 2.611.654 / 405.944.=

4.- 1ª fase saneamento do núcleo da Graña / 3.147.974 / 2.724.491 / 423.483.=

TOTAL IMPORTES /TOTAL ESTADO+DEPUTACION /TOTAL F. PROPIOS-BCI  
13.003.877 /11.254.522 /1.749.355

As anualidades correspondentes a 1996-1998 teñen carácter deslizante polo que poderán ser modificadas nos sucesivos plans plurianuais.

39.- Aproba-los proxectos das obras incluidas na anualidade de 1995 e que se relacionan no punto anterior.

40.- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

59.- Comprometerse o Concello a incluir no presupuesto municipal de 1995 fondos necesarios para fazer fronte á aportación municipal das obras incluidas na anualidade de 1995.

60.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

700.- APROBACION DAS BASES QUE REXIRAN CONCURSO PARA SINALIZACION DO CASCO URBANO.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación ás bases que rexirán concurso para sinalización do casco urbano.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 28/09/94



Página: 6

101

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación (unanimidade).

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ás bases que rexirán concurso para sinalización do casco urbano de Betanzos, ó devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Tenente de Alcalde en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

### 800.- PROPOSTA PARA SINALAR DIAS DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 1995.

Dase conta ó Pleno de comunicación da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, pola que solicita proposta do Concello de Betanzos no sentido de determinar dous días de festas locais neste Concello para incluir no calendario provincial de festas laborables para 1995.

A Comisión de Programación, por unanimidade, formula proposta de sinala-los días "martes de carnaval" e "16 de agosto" como festas locais para 1995.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Sinalar como días de festas locais para o ano 1995 os seguintes: "martes de carnaval" e "16 de agosto".= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Tenente de Alcalde en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 900.- MOCION DA ALCALDIA SOBRE ADECUACION DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO LOCAL A LEI 30/92.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía sobre adecuación do procedemento administrativo local á Lei 30/92.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo realizou as oportunas comprobacións e por tanto votarán afirmativamente a Moción da Alcaldía, obxecto deste punto da orde do día.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- En canto ás normas de concesión de licencias de edificación entender que sigue vixente o artigo 9º do Regulamento de Servicios, entendendo derogado o trámite de "denuncia da mora" e a subseiguiente subrogación da Comisión Provincial de Urbanismo. Os prazos de tramitación serán de 3 meses, agás licencias de obra menor que será de 1 mes. De ningún xeito poderán adquirirse por silencio administrativo licencias de edificación/apertura que sexan contrarias á lexislación ou planeamento urbanístico. Tamén é posible dictar resolución expresa durante o prazo de 20 días seguintes á





Pleno: 28/09/94

Páxina: 7

102

petición da certificación de acto presunto que regula o artigo 44 da Lei.= Segundo.- O artigo 44 da nova Lei de Procedemento Administrativo debe interpretarse da forma seguinte: a) A petición de certificación de acto presunto debe notificarse fehacientemente ó Presidente da Corporación. b) O Alcalde dictará resolución na que se concrete o contido da certificación. c) O secretario, de orde e visto bo do Alcalde, expedirá a certificación.= Terceiro.- Dado que desaparece o recurso de reposición, créase o trámite de audiencia ós interesados, por espacio de trinta días hábiles, para que formulen as alegacions que estimen pertinentes ó seu dereito, nos casos de resolución denegatoria e como trámite previo á adopción do acordo ou resolución definitiva.= Cuarto.- As presentes normas de procedemento daráselle-la publicidade debida, en aras do respeto á seguridade xurídica e ós dereitos dos cidadáns que establece o artigo 9.3 da Constitución.= Quinto.- Facultar ó Sr. Alcalde ou Tenente de Alcalde en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

#### 1000.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Secretario Xeral dá conta ó Pleno de contestación á pregunta formulada polo Grupo Popular na sesión ordinaria celebrada o día vintedous de xullo de 1994, relacionada con diversos extremos acerca da Escola Taller do Concello de Betanzos.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela, formula os seguintes rogos:  
19) Relacionado co antigo Hospital de San Antonio, plantexa dous cuestiós: a) en canto á orde estética externa, que se solicite a modificación da segunda planta en canto ás columnas e a cristaleira; b) que se proceda á eliminación de parte da escalinata de acceso exterior, dado que a considera innecesaria.

20) Relacionado co abastecemento de auga potable ó medio rural, as contías dos enganches parece que varian; solicita, por tanto, un criterio unificado en tódolos núcleos de poboación afectados.

- O Sr. Alcalde-Presidente, contesta ós rogos formulados polo Grupo Popular:

19) Parécelle ben a proposta do Sr. Pita Varela, en canto á estética do antigo Hospital de San Antonio; non obstante, a Alcaldía xa o fixo no seu día e non cré teña o debido éxito na orde a tratar de ennobrece-lo edificio como se merece.  
20) En canto ós enganches de auga potable ó medio rural, as contías dos mesmos son uniformes, salvo a posible existencia de algúun caso con circunstancias específicas.

- Segue o Sr. Alcalde-Presidente: que o vindeiro venres, día trinta de setembro, terá lugar a presentación do Anuario 1995, acto ó que están convidados os Sres. Concelleiros,





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 28/09/94



Página: 8

103

Q

solicitando ó mesmo tempo dos Grupos Políticos aportacións e suxerencias con respecto ó presuposto e ás ordenanzas, dado que próximamente se procederá á súa tramitación.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédere a levanta-la sesión, sendo as vinteunha horas e vintecinco minutos, da que se extende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,



le, 3

O SECRETARIO XERAL,



Fl. José Cortés Carro

José Cortés Carro



本館は、貴重な書籍、古文書、図書、文書等の収集、保存、研究、利用のため、國立国会図書館の所蔵するもの  
を主とし、その他の公的機関、団体、個人の所蔵するもの、また、歴史的・文化的・学術的価値のあるもの  
を収集する。本館は、貴重な書籍、古文書、図書、文書等の収集、保存、研究、利用のため、國立国会図書館の所蔵するもの

を主とし、その他の公的機関、団体、個人の所蔵するもの、また、歴史的・文化的・学術的価値のあるもの  
を収集する。本館は、貴重な書籍、古文書、図書、文書等の収集、保存、研究、利用のため、國立国会図書館の所蔵するもの

を主とし、その他の公的機関、団体、個人の所蔵するもの、また、歴史的・文化的・学術的価値のあるもの





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 1

104

ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA ONCE DE NOVEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Barús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:


D. José A. García Bello.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día once de novembro de mil novecentos noventa e catro. Baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- redíñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación ás actas das sesións celebradas o vintedous de xullo e o vintenito de setembro de 1994.

### 200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONS.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 2

105

Seguidamente, dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Delegación Provincial da Consellería de Industria da Xunta de Galicia, comunica que a solicitude de subvención destinada a "subvencions para investimentos con destino a promoción de mercados detallistas, zonas peónis-comerciais e outros equipamentos comerciais de carácter social" non pudo ser atendida por limitacions presupostarias.

202.- Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, remite resolución en relación co proxecto básico reformado de edificación de locais comerciais e vivendas, na rúa Fonte de Unta, 1-3 de Betanzos, promovido por D. Baldomero Lence Lobeiras. Di así a parte resolutiva: "Autoriza-lo proxecto básico promovido por D. Baldomero Lence Lobeiras, tendo en conta as seguintes condicions:= - A estructura da nova edificación non poderá apoiarse no cubo da muralla.= - Consolidarase o cubo ós efectos da súa conservación e de evita-lo derrube.= - Que na dirección de obra se tomen as medidas oportunas para deixar á vista a esquina esquerda do cubo no patio así como na planta baixa comercial."

### 300.- APROBACION PROVISIONAL EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE ORDENANZAS FISCAIS.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación provisional ás Ordenanzas fiscais que rexirán para o vindeiro exercicio económico de 1995.


Está informado favorablemente pola Comisión de Programación e Intervención de Fondos.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: despois dun estudio da modificación de Ordenanzas, podería expoñer algunas propostas, pero dado o carácter xeral do aumento que se propón, esta situación podería supoñer un aumento na discriminación de colectivos veciñais: como exemplo, o recibo de auga e o da rede de sumidoiros, dado que hai cidadáns que teñen que aboa-lo servicio de depuración de augas residuais sen teren conexión á depuradora e, ó parecer, nalgúns núcleos rurais non se conectarán á rede de sumidoiros á depuradora.

As 20:40 horas, incorpórarse á sesión o Sr. Carro Galeiras.

- Continúa o Sr. Pita: que, resumindo, propón a conxelación da taxa por abastecemento de auga e, en xeral, todas aquelas que non teñan reprecusión salarial, agás as que si a teñen, dada a crise que nos ocupa; no caso contrario o único que se fai é aumenta-la presión fiscal, xa de seu bastante elevada, polo que novamente propón unha conxelación de taxas tal e como mencionou, e que a taxa da rede de sumidoiros deberían paga-la tódolos veciños de Betanzos, co que se abaratarián os custos.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 3

106

- O Sr. Otero Martínez: que o seu grupo mantivo a postura contraria á aprobación cando se debateron as ordenanzas, dada a situación económica e en base a iso realmente manterá unha postura de coherencia, polo que se pronunciará en contra.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): indica que a proposta que se fai é o aumento do IPC previsto para o ano 1995, procedéndose á conxelación das dúas figuras impositivas más fortes, o IBI e o IAE. De acordo co manifestado polo Sr. Pita sobre conxelación de taxas, o que pretende o Grupo de Goberno desde a entrada en vigor do saneamento é busca-lo equilibrio entre taxa e servicio e iso en tódolos aspectos e, por iso esa pequena aportación paralela ó incremento dos salarios.

As 20:45 horas incorpórarse á sesión o Sr. Martínez Guerra.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que entende que a proposta é obxectiva e seguirá mantendo a postura inicial.

- O Sr. Otero Martínez: que, en relación co incremento dos convenios salariais para o ano 1995, en todo caso é unha previsión.

As 20:47 horas auséntanse do salón de sesións a Sra. María Dolores Faraldo Botana e o Sr. Andrés Martínez Guerra.

- O Sr. Pita Varela: un dos razoamentos do Grupo de Goberno é que non aumentan o IBI nin o IAE, sería o que faltaba; en canto ó IAE, coñecen perfectamente a opinión do Grupo Popular sobre o tema dada a irregularidade do imposto, roga sensibilidade cos veciños de Betanzos ante este tipo de situacions.

As 20:50 horas incorpóranse á sesión a Sra. María Dolores Faraldo Botana e o Sr. Andrés Martínez Guerra.


- O Sr. Alcalde-Presidente: aclara que nas dúas zonas onde non hai rede de sumidoiros non se verterá ós ríos, sería de desexar que o saneamento fora do cento por cento, estando neste momento ó noventa por cento, nesa orde está aberto a todo tipo de suxerencias e colaboracións con outros organismos.

- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: que nin a taxa da rede de sumidoiros nin a auga soben ó catro por cento, non obstante roga ó Partido Popular suxerencias de como se debe face-la xestión posto que pensa que non hai outro sistema.

- Segue o Sr. Alcalde-Presidente: que en tódalas cidades se está cobrando por consumo; pode haber métodos pero no fondo o sistema é igual, sendo cuestión de estudialos, parécelle prudente a aplicación.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, sete (7, corresponden seis -6- ó Grupo Popular e un -1- ó Grupo BNG); abstencións, non se formulan.

Como consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó expediente de modificación de ordenanzas para o exercicio económico de 1995.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola legislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 4

107

delege para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 400.- APROBACION EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS N° 1/94.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación provisional ó expediente de modificación de créditos n° 1/94 a nivel de vinculación xurídica.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación e o Sr. Interventor de fondos.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: nestas cuestións, o seu Grupo pronunciarase pola abstención, dado que son cuestións do Grupo de Goberno dentro da normativa en vigor.

- O Sr. Otero Martínez: o seu, ó igual que en ocasións anteriores, pronunciarase pola abstención.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formularon; abstencions, sete (7, corresponden seis -6- ó Grupo Popular e un -1- ó Grupo BNG).


En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó expediente de modificación de créditos n° 1/94 a nivel de vinculación xurídica.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola legislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 500.- APROBACION NOMENCLATOR DAS RUAS DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación ó "nomenclator" das rúas de Betanzos.

Está informado favorablemente -unanimidade- pola comisión especial de nomenclator e favorablemente pola Comisión de Programación.

A proposta do Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente, así como a relación definitiva do nomenclator, din así: "Segundo co obxectivo da recuperación de nomes antigos e populares das nosas rúas, así como de dotar ás novas prazas e rúas dun nome que as identifique, o Delegado que subscribe propón ó Pleno da Excmo. Corporación Municipal a asignación dos seguintes nomes de acordo cos planos que se acompañan: PLANO 1 (CASCO HISTORICO): 1- PASEO ANTOLIN FARALDO. 2- PZA. DOMINGO ETCHEVERRIA NAVERYA. 3- CANTON CLAUDINO PITA. 4- CANTON SAN ROQUE. 5- RUA DE SANCHEZ DE TAIBO. 6- RUA ESTEFANIA DE VALENCIA. 7- PASEO DA TOLERANCIA. 8- MUELLE DAS MONXAS.= PLANO 2 (RESTO DA CIDADE): 1- RUA DO FRADE. 2- RUA DOCTOR JOSE FARINA. 3- PZA. DO EMIGRANTE. 4- PZA. DAS ESCOLAS. 5- CAMIÑO DA ESTACION. 6- PZA. DE ENRIQUE RIEGO. 7- CAMIÑO REAL DA





Pleno: 11/11/1994



Páxina: 5

108

INFESTA. 8- RUA DAS MARIÑAS. 9-CAMIÑO DE CAL DAS BARRAS.=  
PLANO 3 (ZONA A CONDESA): 1- PZA. CONVENTO DE DONAS. 2- RUA ALVARO CUNQUEIRO. 3- RUA ALCALDE LOPEZ DATORRE. 4- PZA. DE SAN ANTONIO. 5- RUA DAS MARIÑAS. 6- RUA BERNARDO MIÑO. 7- RUA RIO MENDO. 8- PZA. ENRIQUE RIEGO. 9- RUA CORAL POLIFONICA. 10- CAMIÑO REAL DA INFESTA.= NOMBRES DAS RUAS DE BETANZOS: Alcalde Bercaria, rúa do.= Alcalde López Datorre, rúa do.= Alcalde Tomás Dapena, rúa do.= Alfoli, rúa do; antes calle de la Ribera (pares do 108 ata o remate da rúa, e impares do 147 ata o final).= Alfonso IX, praza de.= Alvaro Cunqueiro, rúa de.= Antolín Faraldo, paseo de.= Anxeles, rúa dos.= Arxentina, rúa da.= Azougue, rúa do; antes manzana de José Antonio Primo de Ribera e tamén manzana de la Rúa Traviesa.= Bernardo Miño, rúa de.= Brigantium, grupo.= Cabildos, rúa dos; antes travesía de Ana González.= Cal das Barras, camiño de.= Campo, venela do; antes calle de José Veiga Roel.= Caneiros, grupo.= Cañota, rúa da; antes calle de Castro de Unta-Cañota.= Caraña, travesía de.= Carregal, avenida do.= Cascas, rúa das.= Castilla, avenida de.= Castro, rúa do; antes Calle de Sánchez Bregua.= Concepción Arenal, rúa de.= Condesa, grupo a.= Coruña, avenida da.= Cerca, rúa da; antes calle de Pardiñas.= Claudino Pita, cantón.= Clérigos, 1<sup>a</sup> venela dos; antes 1<sup>a</sup> travesía de Santa María.= Clérigos, 2<sup>a</sup> venela dos; antes 2<sup>a</sup> travesía de Santa María.= Constitución, praza da; antes plaza del General Franco.= Convento de Donas, praza do.= Coral Polifónica, rúa da.= Cortaduria, travesía da; antes calle de Díaz de Lemos.= Curros Enríquez, rúa de.= Cristo, rúa do; antes 3<sup>a</sup> travesía de Santa María.= Cruz Verde, rúa da.= Cruz Verde, travesía da.= Desengano, rúa do; non tiña nome anterior, este recupérase de 1873 cando se chamaba "calle del desengaño" (escaleiras que baixan pegadas ó xardin de Santa María).= Doctor José Fariña, rúa do.= Doctor Fleming, rúa do.= Domingo Etcheverría Naveira, praza de.= Emigrante, praza do.= Emilia Pardo Bazán, rúa de.= Emilio Romay, rúa de.= Enrique IV antiga Eira Vella, praza de.= Enrique Riego, praza de.= Escolas, praza das.= Estación, camiño da.= Estefanía de Valencia, rúa de.= Fernán Pérez de Andrade "o bo", praza de; antes plaza de San Francisco.= Ferradores, rúa dos; os soportais do Campo (antes incluísase na plaza de los Hermanos García Naveira).= Ferreiros, rúa dos; antes calle de Roldán (do nº 11 ó remate da rúa baixando).= Fonte de Unta, rúa da; antes calle de las Monjas.= Frade, rúa do; antes 1<sup>a</sup> travesía de Jesús García Naveira.= Fraga Iribarne, avenida de.= Galera, rúa da.= Galicia, praza de.= Hórreo, rúa do; antes calle del hórreo.= Infesta, camiño real da.= Irmandiños, rúa dos; antes calle de Sánchez de Taibo.= Irmáns García Naveira, praza dos; antes plaza de los Hermanos García Naveira, ou antigo Campo da Feira.= Jesús García Naveira, avenida de.= Jesús García Naveira, travesía de; antes 2<sup>a</sup> travesía de Jesús García Naveira.= José Algueró Penedo, rúa de.= José García Acuña, rúa de; antes 3<sup>a</sup> travesía de la Marina.= José Veiga Roel, alameda.= Julio Pérez Salas, rúa de.= Lanzós, rúa de; antes calle de Lanzós.= Linares Rivas, avenida de.= Magdalena, rúa da.= Malecón, paseo do; nome novo.= Mandeo, rúa do.= Manuel Naveira, rúa de; antes 2<sup>a</sup>





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11


Pleno: 11/11/1994



Páxina: 6

109

travesía de la Marina.= Marina, rúa da; antes calle de la Marina.= Mariñas, rúa das.= Martín Ballesteros, grupo.= Monxas, "muelle" das.= Noas, rúa de; antes calle de Cervantes.= Nosa Señora do Camiño, rúa de.= Nova, rúa; antes calle de Manuel Naveira.= Otero Pedrayo, rúa de.= Ouro, rúa do; antes 4<sup>a</sup> travesía de José Antonio Primo de Ribera e 4<sup>a</sup> travesía da Rúa Travesa.= Paio Formoso, praza do.= Padre Francisco Blanco, praza do.= Pastel, rúa do; antes 1<sup>a</sup> travesía de José Antonio Primo de ribera e 1<sup>a</sup> travesía da Rúa Travesa.= Pastelería, rúa da; antes 3<sup>a</sup> travesía de José Antonio Primo de Ribera e 3<sup>a</sup> travesía da Rúa Travesa.= Feirao, praza do; antes plazuela de la Marina.= Pescadería, rúa da; antes calle de la Pescadería.= Pinche, rúa do; antes 5<sup>a</sup> travesía de José Antonio Primo de Ribera e 5<sup>a</sup> travesía da Rúa Travesa.= Pintor Seijo Rubio, rúa do.= Porta do Hórreo, rúa da; antes 1<sup>a</sup> travesía de la Torre.= Porta da Vila.= Pozo, rúa do; antes calle de Castro de Unta-Pozo.= Prateiros, rúa dos; antes calle de Méndez Núñez.= Progreso, travesía do; antes calle de Antolín Faraldo e travesía 1<sup>a</sup> del Progreso.= Quiroga, rúa de; antes calle de Quiroga.= Ramón Beade, paseo de.= Ramón Cabanillas, rúa de.= Rexemento Provincial, rúa do.= Ribeira, rúa da; antes calle de la Ribera (pares do 2 ó 106 e impares do 1 ó 145).= Río Mendo, rúa do.= Roldán, rúa de; antes calle de Roldán.= Rollo, rúa do.= Rosalía de Castro, rúa de.= Saavedra Meneses, rúa de.= San Antonio, praza de.= Sánchez de Taibo, rúa de.= San Francisco, rúa de; antes calle de Ana González.= San Roque, cantón de.= Santa María, rúa de; antes rúa dos Clérigos.= Santiago, rúa de; antes plaza da Verdura.= Sobreireiros, rúa dos; antes 2<sup>a</sup> travesía de José Antonio Primo de Ribera e 2<sup>a</sup> travesía da Rúa Travesa.= Tolerancia, paseo da.= Torre, rúa da; antes calle de la Cortaduría.= Torre, travesía da; antes 2<sup>a</sup> travesía de la Torre.= Travesa, rúa; antes calle de José Antonio Primo de Ribera.= Valdoncel, rúa do; antes calle del Valdoncel.= Veiga, camiño da.= Venezuela, rúa de.= Xudeos, rúa dos.= NOMBRES DOS LUGARES POR PARROQUIAS: San Martiño de Bravío: Acea, Barrallobre, Casilla, Martinete, Marulo, Piñeiro, Roibeira, Tabacos, Talai.= Sta. María de Pontellas: A Maranta, Cancelo, Castro, Illobre, Montería de Ribalta, O Mouro, Vista Alegre.= San Martiño de Tiobre: Areosa, Barral, Betanzos o Vello, Braxe, Caraña de Abajo, Caraña de Arriba, Caraña do Medio, A Casilla, Os Currás, A Fontaiña, Gas, A Lanza, As Minas, O Picho, Pena Moura, O Refoxo, A Rúa, O Rueiro, San Paio, Touriñao de Abaixo, Touriñao de Arriba, Tiobre, Volta do Codo, Xerpe.= San Estevo de Piadela: Barral, Barreiros, Cabildo, Currás, Fofín, Fontela, O Francés, Guiliade, Montellos, Outeiro, O Pazo, Piadela, Regueiral, A Revolta, A Rúa, Santar, O Souto, Tumbelo, Viladesuso, Viuxo.= Santiago de Requián : Apeada, Casa Grande, Casas Novas, O Castro, Estación, Farragoto, A Fraga, A Graña, Infesta, Montellos, O Mallal, O Petón, Requián, Rueiro, A Sancia, Tarreo, Xan Rozo.= San Pedro das Viñas : Abelares, Albar, A Angustia, Apeada de Arriba, A Castela, A Calexa, Cepiño, Condomiña, Illobre, A Magdalena, O Piñeiro, Vista Alegre."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 7

110

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: que ten un especial interese en que empece a funcionar a comisión especial do nomenclator; no seu momento xa se interesou polo funcionamento da mesma, dado que se reuniu unha vez en 1988 e, en toda esta lexislatura unha vez hai poucos meses, unha segunda vez con un único punto na orde do día e unha terceira hai escasos días á que, por causa xustificada, non puido asistir.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: manifesta a súa sorpresa, toda vez que descoñecía que rúas son as afectadas polas novas designacións, por iso desde ese punto de vista non o poderá aprobar anque iso non significa que estea en desacordo, parecéndolle sorprendentes algúns dos novos nomes asignados a diversas rúas; é raro que se nomee a Enrique Riego cercano ó Río Mendo cos efectos negativos da súa fábrica para o río; igualmente estráñalle o nome de Coral Polifónica e outros máis polo que votará en contra.

- Remata o Sr. Otero Martínez: que posiblemente se se tratara o asunto en varias comisións tería feito as súas propostas con conclusiones positivas.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultados: votos a favor, dezaseis (16, os emitidos polo Grupo de Goberno -10- e o Grupo Popular -6-); votos en contra, un (1, corresponde ó Grupo BNG); abstencións, non se formularon.

Na súa consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó expediente incoado para aproba-lo nomenclator das rúas de Betanzos.= Segundo.- O devandito expediente darásello o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."


### 600.- ACEPTAR SUBVENCION CONCEDIDA POLA CPTOPV DA XUNTA DE GALICIA PARA REVISION DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANISTICO NO CONCELLO DE BETANZOS E ADOPCION DE ACORDOS COMPLEMENTARIOS.

Dase conta ó Pleno de comunicación da Dirección Xeral de Calidade Medioambiental da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, pola que se comunica a este concello resolución pola que se lle concede ó mesmo unha subvención por importe de 10.800.000,- ptas., de acordo coas condicións que se indican na Orde do 25 de maio de 1994 (DOG nº 112 do 13 de xuño de 1994) pola que se regula a concesión de axudas a entidades locais para formulación de planeamento urbanístico.

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

Na súa consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Aceitar integralmente os termos e prescripcións da Orde do 25 de maio de 1994 (DOG nº 112 do 13 de xuño de 1994)





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 8

111

pola que se regula a concesión de axudas a entidades locais para formulación de planeamento.= Segundo.- Prestar conformidade á memoria realizada polos servicios técnicos locais, que xustifica a necesidade dos traballos para os que se solicitou a oportuna subvención.= Terceiro.- Aceitar como modalidade de contratación a directa.= Cuarto.- Acepta-lo compromiso do investimento municipal e do libramento do mesmo con anterioridade á realización das aportacións correspondentes da consellería ata cubri-lo presupuesto total, de xeito que quede plenamente garantida a execución dos traballos dentro dos prazos establecidos.= Quinto.- Aproba-lo prego de condicións técnico-administrativas particulares que rexerán a contratación dos traballos de revisión das normas de planeamento do concello de Betanzos, os que axustaron ás bases da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, ós que se lles dará o trámite previsto na lexislación en vigor.= Sexto.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para aceptar la subvención nas condicións establecidas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, así como para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Fai uso da palabra o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), para manifestar ós Grupos que poden designar os seus representantes na comisión especial de seguimiento da revisións das normas subsidiarias de planeamento do concello de Betanzos.

Cada Grupo Político designa o seu representante como segue: Polo Grupo de Goberno, D. José R. García Vázquez; polo Grupo Popular, Dña María Dolores Faraldo Botana; polo Grupo BNG, D. Andrés Otero Martínez.

Presidirá a comisión o Delegado de Urbanismo, D. Antonio Lagares Pérez.

### 700.- MOCION DA ALCALDIA RELACIONADA CO ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACION DA ZONA PORTUARIA DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía relacionada co acondicionamento e pavimentación da zona portuaria de Betanzos.

Propón a Alcaldía-Presidencia que se adopten os seguintes acordos. "PRIMEIRO.- Aproba-la memoria técnica que recolle as peticionis formuladas polos usuarios da zona.= SEGUNDO.- Solicitar á COTOPU (Dirección Xeral de Portos) que inclúan nos próximos presupostos -en fase de aprobación- as obras que se detallan na memoria.= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde ou Concelleiro en quien delegue para levar a cabo todos los trámites necesarios para tal fin."

Está informada favorablemente, por unanimidade, pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo apoiará a petición, pero debe quedar claro que colindante co porto existe un equipamento industrial e, polo tanto, non deben esquecerse

1  
The first thing to do is to get a good understanding of the market. This means understanding the needs and wants of your target audience, as well as the competition. You can do this by conducting research, talking to people in your industry, and reading industry publications. Once you have a good understanding of the market, you can start to develop a strategy for your business.

The second thing to do is to create a business plan. A business plan is a document that outlines your business's goals, objectives, and strategies. It should also include financial projections, marketing plans, and operational details. A business plan is essential for securing funding and for guiding your business's growth.

The third thing to do is to find a location. This means finding a place where your business can operate effectively and efficiently. You should consider factors such as proximity to customers, availability of resources, and zoning laws. Once you have found a location, you can begin to lease or purchase it.

The fourth thing to do is to hire staff. This means finding people who are qualified and experienced in their respective fields. You should consider factors such as experience, education, and personality. Once you have found staff, you can begin to train them and assign them tasks.

The fifth thing to do is to establish a brand. This means creating a unique identity for your business. This includes developing a logo, website, and marketing materials. You should also consider factors such as branding, packaging, and customer service.

The sixth thing to do is to secure funding. This means finding the money needed to start and run your business. You can do this by seeking investors, applying for loans, or selling equity. You should also consider factors such as funding, costs, and timelines.

The seventh thing to do is to build a website. This means creating a digital presence for your business. You should consider factors such as website design, content, and functionality. Once you have a website, you can begin to market it through search engines, social media, and email.

The eighth thing to do is to establish a customer base. This means finding people who are interested in your products or services. You can do this by advertising, networking, and word-of-mouth. You should also consider factors such as customer acquisition, retention, and satisfaction.

The ninth thing to do is to manage your business. This means overseeing all aspects of your business, from operations to finance. You should consider factors such as management, leadership, and decision-making.

The tenth thing to do is to grow your business. This means expanding your business, either through acquisition or organic growth. You should consider factors such as expansion, innovation, and strategic planning.



## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 9

112

actuacións semellantes na cidade; no que afecta urbanísticamente ós espacios referidos, roga se apliquen criterios urbanísticos semellantes ós de outros puntos e que os propietarios participen para que non exista agravio comparativo.

- O Sr. Alcalde-Presidente: parécelle ben que as urbanizacións privadas se teñan en conta.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, na súa consecuencia, adóptase acordo seguinte: "PRIMEIRO.- Aproba-la memoria técnica que recolle as peticionis formuladas polos usuarios da zona.= SEGUNDO.- Solicitar á COTOPU (Dirección Xeral de Portos) que inclúan nos próximos presupostos -en fase de aprobación- as obras que se detallan na memoria.= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde ou Concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para tal fin."

### 800.- APROBACION DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE E PROXECTO DE URBANIZACION DA U.A.- "ESCOLAS E ASILO IRMANS GARCIA NAVEIRA".

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación definitiva ó proxecto de adaptación do estudio de detalle e proxecto de urbanización da UA-4 das escolas e asilo "Irmáns García Naveira".

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:


- O Sr. Otero Martínez: que o seu Grupo manterá a mesma postura que na aprobación provisional, é dicir, pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo ten unha especial sensibilidade no tema e pola lectura que fan dos informes técnicos incorporados ó proxecto, existen modificacións e non o teñen claro, por iso non o poden apoiar sen entrar noutra análise.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que, efectivamente, o que se somete á consideración do Pleno é unha proposta técnica, que é clara.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formulañ; abstencións, sete (7, corresponden seis -6- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

Na súa consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ó proxecto de adaptación do estudio de detalle e proxecto de urbanización da UA nº 4 das escolas e asilo "Irmáns García Naveira".= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 10

113

### 900.- PRESTAR APROBACION AS CONTAS DAS FESTAS PATRONAIS 1994.

Dase conta ó Pleno do expediente iniciado para someter á consideración do Pleno as contas das festas patronais de San Roque 1994.

Están informadas favorablemente pola Comisión de Programación. Dictame: favorable (Grupo de Gobierno e Grupo BNG); Grupo Popular formula reserva de voto ó Pleno.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- A Sra. Faraldo Botana: que, en relación coas contas da festas patronais de San Roque 1994, o seu Grupo (Popular) solicita que queden sobre a mesa en base ó seguinte: a) forzosamente deben existir débedas coas persoas que traballaron nas festas, posto que non coincide o balance e, en boa lóxica, deberían consignarse para aclara-las posibles diferencias existentes. b) Como mencionou, non se consigna a recadación da venda de programas de festas, non figurando como cantidade pendente de ingreso por tal concepto, en consecuencia, non existe liquidación algúnhia por iso; se as contas patronais estivesen ben feitas, non se produciría o erro existente nas contas das festas patronais o día que foron informadas pola Comisión de Programación.

- O Sr. Alcalde-Presidente: indica que as contas das festas patronais de San Roque 1994 non quedarán sobre a mesa por diversos motivos, entre eles que se accede á proposta do Grupo Popular, tería que deixar todo sobre a mesa porque o Concello sempre ten cantidades pendentes e sería chegar a unha conclusión absurda.

- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: que esta situación é algo que ven sucedendo en tódolos concello e, dado que o tema é interesante, debaterase para así tomar determinacións.


- A Sra. Faraldo Botana: considera que este é un tema distinto ás débedas que poida te-lo Concello e por iso é unha conclusión ilóxica, non coincidindo co Sr. Alcalde, debendo aclaralo os técnicos en contabilidade, dado que se as contas se van facendo día a día, non hai posibilidade de erro.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que é posible a existencia dun erro administrativo, pero está subsanado.

- O Sr. Otero Martínez. dado que esta é unha situación anual, é posible a existencia dalgún erro non propiciado, non dubidando polo tanto da honorabilidade do Sr. Beade Dopico, por iso o voto do seu Grupo será afirmativo e agradaríalle que se falase das festas patronais e non das contas.

- o Sr. Alcalde-Presidente: acepta a proposta do Voceiro do Grupo BNG, solicitando aportacións ós Grupos.

Sometío o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, once (11, os emitidos polo Grupo de Gobierno -10- e os emitidos polo Grupo BNG -1-); votos en contra, seis (6, os emitidos polo Grupo Popular); abstencións, non se formulan.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 11

114

Na súa consecuencia, adóptase o seguinte acordo:  
"Primeiro: prestar aprobación ás contas das festas patronais de San Roque 1994.= Segundo: facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1000.- ROGOS E PREGUNTAS.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): formula dous rogos:  
1º) Que se manifieste a solidariedade deste concello cos concellos de Muros e Carnota, con motivo dos recentes asolagamentos que sufrieron.  
2º) Que, con motivo da configuración dos presupostos para o exercicio económico de 1995, fai o adianto de que constará no mesmo unha partida para organizacións humanitarias.

- O Sr. Alcalde-Presidente: enlazando co anterior, quere indicar que ata a data, non se recibiu ningunha iniciativa dos Grupos ó respecto dos presupostos para 1995.

- O Sr. Pita Varela: roga que para a presentación e debate dos presupostos se faga un calendario e se fixen prazos, a título de exemplo: presentación de propostas ata o 30 de novembro, debate na primeira quincena de decembro e despois celebrar sesión plenaria para a aprobación dos mesmos.


- O Sr. Alcalde-Presidente: acepta a proposta do Voceiro do Grupo Popular, Sr. Pita Varela, e incluso reduci-la presentación de propostas dos Grupos ata o día 25 de novembro e posteriormente celebrar díás comisións informativas antes da sesión plenaria.

- O Sr. Otero Martínez: igualmente, formula os seguintes rogos:

- 1º) Que, con frecuencia, veciños do edificio das Cascas tiran desperdicios ó río desde as fiestras do edificio; solicita se adopten as medidas oportunas.
- 2º) Na calexa de Caraña retiráronse uns postes de madeira pero quedaron os puntos de anclaxe dos mesmos na parede, ocasionando molestias ós peóns; roga se proceda a retiralos.
- 3º) Que en Saavedra Meneses existe unha rampa que da acceso ás casas números 42-44 que invade a vía pública; solicita a súa retirada.

- O Sr. Alcalde-Presidente: pola policía local xa se organizou un servicio de vixilancia para evitar que tiren desperdicios ó río Mendo e daranse as oportunas instruccións ó servicio correspondente para que procedan a retira-los obstáculos na calexa de Caraña, en canto á rampa existente en Saavedra Meneses, os servicios técnicos realizarán un seguemento dos feitos.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a levanta-la sesión, sendo as vinteunha horas e





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 11/11/1994



Páxina: 12

115

cincuenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.


O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,



Fl. José Cortés Carro





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 27/12/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 1 116

### ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA VINTESETE DE DECEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CATRO.

#### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña María Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. José R. García Vázquez.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
D. María Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José M. V. Barús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

#### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

#### Non asistiu, con desculpa:

Dña Rosa I. Lauda Brandariz, Concelleira do PP

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintesete de decembro de mil novecentos noventa e catro. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- redíñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade apróbase a acta da sesión celebrada o once de novembro de 1994, á que se lle incorporará a petición formulada polo Voceiro do Grupo Popular, Sr. Pita Varela, no sentido de que conste no punto 900 da orde do día da devandita sesión: "Aprobación ás contas patronais 1994" o dictame





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 2 117

emitido pola Comisión de Programación e Planificación en relación ó devandito asunto. Dí o citado dictame como segue: "Comisión Informativa de Programación e Planificación -sesión do 11-11-1994- A Comisión de Programación na sesión anteriormente indicada, e co asunto que a continuación se indica, acordou o seguinte: ASUNTO: 900.- Informa-las contas das festas patronais 1994. Dictame: favorable (Grupo de Goberno e Grupo BNG); Grupo Popular formula reserva de voto á Pleno."

As 20:34 horas incorporárase á sesión o Sr. Carro Galeiras.

### 200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia, comunica que na xuntanza do 21 de outubro de 1994, e en relación co expediente 67/94 "Igrexa de San Francisco", acordouse elevalo ó Director Xeral do Patrimonio Histórico e Documental por tratarse dun BIC.


202.- Alcaldía de Rota, comunica que o devandito Concello adoptou acordo relacionado con rotular unha rúa da súa cidade co nome de "Betanzos".

203.- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia -Sección Segunda-, comunica testemuño literal recaído no recurso contencioso-administrativo número 02/1044/90, 4523/92 e 4912/92 acumulados interpostos por Hdros. de José Vía Amor e María Mercedes Leira Fernández e outros, sobre petición de declaración de ruina do edificio número un da rúa Roldán e en virtude da que se estiman os recursos presentados, anulando os acordos do Pleno do Concello de Betanzos do 18-03-92 e 24-06-92, procedendo a declara-lo estado de ruina do citado inmoble.

204.- Resolución número 605/94 da Alcaldía-Presidencia, pola que, en base á proposta formulada pola mesa de contratación, se procede á adjudicación definitiva da realización dos traballos de revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Concello de Betanzos á empresa "Grupo de Planeamiento SA".

### 300.- ADOPCION DE ACORDO PARA PROCEDER A VENDA EN PUBLICA SUBASTA DUNHA PARCELA PROPIEDADE MUNICIPAL ASI COMO APROBA-LO PREGO DE CONDICIONS PARA REGULA-LA SUA SUBASTA DUNHA PARCELA -PROPIEDADE MUNICIPAL- EN BETANZOS.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para comunicar ós Voceiros dos Grupos Políticos que ó obxecto de facilitalo





Pleno: 27/12/1994

118

Páxina: 3

desenvolvemento da sesión, as tandas de intervención terán unha duración de cinco minutos.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para proceder á venda en pública subasta dunha parcela propiedade municipal así como prestar aprobación ó prego de condicións para regular a subasta dunha parcela -propiedade municipal-.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación; di así o dictame da Comisión: "informado favorablemente, acéptase que a composición da mesa de adjudicación se axuste á prevista no prego de condicións para a concesión de postos no Mercado Municipal. O Grupo Popular formula reserva de voto ó Pleno"; así como pola Secretaría Xeral, Letrado e Intervención de Fondos.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

Primeira tanda de intervencións:


O Sr. Otero Martínez: que o seu Grupo mantén unha posición contraria no relacionado co tema do Pasatempo, posta de manifesto xa no ano 1983 -non tiñan representación municipal- que é cando se começaron a redacta-las Normas Subsidiarias de Planeamento e cando se decide o tipo de urbanización que se levará a cabo no devandito polígono e en Betanzos, chegando a conclusión de que non houbo ningúen en contra -naquel momento- dos 3 SAUS que se crearon; o que nos ocupa levantou na última lexislatura bastantes discussións á vista de que as vivendas a construir non serían destinadas a traballadores; as posteriores polémicas centrábanse en que o Concello participaba con terreos públicos, opinando que iso foi como unha mala operación para o Concello non estando conforme coa subasta da parcela nin co tipo de urbanización.

Continúa o Sr. Otero Martínez: que, como conclusión, o seu Grupo (BNG) non está de acordo coa venda da parcela nin co tipo de urbanización que se vai realizar na devandita.

- O Sr. Pita Varela: lamente que -unha vez máis- non se escoten as súas peticionis para que este acto se grave en soporte magnético, sendo a primeira vez que se limita o período de tempo das intervencións, dado que iso é fundamental porque se está tratando de liquida-lo patrimonio municipal para obras o interese das cales está centrado en instalacións hosteiras, rogando unha explicación sobre o tema, extensiva á edificabilidade da parcela e aclaracións ó punto 3º do artigo 17 do prego de condicións que rexe a subasta.

Continúa o Sr. Pita Varela: que non entende que se proceda á venda na subasta da parcela, agas que existan outras razóns; considerando fundamental que se en Betanzos se fixeron obras públicas foi porque houbo outras Corporacións que se preocuparon para iso, posto que se preocuparon de facilitar solo para as mesmas, por tanto solicita que non se liquide o patrimonio dado que iso só ocasionará problemas de forma inminente a curto prazo.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): agradece as intervencións dos Grupos Políticos, manifestando que seguiu con atención e agrado as posicións dos Grupos Políticos, pero





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 27/12/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 4 119

non as comporte e, en consecuencia, fará unha breve referencia de como se chegou a este fenómeno: 1º.- No seu momento -1987- aprobáronse as Normas Subsidiarias co consenso dos Grupos Políticos. 2º.- Nelas establecérese un SAU, o do Pasatempo, o cal, cos votos favorables do Grupo de Gobierno, é aprobado polo Concello e definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, figurando no Plan Parcial do SAU unha parcela duns 10.000 m<sup>2</sup> cos usos definidos, existindo varias institucións que deron o visto e prace á súa calificación urbanística. 3º.- Que ó Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, na súa pasada visita á nosa cidade, se lle expuxo a idea da construción dun hotel, sendo recibida con optimismo.

Continúa o Sr. Lagares Pérez: que non se procedeu de forma arbitraria, senón a través dun prego de condicións, donde existe unha mesa de contratación na que estarán representados todos os Grupos da Corporación, existindo total claridade e transparencia; con esta actuación o que se busca é o progreso de Betanzos e concluindo que con este prego se intentará dar fin a un obxectivo que en principio foi consensuado polos Grupos Políticos.

### Segunda tanda de intervencións:

- O Sr. Otero Martínez: cada Grupo será responsable dos seus errores; non coincide coa construción do hotel, iso non obstante, non significa que o Bloque Nacionalista Galego non busque o progreso de Betanzos, non dubida da legalidade do acordo que se adopte, entendendo que a edificabilidade asignada á parcela non é tan grande.

- O Sr. Pita Varela: o seu Grupo non aprobou as Normas Subsidiarias de Planeamento, pronunciouse pola abstención e lembra: a) que, no Pasatempo, se fixeron recalificacións e modificacións, producíndose alteracións notables nos mesmos. b) que solamente fai falta que se diga que é a Xunta quien aproba as Normas, é o propio Concello quien decide o uso, todo o demais son contos, en canto ás referencias á presidencia da Xunta de Galicia, esta non sabe se os terreos son propiedade privada ou municipal e debe quedar claro que se opon a que se especule co solo público. c) que outro dos problemas é que a parcela saia a subasta co importe que consta nos pregos, roga que se lle dea o valor real, solicitando, en consecuencia, que o asunto quede sobre a mesa e se non queda sobre a mesa se proceda a realizar unha valoración real de acordo co precio do mercado, previa taxación profesional e estes puntos deben quedar claros.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): cada Grupo ten a súa verdade e é posible que o voceiro do Grupo Popular non comprenda ben ó voceiro do Grupo de Gobierno; se existe unha estafa é anterior a 1983 posto que antes da citada data non se dotara a Betanzos de Normas Subsidiarias de Planeamento; todo é pura demagogoxía dado que non se participa e que se quiere atar a Betanzos e o seu Grupo non o permitirá, desexando que algunha vez lles guste algo.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 27/12/1994

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 5 120

- O Sr. Alcalde-Presidente: que o Pleno se regula ó igual que se fixo noutras ocasións, respectando escrupulosamente a legalidade, agradece a intervención dos Grupos así como as súas aportacións; coa aprobación deste punto da orde do día darase un impulso positivo a Betanzos en terreos conseguidos polo Concello, antes privados e que, gracias á xestión do goberno municipal socialista, pasaron a pertencer ó patrimonio municipal. Que ademais dos que hoxe se someten á consideración plenaria, o Concello conseguiu o parque do Pasatempo, de cerca de 60.000 m<sup>2</sup>, o campo de fútbol, os terreos da piscina e outros máis que antes non posuía e que coa cantidade que se obteña destas vendas faranse obras en beneficio de tódolos betanceiros, ademais de significar un importante desenvolvemento para a zona e, en consecuencia, someterase a votación este punto da orde do día.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, seis (6, corresponden cinco -5- ó Grupo Popular e un -1- ó Grupo BNG); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Proceder á venda en pública subasta dunha parcela propiedade municipal dunha extensión superficial de 10.310 m<sup>2</sup>, ubicada no ámbito do Plan Parcial do Pasatempo, entre o tramo segundo ou central do vial "B" e o río Mendo.= Segundo.- Prestar aprobación ó prego de condicións para regula-la subasta dunha parcela -propiedade municipal- en Betanzos, descrita no primeiro acordo.= Terceiro.- Os devanditos expedientes daráselle-lo trámite previsto pola lexislación en vigor.= Cuarto.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."


### 400.- PRESTAR APROBACION A PREGO DE CONDICIONES ECONOMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERA A CONCESION DE POSTOS NA PLANTA ALTA DO MERCADO MUNICIPAL.

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación ó prego de condicións económico-administrativas que rexerá a concesión de postos na planta alta do mercado municipal.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa reserva de voto ó Pleno formulada polo Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: que formulará unha serie de consideracións con relación ó apartado 4º das condicións particulares do prego de condicións, concretamente deberíase establecer unha orde de prioridades para acceder ós postos co obxecto de que non queden relegadas persoas que teñan maior grao de dificultades, así como establecer unha orde de





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 27/12/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Páxina: 6 121

preferencia no caso de que dúas persoas intenten acceder a un mesmo posto.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): agradece as aportacións e efectivamente poden recollerse, dado que na mesa de adjudicación dos postos estarán presentes un representante de cada Grupo Político non existe inconveniente algúm para e a mesma poida recollellas e adoptar -no seu momento- a solución máis conveniente.

- O Sr. Otero Martínez: que, con relación ós postos de libre concurrencia pode ser que a actividade a exercer nos mesmos choque co uso do edificio do mercado.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó prego de condicións económico-administrativas que rexerá a concesión de postos na planta alta do mercado municipal.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 500.- PRESTAR APROBACION A CONVENIO URBANISTICO A ESTABLECER CON D. MANUEL RIVERA PEDREIRA EN REPRESENTACION DA EMPRESA PROVIBESA POLO QUE SE REGULARA A CESION DE PRAZAS DE GARAXES A FAVOR DO CONCELLO DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación a convenio urbanístico a establecer con D. Manuel Rivera Pedreira en representación da empresa PROVIBE SA polo que se regulará a cesión de prazas de garaxes a favor do Excmo. Concello de Betanzos.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa reserva de voto ó Pleno formulada polo Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo se pronunciará pola abstención, dado que é a postura do mesmo en relación con temas da unidade de actuación urbanística número catro.

- O Sr. Otero Martínez: que só lle consta en relación co asunto documentación técnica.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden cinco -5- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación a convenio urbanístico a establecer con D. Manuel Ribera Pedreira en representación da empresa PROVIBE SA polo que se regulará a cesión de prazas de garaxes a favor do Excmo. Concello de Betanzos.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.-





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 7 122

Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Di así o convenio urbanístico a establecer con D. Manuel Rivera Pedreira en representación da empresa PROVIBE SA polo que se regulará a cesión de prazas de garaxes a favor do Excmo. Concello de Betanzos: "Documento subscrito entre D. Manuel Ribera Pedreira en representación da empresa PROVIBE SA e o Excmo. Concello de Betanzos, co obxecto de regular determinadas obrigas urbanísticas derivadas do expediente 092/93.= En Betanzos, a de de mil novecentos noventa e = Dunha parte.- D. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Betanzos, actuando en nome e representación do mesmo segundo lle confire o artigo 21.b) da Lei 7/85 do dous de abril, reguladora das bases do réxime local.= Da outra.- D.

maior de idade, casado, con domicilio a efectos de notificacións na rúa , con documento nacional de identidade , actuando en nome e representación de , con número de identificación fiscal , o cal accredita debidamente.= Ante min.- D. Secretario Xeral do Excmo. Concello de Betanzos, comparecen ó obxecto de formaliza-lo presente documento polo que se regula un aproveitamento urbanístico na praza sita na unidade de actuación número catro, todo iso derivado do expediente da sección de obras expte. 092/93.= E obxecto do presente documento o perfecciona-los condicionantes a que se somete a concesión do aproveitamento urbanístico que se dirá polo presente documento, en base ós seguintes,= ANTECEDENTES.= a) Con data 23-04-93 D. Manuel Rivera Pedreira eleva escrito a este Concello, solicitando licencia municipal para proceder á construcción de sotos para garaxe baixo praza na unidade de actuación número catro, de acordo co proxecto achegado, visado polo Colexio Profesional do que é autor o arquitecto D. Luis Couto González.= b) Con data 23-08-93, os servicios técnicos locais emiten informe técnico no sentido de que para acceder ó solicitado polo Sr. Rivera Pedreira, é necesario se modifique o estudio de detalle e proxecto de urbanización da unidade de actuación número catro.= c) Oportunamente, pola corporación, procedese á tramitación da modificación do estudio de detalle e proxecto de urbanización da unidade de actuación número catro, seguindo as instruccións e recomendacións que o arquitecto técnico municipal formulou no seu día no informe arriba citado.= d) Aprobado definitivamente o instrumento de planeamento referido, a petición formulada polo Sr. Rivera Pedreira na representación que ostenta axústase no momento actual ó planeamento urbanístico.= En base ós antecedentes expostos, é obxecto do presente documento o perfecciona-los condicionantes a que se somete o aproveitamento urbanístico de construcción de sotos dedicados a prazas de garaxes única e exclusivamente na praza número cinco da unidade de actuación número catro, a que se rexerá polo estipulado no presente documento e de acordo coas seguintes,= CLAUSULAS.= Primeira.-





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 8 123

Polo presente documento concédese o aproveitamento urbanístico -única e exclusivamente- do subsolo da praza número cinco da unidade de actuación número catro do vixente planeamento municipal, de acordo co proxecto de adaptación do estudio de detalle e proxecto de urbanización da unidade de actuación número catro, aprobado no seu día pola Corporación Municipal, que será destinado á construción de prazas de garaxe, a D. Manuel Rivera Pedreira, na representación que ostenta.= Segunda.- Como contraprestación do disposto na cláusula primeira deste documento, D. Manuel Rivera Pedreira, na representación que ostenta, cede ó Excmo. Concello de Betanzos, SEIS PRAZAS DE GARAXE, ou a cantidade correspondente en pesetas, previa avaliación das mesmas polos servicios técnicos locais.= Terceira.- A devandita cesión ou o pago da súa equivalencia en pesetas, deberá inexcusablemente facerse efectiva ó Concello de Betanzos no improrrogable prazo de un mes, contados a partir da sinatura do presente documento. De non efectuarse no prazo indicado, o presente convenio carecerá xurídicamente de valor e efecto algúin.= Cuarta.- De non optar o Sr. Ribera polo pago do importe correspondente ás seis prazas de garaxe, esta cesión gratuita será elevada a escritura pública notarial.= Quinta.- A elección das prazas de garaxe obxecto desta cesión será realizada polo Concello de Betanzos.= Sexta.- A sinatura deste documento polas partes, implica expresamente que o Sr. Rivera Pedreira, na representación que ostenta, crea a favor do Concello de Betanzos e este acepta, unha servidume de dominio público-uso público en toda a superficie da mencionada praza.= Sétima.- O Concello de Betanzos farase cargo de todos aqueles desperfectos que se produzan na mencionada praza, como consecuencia do dominio público-uso público da mesma.= Oitava.- Tódolos gastos que orixine esta cesión, incluidos os notariais, de existiren, serán a cargo do cedente.= Lido que foi este documento esténdese a un só efecto e encontrado conforme en tódalas súas partes, asínano o Sr. Alcalde-Presidente, o cedente, de todo o cal eu, o Secretario Xeral, dou fe."

### 600.- MOCION DA ALCALDIA SOBRE PETICION A XUNTA DE GALICIA E DEPUTACION PROVINCIAL PARA A EXECUCION DE DIVERSAS OBRAS NO CONCELLO DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía sobre petición á Xunta de Galicia e Deputación Provincial para a execución de diversas obras no Concello de Betanzos.

Propón a Alcaldía-Presidencia se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Demandar á Xunta de Galicia -Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, as seguintes obras:= a) Ampliación da estrada Herves-Fontán -tramo Betanzos-Sada-, como mellora de seguridade e futura construción de beirarrúas e servicios, nunha vía moi estreita e sin arcéns, e con constante incremento do tráfico.= b)





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 9 124

Reitera-la petición de renovación do pavimento na Avda. Jesús García Naveira e Linares Rivas, pertencente á C-542 Betanzos-Mesón do Vento, tramo este que se encontra moi deteriorado e con intenso tráfico (enclavado na zona urbana).= SEGUNDO.- Demandar á Excma. Deputación Provincial a ampliación da estrada Cortiñán-Vilacoba -no seu tramo de Montellos a Cortiñán- tramo este moi estreito facéndose moi necesaria a súa ampliación para futuras beirarrúas e servicios e o tráfico da cal se verá notablemente aumentado pola posta en servicio da autovía e o seu enlace de Montellos.= TERCERO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para llevar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."


Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Demandar á Xunta de Galicia -Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, as seguintes obras:= a) Ampliación da estrada Herves-Fontán -tramo Betanzos-Sada- como mellora de seguridade e futura construcción de beirarrúas e servicios, nunha vía moi estreita e sen arcens, e con constante incremento do tráfico.= b) Reitera-la petición de renovación do pavimento na Avda. Jesús García Naveira e Linares Rivas pertencente á C-542 Betanzos- Mesón do Vento, tramo este que se encontra moi deteriorado e con intenso tráfico (enclavado na zona urbana).= SEGUNDO.- Demandar á Excma. Deputación Provincial a ampliación da estrada Cortiñán-Vilacoba -no seu tramo de Montellos a Cortiñán- tramo este moi estreito facéndose moi necesaria a súa ampliación para futuras beirarrúas e servicios e o tráfico da cal se verá incrementado pola posta en servicio da autovía e o seu enlace de Montellos.= TERCERO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue, para llevar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

### 700.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE SOLICITAR O MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES E A XUNTA DE GALICIA A CONSTRUCCIÓN DE ÁREAS DE DESCANSO.

Dase conta ó Pleno de moción do Delegado de Infraestructuras sobre solicitar ó Ministerio de Obras Públicas e Transportes e á Xunta de Galicia a construcción de áreas de descanso.

Propón do Delegado de Infraestructuras se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Solicitar do Ministerio de Obras Públicas e Transportes a construcción dunha área de parada e descanso na N-VI -ramal a Ferrol- no lugar da Casilla Souto (curva de San Paio), onde existe un terreo ocioso propiedade do mencionado Ministerio (achégase plano).= SEGUNDO.- Solicitar á Xunta de Galicia -Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda- a construcción de áreas de parada e descanso na C-542 Betanzos-Mesón do





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 10 125

Vento, nos lugares da Curva do Petón e Guiiliade, onde existen terreos ociosos sobrantes de variantes realizadas na estrada (achéganse planos).= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro no que delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para tal fin."

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Solicitar do Ministerio de Obras Públicas e Transportes, a construcción dunha área de parada e descanso na N-VI -ramal a Ferrol- no lugar da Casilla Souto (curva de San Paio), onde existe un terreo ocioso propiedade do mencionado Ministerio (achégase plano).= SEGUNDO.- Solicitar á Xunta de Galicia -Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda- a construcción de áreas de parada e descanso na C-542 Betanzos-Mesón do Vento nos lugares da Curva do Petón e Guiiliade, onde existen terreos ociosos sobrantes de variantes realizadas na estrada (achéganse planos).= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro no que delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para tal fin."

### 800.- MOCION DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE SOLICITAR A EMPRESA UNION FENOSA MELLORAS RELACIONADAS COA CONDUCCION DE ENERXIA ELECTRICA.

Dase conta ó Pleno de Moción do Delegado de Infraestructuras sobre solicitar á empresa Unión Fenosa melloras relacionadas coa conducción de enerxía eléctrica.

Propón o Delegado de Infraestructuras se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Solicitar á empresa Unión Eléctrica Fenosa, substitúa as conduccións existentes no casco urbano en cable descuberto por mangueira cuberta.= SEGUNDO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Solicitar á Empresa Unión Eléctrica Fenosa, substitúa as conduccións existentes no casco urbano en cable descuberto por mangueira cuberta.= SEGUNDO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

### 900.- PRESTAR APROBACION O PRESUPUESTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONOMICO DE 1995/ PLANTILLA DE PERSONAL/ OFERTA PUBLICA DE EMPREGO PARA O EXERCICIO DE 1995.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación provisional ó presupuesto municipal para o exercicio





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



126  
Páxina: 11

económico de 1995, e prestar aprobación á plantilla de persoal funcionario/laboral e oferta de emprego para o exercicio de 1995.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa reserva de voto ó Pleno formulada polo Grupo Popular.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

### Primeira tanda de intervencións:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que presenta o presupuesto económico do Concello de Betanzos para o exercicio de 1995, facendo unha apreciación global do mesmo, calificao de austero pola elevada contención do gasto corrente e dirixido ós cidadáns de Betanzos dado que de cada 100 ptas., 57 van dirixidas a inversions e melloras, sendo preventivo polo súa metodoloxía, mostra a súa satisfacción pola colaboración dos funcionarios na súa elaboración e a participación dos Grupos nas distintas comisións informativas realizadas.

Continúa o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que en canto a reflexións políticas considera que Betanzos necesita máis aportacións de outras institucións mediante convenios coas mesmas; agradece que o Partido Popular comunique se a Xunta de Galicia ten previsto algúns feitos concretos con Betanzos para o ano 1995, dado que o seu Grupo non os coñece.

- O Sr. Pita Varela: que o tema dos presupostos é moi importante, o seu Grupo pode compartir algunas cuestións, outras non; o presupuesto que se presenta para aprobación non é austero dado que o Concello está en quebra técnica y só falta que se diga que son austeros. O seu Grupo leva case 12 anos solicitando a instalación de semáforos; en canto ó abastecemento de auga ós núcleos rurais este é pequeno ainda non tendo a maior parte subministro nin saneamento previsto, cando a Deputación finalizou un proxecto de saneamento integral na "Costa da Morte".

Continúa o Sr. Pita: o seu Grupo ten unha visión económica distinta do Grupo de Goberno; en canto ás continuas referencias ó seu cargo autonómico, para iso foi elixido democraticamente noutras institucións.

- O Sr. Otero Martínez: que este punto da orde do día obxecto de debate é un dos más importantes, en canto a que os presupostos son austeros, teñen que ser dados que os gastos financeiros aumentaron, diminuindo os investimentos reais; o seu Grupo non é optimista posto que unha empresa que non ten economía non ten capacidade para realizar investimentos.

Continúa o Sr. Otero Martínez: segun a aumenta-los gastos de persoal e noutra orde agradaríalle aprobarlos así e que o presupuesto fose eficaz, non obstante ve difícil que teña futuro e a nova Corporación que saia das vindeiras eleccións locais terá difícil posto que se está a producir un deterioro contínuo na capacidade da xestión do Concello, por iso non prestará aprobación ós mesmos.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 12

127

### Segunda tanda de intervencións:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o seu Grupo esperaba que no debate o Grupo Popular comunicase os investimentos que a Comunidade Autónoma ten previsto realizar en Betanzos en 1995; en canto á quebra técnica do Concello, ese dato dáo o coeficiente de endebedamento que é bastante baixo no momento actual.

Continúa o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que os mecanismos para a aprobación do presupuesto son do más profundos; convocouse ós Grupos con anterioridade suficiente, subministrouse documentación ós Grupos; agás do Grupo de Gobierno, só o Grupo Popular fixo aportacións equivalentes ó 13,7% do presupuesto e iso desvirtúa ó Grupo Popular para un voto negativo ó presupuesto, agradecendo feitos concretos e unha alternativa global dado que o único obxectivo é que Betanzos progrese.

- O Sr. Pita Varela: lamenta a descalificación realizada ós Grupos da oposición, é evidente que o Grupo Popular é unha alternativa real non cuestionando que o Grupo de Gobierno sexa maioría; o Grupo de Gobierno ten por sistema ocultar tódalas subvencións que recibe da Xunta de Galicia e esta última limitase a dotar de infraestructuras a Galicia.

Continúa o Sr. Pita Varela: o Grupo Popular aproba o 97% das propostas, non como cando o Grupo de Gobierno estaba na oposición; en canto a construir colexios, matadeiros e vivendas sociais, hai que poñer terreos, recordando que o Concello non é unha empresa inmobiliaria.

- O Voceiro do Grupo BNG non fai uso da segunda tanda de intervencións.


- O Alcalde-Presidente: que á vista das intervencións dos Grupos e as posturas adoptadas, concederase unha terceira tanda de intervencións ós Grupos Políticos co obxecto de enriquece-lo debate.

### Terceira tanda de intervencións:

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que o Grupo de Gobierno sempre presentou alternativas, estando á espera de que se lle conteste se a Xunta de Galicia investirá algo en Betanzos para 1995, cando a título de exemplo construirá no Concello de Paderne unha 3ª fase de traída de augas, sendo evidente que o Grupo Popular non coñece o coeficiente de endebedamento do Concello de Betanzos e así mesmo que a Xunta non ten previsto construir máis vivendas sociais en Betanzos.

- O Sr. Pita Varela: non existen terreos cedidos á Xunta de Galicia para a construcción de vivendas sociais en Betanzos, debendo consignarse no presupuesto máis cantidades para iso, así como fomentar desde o Concello o emprego xuvenil fomentando a promoción social e que Betanzos compita tendo imaxinación e proxectos como aparcamentos públicos ó igual que noutras cidades.

- O Sr. Otero Martínez: que os presupostos son un reflexo real da xestión do equipo de goberno e no seu momento o electorado decidirá; a historia é sempre a mesma, non hai acordos coa Deputación nin coa Comunidade Autónoma. Os





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 13 128

presupostos marcan criterios políticos, está de acordo co manifestado polo Grupo Popular dado que non existe partida para promoción económica, pero no seu momento o pobo manifestarase.

- O Sr. Alcalde-Presidente: agradece as aportacións ós Grupos Políticos, indica que o debate dos presupostos é democrático e participativo, cumpriuse un calendario efectuándose reunións nas comisións e deuse aire puro ós mesmos recollendo ampliacións e propostas dos Grupos Políticos.

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: que lamenta que algunas institucións como a Xunta de Galicia non teñan investimentos importantes para Betanzos, existindo polo tanto discriminacións, o que esixirá un maior esforzo económico ó Concello, xa que o Goberno Municipal non aceptará a marxinación do municipio e buscará os medios precisos para que se encontre á cabeza dos de Galicia en canto a dotación e melloras. Pese a esta marxinación conseguirase que Betanzos medre.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, seis (6, corresponden cinco -5- ó Grupo Popular e un -1- ó Grupo BNG); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, adóptanse os seguintes acordos:  
"Primeiro.- Prestar aprobación provisional ó presupuesto xeral para o exercicio económico de 1995.= Segundo.- Prestar aprobación á plantilla de persoal funcionario/laboral para o exercicio económico de 1995.= Terceiro.- Prestar aprobación á oferta pública de emprego para o exercicio de 1995, a cal estará formada por todas aquelas vacantes existentes na plantilla de funcionarios/laboral para o exercicio económico de 1995, más todas aquellas que se produzcan por xubilación, etc. durante o mesmo. As devanditas prazas serán cubertas polos procedementos de selección que para cada unha das prazas determinen as bases xerais/específicas que no seu momento aprobe o Pleno da Corporación Municipal.= Cuarto.- Os devanditos expediente daráselle-lo trámite previsto pola lexislación en vigor.= Quinto.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quén delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Di así o resumo por capítulos do presupuesto municipal para o exercicio de 1995:

### CONCELLO DE BETANZOS

#### ESTADO A: PRESUPUESTO DE INGRESOS DE 1995

#### A-1 : RESUMO ECONOMICO POR CAPITULOS

| CLASIFICACION ECONOMICA | EXPRESION DOS INGRESOS   | PESETAS     |
|-------------------------|--------------------------|-------------|
| 1                       | IMPOSTOS DIRECTOS        | 189.000.000 |
| 2                       | IMPOSTOS INDIRECTOS      | 50.000.000  |
| 3                       | TAXAS E OUTROS INGRESOS  | 100.377.183 |
| 4                       | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 300.740.163 |





**EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS**

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



Páxina 14 129

|                               |                               |                    |
|-------------------------------|-------------------------------|--------------------|
| 5                             | INGRESOS PATRIMONIAIS         | 5.400.000          |
| 6                             | ALLEACION INVESTIMENTOS REAIS | 37.500.000         |
| 7                             | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL     | 94.682.654         |
| 8                             | ACTIVOS FINANCIEIROS          | 2.300.000          |
| 9                             | PASIVOS FINANCIEIROS          | 70.000.000         |
| <b>TOTAL PRESUPUESTO.....</b> |                               | <b>850.000.000</b> |

**ESTADO B: PRESUPUESTO DE GASTOS DE 1995**

**B-5 : RESUMO ECONOMICO POR CAPITULOS**

| CLASIFICACION - EXPRESION DOS GASTOS |                                   | PESETAS            |
|--------------------------------------|-----------------------------------|--------------------|
| ECONOMICA                            |                                   |                    |
| 1                                    | GASTOS DE PERSONAL                | 348.592.229        |
| 2                                    | GASTOS BENS CORRENTES E SERVICIOS | 231.907.586        |
| 3                                    | GASTOS FINANCIEIROS               | 26.470.000         |
| 4                                    | TRANSFERENCIAS CORRENTES          | 24.950.000         |
| 6                                    | INVESTIMENTOS REAIS               | 179.662.561        |
| 7                                    | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL         | 100.000            |
| 8                                    | ACTIVOS FINANCIEIROS              | 3.100.000          |
| 9                                    | PASIVOS FINANCIEIROS              | 35.217.624         |
| <b>TOTAL PRESUPUESTO.....</b>        |                                   | <b>850.000.000</b> |

**ESTADO B: PRESUPUESTO DE GASTOS DE 1995**

**B-1 : RESUMO FUNCIONAL POR GRUPOS**

| CLASIFICACION - EXPRESION DOS GASTOS |   | PESETAS            |
|--------------------------------------|---|--------------------|
| FUNCIONAL                            |   |                    |
| 1                                    | SERVICIOS DE CARACTER XERAL                       | 125.752.372        |
| 2                                    | SEGURIDADE CIDADA E PROTECCION CIVIL              | 62.760.560         |
| 3                                    | SEGURIDADE, PROTECCION E PROMOCION SOCIAL         | 154.700.000        |
| 4                                    | PRODUCCION DE RENS PUBLICOS DE CARACTER SOCIAL    | 314.046.467        |
| 5                                    | PRODUCCION DE BENS PUBLICOS DE CARACTER ECONOMICO | 88.814.773         |
| 6                                    | REGULACION ECONOMICA DE CARACTER XERAL            | 42.908.204         |
| 9                                    | TRANSFERENCIAS A ADMONS. PUBLICAS                 | 100.000            |
| 0                                    | DEBEDA PUBLICA                                    | 60.917.624         |
| <b>TOTAL PRESUPUESTO.....</b>        |   | <b>850.000.000</b> |

**1000.- PRESTAR APROBACION A RECTIFICACION DO INVENTARIO DE BENS O 31-12-1994.**

Dase conta ó Pleno do expediente incoado para prestar aprobación á rectificación do inventario de bens ó 31-12-1994.

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Di así o resumo xeral por epígrafes e grupos: "Inventario do patrimonio municipal referido ó día 31 de decembro de 1994. INDICE-RESUMO XERAL POR EPIGRAFES E GRUPOS:





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 27/12/1994



F: 130

Páxina: 15

## Nº E DENOM. DO EPIGRAFE/Nº DE BENS OU DEREITOS/VALOR (Ptas.)

| 1º BENS INMOBLES   |     |               |  |
|--|-----|---------------|--|
| - Grupo A.- Fincas urbanas   | 43  | 2.240.380.000 |  |
| - Grupo B.- Fincas rústicas  | 132 | 763.886.287   |  |
| - Grupo C.- Vías públicas  | 88  | 809.987.250   |  |
| - Grupo D.- Fontes e lavadeiros  | 52  | 30.025.000    |  |
| 2º DEREITOS REAIS  | 2   | 1.852.500     |  |
| 3º BENS MOBLES DE CARACTER HISTORICO, ARTISTICO OU DE CONSIDERABLE VALOR ECONOMICO | 5   | 72.000.000    |  |
| 4º VALORES MOBILIARIOS, CREDITOS E DEREITOS DE CARACTER PERSONAL DA CORPORACION    | —   | —             |  |
| 5º VEHICULOS   | 20  | 38.910.000    |  |
| 6º SEMOVIENTES   | —   | —             |  |
| 7º MOBLES NON COMPRENDIDOS NOS ANTERIORES EPIGRAFES                                | 256 | 536.097.849   |  |
| SUMA TOTAL.....  |     | 4.493.138.886 |  |

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación á rectificación do inventario de bens ó 31-12-1994.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

## 1100.- REITERA-LA PETICION FORMULADA POLA ALCALDIA A CONSELLERIA DE EDUCACION E A PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCION DUN POLIDEPORTIVO CUBERTO NO COLEXIO PUBLICO VALES VILLAMARIN.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía sobre reitera-la petición formulada pola Alcaldía á Consellería de Educación e á Presidencia da Xunta de Galicia para a construcción de un polideportivo cuberto no colexio público "Vales Villamarín".

Propón a Alcaldía-Presidente se adopten os seguintes acordos: "Primeiro.- Reitera-la petición formulada pola Alcaldía-Presidente o 2-11-94 á Consellería de Educación e á Presidencia da Xunta de Galicia para a construcción dun polideportivo cuberto no colexio público "Vales Villamarín".= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados do acordo adoptado."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 27/12/1994



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

131

Páxina: 16

Está informado favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: ten entendido que nos últimos días se celebraron convenio a tres bandas (Concellería de Educación, Deputación e Concellos) para dotación de instalacións deportivas a centros educativos; para Betanzos solicitaronse en varias ocasións, existindo terreos para iso.

Continúa o Sr. Otero Martínez: o seu Grupo cree que nin a Xunta ten intención de construilo nin o concello realizou os trámites necesarios para a inclusión da construcción das instalacións deportivas nos convenios e témeso que todo siga igual un ano máis, por iso solicita información ós representantes dos Grupos.

- O Sr. Pita Varela: coincide co representante do BNG, pero só coñece a resposta da Xunta e é a que lle consta, informa que a Consellería cede o uso da propiedade para construir e a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta e as Deputacións realizan as actuacións, cónstalle que ó colexio de Betanzos se lle deu carácter prioritario.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): coincide igualmente co Voceiro do BNG; indica que hai unha resposta concreta da Xunta de Galicia, donde se lle dá o carácter de prioritario ó colexio público de Betanzos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que dará lectura á contestación que consta no expediente. Di así: "Xunta de Galicia.= O Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.= Santiago de Compostela, 13 de xullo de 1994.= D. Manuel Lagares Pérez. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Betanzos (A Coruña).= Estimado señor Alcalde: En relación co escrito dirixido ó Excmo. Sr. Presidente, sobre a necesidade de que o colexio público de "Vales Villamarín" desa Vila conte cunhas instalacións deportivas cubertas axeitadas, comunicolle que o polideportivo para o citado centro figura no primeiro lugar dunha relación priorizada de futuras construcciones de polideportivos que trataremos de llevar a cabo, tan pronto como sexa posible, a raíz da firma dun posible convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e máis esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.= Aproveita a ocasión para saudalo cordialmente."

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: que posteriormente se dirixiu á Consellería en novembro e con esta actuación trátase de defender ós nenos de Betanzos e ás institucións e se concreticen os investimentos.

- O Sr. Otero Martínez: que coñece o escrito, pero insiste que posiblemente non se fixeron as xestións ante os organismos correspondentes, e iso traerá como consecuencia que outros colexios terán as instalacións antes que Betanzos, con todo o carácter prioritario que se lle deu.

- O Sr. Alcalde-Presidente: non comparte o criterio do BNG, fixéronse as xestións necesarias e as máximas autoridades





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

132

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 17

galegas manifestaron o seu compromiso. Distinto é que non se cumplran.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, quince (15, os emitidos polo Grupo de Goberno -10- e o Grupo Popular -5-); votos en contra, non se formulan; abstencións, unha (1, corresponde ó Grupo BNG).

En consecuencia, adóptanse os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Reitera-la petición formulada pola Alcaldía-Presidencia o 2-11-94 á Consellería de Educación e á Presidencia da Xunta de Galicia, para a construcción dun polideportivo cuberto no colexio público "Vales Villamarín", a que di así: "2 de novembro de 1994. Sr. Conselleiro de Educación de Ordenación Universitaria. Santiago.= Estimado Sr.: En referencia á súa contestación, da que lle acompañó fotocopia, de data 13 de xullo de 1994, na que me comunicaba a priorización das instalacións deportivas do colexio público "Vales Villamarín", e tendo en coñecemento, tanto este Concello como membros da comunidade escolar do referido centro, de actuacións anteriores noutros colexios da provincia, pídolle que aplique a prioridade que me decía a tratar de facerse de inmediato as melloras no "Vales Villamarín", ás que se refería, por tratarse dunha necesidade perentoria nun centro que ten, posiblemente, o maior número de alumnos de toda a Comunidade Autónoma.= Aproveito a ocasión para enviarlle un afectuoso saúdo. Cordialmente. O Alcalde-Presidente. Asdo/ Manuel Lagares Pérez."= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Conselleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados do acordo adoptado."

Tanda de explicación do voto:

- O Sr. Otero Martínez: o seu Grupo pronunciase pola abstención dado que entende que isto non terá utilidade ningunha e non servirá para nada.


### 1200.- PRESTAR APROBACION OS PROXECTOS A INCLUIR NO FONDO DE COOPERACION LOCAL DE 1995.

Dase conta ó Pleno de Moción do Delegado de Infraestructuras e Acción Rural relacionada cos proxectos a incluir no fondo de cooperación local de 1995.

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó proxecto das seguintes obras a incluir no plan de cooperación coas entidades locais para 1995: dotación de servicios Cascas-Sagrado Corazón-Infesta e dotación de servicios de Vista Alegre-Castro, por un importe de 7.323.133,- ptas. (sete millóns trescentas vintetres mil cento trinta e tres pesetas).= SEGUNDO.- Solicitar da Consellería de Economía e Facenda a subvención correspondente ó noso Concello para a realización das citadas obras, de acordo co modelo aprobado no seu día (DOG nº 237 de 12-12-94).= TERCERIO.- Aceitar íntegramente os termos e prescripcións do Decreto





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

133

Pleno: 27/12/1994

Páxina: 18

353/94 do 2 de decembro, de cooperación coas entidades locais para 1995, polo que se regula a cooperación coas entidades locais para o exercicio de 1995.= CUARTO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

## 1300.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE PETICIÓN A DELEGACIÓN DA CPTOPV DA XUNTA DE GALICIA SOLICITANDO MEDIDAS CORRECTORAS NA C-540 (CRUCE DAS CASCAS).

Dase conta ó Pleno de Moción do Delegado de Infraestructuras e Acción Rural sobre petición á CPTOPV da Xunta de Galicia solicitando medidas correctoras na C-540.

Propón o Delegado de Infraestructuras e Acción Rural se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Dirixirse mediante acordo corporativo á Delegación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, solicitando se adopten as medidas que corrixe o afundimento que se está a producir na C-540, no cruce das Cascas (fronte ó lavadeiro público).= SEGUNDO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en que delegue para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución de tal fin".

Está informada favorablemente -unanimidade- pola Comisión de Programación.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo votará a favor, non obstante, fai constar que é unha lástima que non se tivera máis sensibilidade á hora de dar liñas de edificación no devandito cruzamento, posto que se impedirá que os vehículos especiais realicen mellor as manobras.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que xa foron varias as matizaciones con respecto ó asunto; as liñas de edificación que se sinalan remítense á vixente normativa urbanística no municipio.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Dirixirse mediante acordo corporativo á Delegación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, solicitando se adopten as medidas que corrixe o afundimento que se está a producir na C-540, no cruce das Cascas (fronte ó lavadeiro público).= SEGUNDO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución de tal fin."

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia procédese a levanta-la sesión, sendo as vintedúas horas e vintecinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

134

Pleno: 27/12/1994



Páxina: 19

O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,



F/. José Cortés Carro





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 135

ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA TRINTA E UN  
DE XANEIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras  
D. José R. García Vázquez.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Barús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.


Non asistiron, con desculpa:

D. José Domínguez Rivas, Concelleiro do PSdeG  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz, Concelleira do PP

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de xaneiro de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Fai uso da palabra o Sr. Pita Varela, roga -unha vez mais- que se proceda á grabación das sesións en soporte magnético, o que facilitará que consten literalmente en acta os criterios en que se basean os posicionamentos dos Grupos Políticos en relación cos asuntos que se tratan nas sesións.





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 31/01/95

Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

páxina: 2


135B

Por unanimidade, préstase aprobación á acta da sesión celebrada o vintesete de decembro de 1994.

## 200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Seguidamente, dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- A Comisión Provincial de Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia, comunica acordo adoptado o 20-12-94, relacionado coa modificación puntual número sete das normas subsidiarias de planeamento urbanístico de Betanzos, di así a parte dispositiva: "EXAMINADO o expediente TP 107/94, relativo a proxecto de "modificación puntual nº 7 das normas subsidiarias de planeamento do termo municipal de Betanzos", relativa a reclasificación de terreos nas zonas de A Condesa, vista Alegre e rúa Saavedra Meneses, que foran aprobadas inicialmente polo Concello de Betanzos en sesión plenaria do 28 de abril de 1994, e provisionalmente en sesión plenaria do 22 de xullo de 1994.= VISTO o informe da Ponencia Técnica, a Comisión Provincial de Urbanismo, por unanimidade, acordou:  
1º.- APROBAR DEFINITIVAMENTE, ós efectos previstos no artigo 118.3 do Real Decreto Lexislativo 1/1992, do 26 de xuño, a modificación das normas subsidiarias de planeamento municipais relativa á reclasificación de terreos na rúa Saavedra Meneses, coa seguinte especificación: - Será de obrigado cumprimento a lexislación vixente en materia de estradas.= 2º.- SUSPENDE-LA aprobación definitiva da modificación das normas subsidiarias de planeamento municipais relativa a reclasificación de terreos na zona de A Condesa, para que se subsanen as seguintes deficiencias: - Deberá xustificarse suficientemente que os terreos disponen dos servicios urbanísticos requeridos polo artigo 10 da vixente Lei do Solo para ser considerados como urbanos. - Deberán cumplimentarse as especificacións sinaladas nos informes vinculantes do 14 de novembro de 1994, emitido polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, en materia de estradas, e no informe do 7 de novembro de 1994, da Xefatura Provincial de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.  
- Deberá preverse a ordenación detallada dos terreos que se pretenden clasificar como urbanos, con sinalamento das alineacións e rasantes se non estivera previsto un Plan Especial que ordene este solo (artigo 78 da Lei do Solo).= 3º.- DENEGA-LA aprobación definitiva da modificación das normas subsidiarias de planeamento relativa a clasificación de solo na zona de Vista Alegre dado que os terreos que se pretenden clasificar como urbanos non disponen dos servicios urbanísticos nin do grao de consolidación pola edificación que exixe o artigo 10 da vixente Lei do Solo, e por estar afectados polas servidumes e limitacións establecidas pola Lei 22/88, do 28 de xullo, de Costas, a Lei 27/88, do 29 de xullo,





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

páxina: 3

136

de Estradas, e a Lei 16/1987, do 30 de xullo de Ordenación dos Transportes Terrestres, carecendo dos preceptivos informes."

202.- Dase conta ó Pleno, ós efectos oportunos previstos na Lei 39/88 de Facendas Locais, da operación de tesourería a curto prazo número 411507670, por importe de 30.000.000,- de pesetas, concertada entre o Concello de Betanzos e a entidade financeira Banco de Crédito Local SA.

### 300.- PRESTAR APROBACION AS BASES DA OPOSICION LIBRE PARA CUBRIR EN PROPIEDADE TRES PRAZAS DE POLICIAS LOCAIS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ás bases da oposición libre para cubrir en propiedade tres prazas de policías locais.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade. En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- PRESTAR APROBACION ás bases da oposición libre, para cubrir en propiedade tres prazas de policías locais.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."


### 400.- PRESTAR APROBACION AS BASES DO CONCURSO DE MERITOS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE CABO DA POLICIA LOCAL.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ás bases do concurso de méritos para cubrir unha praza de cabo da policía local.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día, previa inclusión dunha limitación no apartado 2-G das bases, no sentido de limita-la puntuación por asistencia a cursos a un máximo de tres puntos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, de acordo co dictame emitido pola Comisión de Programación. En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- PRESTAR APROBACION ás bases que rexirán o concurso de méritos para cubrir unha praza de cabo da policía local.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

As 20:45 horas incorpórase á sesión a Sra. Faraldo Botana.





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 4

137

10

## 500.- MOCION DO GRUPO SOCIALISTA RELACIONADA CON PROPOSTA QUE SE EFECTUA A CONSELLERIA DE EDUCACION PARA A CONSTRUCCION DE FUTUROS CENTROS EDUCATIVOS NA CIDADE.

Dase conta ó Pleno de moción do Grupo Socialista relacionada con proposta que se efectúa á Consellería de Educación para a construcción de futuros centros educativos na cidade.

Propón o Grupo Socialista se adopten os seguintes acordos: "Que se estudien conxuntamente as necesidades educativas concretas para considera-los terreos que se precisen y que a Consellería poida dispoñer dos mesmos para garantí-lo futuro educativo de Betanzos.= Ademais e se se ten en conta que se está no período da revisión das normas municipais de planeamento, entenderase que é o momento oportuno de conseguir los espacios necesarios para tan prioritaria función.= Desta maneira o Concello ofrece a iniciativa que desde a Xunta se precisa para programa-la construcción de novas unidades escolares xa que, ata o momento, a comuniadade autónoma non realizou ningunha xestión co municipio para dispoñer dos terreos precisos para novas construccions."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:


### 1ª tanda de intervencións:

- O Sr. Pita Varela: manifesta que co fondo da moción non está en desacordo, pero que existe inconcreción e se mesturan cuestiōns, introducindo algunas alleas que non son competencia do Concello, como exemplo a mobilidade dos funcionarios que non ten relación coa problemática educativa, sendo iso unha nota atípica.

- Continúa o Sr. Pita Varela: a moción obxecto deste punto da orde do día é unha declaración de insuficiencia de espacio físico para as instalacións e todos coñecen que quen o subministra son os concellos, iso vese tódolos días en diversas actuacións, incluso comprando no mercado os terreos necesarios. Pódese falar de negociar, pero en concreto non se menciona nada.

- Segue o Sr. Pita Varela: o Concello de Betanzos carece de espacio axeitado para instalacións educativas posto que o último existente onde podían caber non o imos ter; en definitiva, o documento é unha inconcreción, posiblemente habería que concreta-las cuestiōns doutra maneira e facer previsións de futuro e co fondo do diálogo está de acordo, rogando concreción.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): en representación do seu grupo, matizará o contido da moción; trátase de algo acordado polos Grupos en datas pasadas para que se planifique educativamente Betanzos e a súa comarca e incidir na Consellería de Educación da vontade de diálogo pero con matices concretos. En canto á oferta de solo para





instalacións, esta contemplada nas normas subsidiarias de planeamento do Concello de Betanzos; preocúpalle a mobilidade do profesorado posto que se pretende un obxectivo: planificar e previr e así ofertar os terreos correspondentes nunha comisión, participando a Consellería de Educación.

- O Sr. Otero Martínez: que do posicionamento dos Grupos Políticos se desprende que todos están de acordo, existindo un tira e afloxa na situación; o que está claro é que a situación é de improvisación total a menos de un ano vista para a aplicación da LOGSE e o que tamén está claro é que o concello ten competencias educativas pero a maior parte son da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: a moción é inconcreta, pero a maior inconcreción no día de hoxe corresponde á Consellería de Educación posto que -parece ser- está sen elebora-la rede de centros e, noutra orde, non responde á petición do Concello para entablar conversas; solicita que de decidirse a actividade da comisión, se debería concretala mesma incluso prescindindo da Consellería de Educación e ofertar concretando as necesidades que hai e anticiparse, sendo iso imprescindible.

#### 2ª tanda de intervencións:


- O Sr. Pita Varela: neste momento non vai explicar quen implantou nin quen elaborou a LOGSE, pero sí que é unha lei do goberno central, non existindo financiación en ningún sitio. En canto á rede de centros, con solicitar información á Consellería de Educación está solucionado. Se existe demanda de terreos para as instalacións quen ten que facer algo é o Concello; deberíase crea-la comisión, ve-la problemática real e adoptar posturas, o que se está a facer é un tira e afloxa podendo botar así 25 anos, esto non quere dicir que o seu Grupo se oponha a iso.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que a Consellería debería participar cos concellos podéndolle solicitar colaboración non esixirla; o seu Grupo está de acordo co espírito final do documento posto que a problemática educativa pasa por dispoñer de espacios físicos.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): que no fondo coincídese co obxectivo da moción; a realidade é que os centros educativos teñen unha dependencia do Concello de Betanzos porque se van necesitar terreos para as instalacións educativas, nas normas subsidiarias de planeamento hai ofertas de terreo e desde o punto de vista docente necesítase coñecer que fará a Consellería de Educación coa educación en Betanzos; é necesario que se constitúa a comisión; cré que a moción se debe aprobar, esperar contestación nun prazo breve e despois decidir posturas e decisións.

- O Sr. Otero Martínez: considera e cónstalle que a comisión tanto coa Consellería como sen ela estaría abondo capacitada, estando convencido do éxito da mesma.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que no fondo tódolos Grupos están de acordo en que hai que planifica-lo futuro educativo de Betanzos, lamenta a falta de interese da Consellería de





Día: 31/01/95

páxina:

6

139

Educación con Betanzos posto que o Pleno da Corporación está formado por representantes do pobo e ó pobo tomouseo de broma pola Consellería de Educación.


- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: que a comisión non se pode establecer sen a Consellería porque desa forma non se coñecerán os criterios da mesma e que poden ser -a modo de exemplo- a dispersión dos centros educativos; se a Consellería de Educación respostase positivamente os Grupos estudiarián ofertas concretas e así contemplalas dentro das normas subsidiarias de planeamento urbanístico, a modificación das cales se encontra en trámite.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Que se estudien conxuntamente as necesidades educativas concretas para considera-los terreos que se precisen e que a Consellería poida dispoñer dos mesmos para garantiza-lo futuro educativo de Betanzos.= Ademais e se se ten en conta que se está no período da revisión das normas municipais de planeamento, entenderase que é o momento oportuno de conseguir-los espacios necesarios para tan prioritaria función.= Desta maneira o Concello ofrece a iniciativa que desde a Xunta se precisa para programa-la construcción de novas unidades escolares xa que, ata o momento, a comunidade autónoma non realizou ningunha xestión co municipio para dispoñer dos terreos precisos para novas construccions.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

#### 600.- DAR CONTA DE ACORDO ADOPTADO POLA COMISION PROVINCIAL DE URBANISMO EN RELACION CO PLAN PARCIAL DE PIADELA E ADOPCION DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno do acordo adoptado pola Comisión Provincial de Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia, en relación co plan parcial de Piadela.

Di así a parte dispositiva: "SUSPENDE-LA aprobación definitiva do plan parcial do polígono industrial de Piadela, en Betanzos, ós efectos que determina o artigo 132.3 b) do Regulamento de Planeamento Urbanístico, para que sexan subsanadas as seguintes deficiencias: 1º.- Deberán cumplimentarse os informes preceptivos e vinculantes emitidos polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, de data 2 de decembro de 1994, e por RENFE, de data 24 de novembro de 1994, en materia de estradas e ferrocarriles respectivamente. 2º.- Deberá axustarse a edificabilidade contemplada no plan parcial á edificabilidade prevista nas vixentes normas subsidiarias de planeamento vixentes que é de 0,7 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> sobre parcela edificable e non sobre a totalidade do ámbito do sector.= 3º.- Determina-lo carácter público ou privado das dotacións previstas.= 4º.- Na zona deportiva debe especificarse o uso deportivo como principal e prohibirse os que sexan incompatibles co mesmo.= 5º.- De acordo co disposto





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

páxina: 7

140

19

no Real Decreto Lexislativo 1/1992 de 26 de xuño, no seu artigo 27.2 en relación coa súa disposición transitoria primeira, o aproveitamento urbanístico susceptible de apropiación polos propietarios do solo será o 85% do aproveitamento que resulte do establecido no plan parcial.= 6º.- Así mesmo, en cumprimento do dispuesto no artigo 20 do citado Real Decreto Lexislativo 1/1992, os propietarios do solo están obrigados a ceder los terreos nos que se localice o aproveitamento correspondente ó Concello, por exceder do susceptible de apropiación privada, ou, no seu caso, adquirirlo dito aproveitamento polo seu valor urbanístico."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día, no sentido de incorpora-las correccións sinaladas pola Comisión Provincial de Urbanismo.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó anexo ó plan parcial de ordenación do polígono industrial de Piadela (Betanzos), o que contén as correccións sinaladas pola Comisión Provincial de Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia, no acordo adoptado pola mesma o 20-12-94 (Expte. 065/94) relacionado co referido plan parcial.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 700.- DAR CONTA DE CONVENIO SUBSCRITO ENTRE Dª EMILIA BLANCO RODRIGUEZ VARELA RODRIGUEZ E O CONCELLO DE BETANZOS, REGULADOR DE POSTA A DISPOSICION -CESIÓN- DE TERREOS A FAVOR DO MESMO E ADOPCION DE ACORDO.


Dase conta ó Pleno do convenio subscrito entre Dª Emilia Blanco Rodríguez Varela Rodríguez e o Concello de Betanzos, regulador de posta a disposición -cesión gratuita- de terreos situados entre a parte posterior da rúa Valdoncel e o río Mendo a favor do Exmo. Concello de Betanzos, a descripción e superficie dos cales constan no referido convenio.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, coa abstención do Grupo BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: entende que a petición é un agravio comparativo cos demás afectados. O seu Grupo entende que existen outros mecanismos para que, sen efectuar variacións no vial previsto nas normas, se poida chegar a acordos puntuais cos propietarios dos terreos afectados, por iso votará en contra.

- O Sr. Pita Varela: que realizará dúas matizaciones: 1º) Está de acordo con todo o que sexa positivo sempre que quede claro que o tratamento do grao de edificabilidade e o reparto





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 18

141

proporcional sexa igual para todos los afectados da zona; 2º) non entende o exposto polo Grupo BNG, posto que a mesma edificabilidade será aplicable ós demais, por iso o seu Grupo non se oponerá.

- O Sr. Alcalde-Presidente: matiza que o único que se realiza neste convenio é acepta-la cesión gratuita dun terreo -libre de cargas- a favor do Concello, a variación de alineacións será obxecto de tratamento no correspondente estudio de detalle; gustaríalle que se indicase á Alcaldía de que outra forma se pode conseguir que se liberen terreos particulares con destino a uso público.

Sometío o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, catorce (14, os emitidos polo Grupo de Goberno e o Grupo Popular); votos en contra, un (1, o emitido polo Grupo BNG); abstencións, non se formulan.

Como consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación a CONVENIO subscrito entre Dña Emilia Blanco Rodríguez Varela Rodríguez e o Concello de Betanzos, regulador de posta a disposición -cesión gratuita- de terreos -libres de cargas-, situados entre a parte posterior da rúa Valdoncel e o río Mendo, a favor do Excmo. Concello de Betanzos, a descripción, superficie e situación exacta dos cales constan no referido documento.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."


### 800.- DAR CONTA DE CONVENIO SUBSCRITO ENTRE D. ANTONIO CONCHEIRO CAAMAÑO E O EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS, REGULADOR DA OCUPACION DIRECTA DUN TERREO DOTACIONAL NA PRAZA DA MARINA DE BETANZOS E ADOPCION DE ACORDO.

Dase conta ó Pleno do convenio subscrito entre D. Antonio Concheiro Caamaño e o Excmo. Concello de Betanzos, regulador da ocupación directa dun terreo dotacional (artigo 203 da Lei do solo, texto refundido de 1992), libre de cargas e gravames, dunha superficie que ascende a 163 metros cadrados, delimitados con resto de muros de mampostería dunha antiga edificación hoxe derrubada na praza da Marina de Betanzos, ó obxecto de destinár ó uso público a superficie hoxe cerrada e ocupada polos restos da edificación mencionada.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: que o seu Grupo, así como o ten claro no anterior punto da orde do día, neste veno confuso, resulta que se transfiere o aproveitamento urbanístico á unidade de actuación número cinco, pero non se concreta o mesmo nin cal é a compensación; na súa opinión sería mellor cuantifica-los dereitos, antes realiza-la correspondente valoración e que non





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleño: 31/01/95



Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

páxina: 9

142  
9

quede o convenio inconcreto, ó seu Grupo agradaríalle que a valoración constase en documento oficial; non obstante a ocupación directa do terreo é unha demanda longo tempo solicitada polos veciños.

- O Sr. Alcalde-Presidente: é evidente que, no caso presente, non se fan as interpretacións de forma correcta, como evidente que cada Grupo pode manifestarse como estime oportuno, na mesma orde estima que este convenio é favorable para Betanzos, porque se pon a disposición do Concello -de forma gratuita para o mesmo- un terreo para uso público, transladando os dereitos urbanísticos do propietario a unha unidade de actuación urbanística onde existen outros afectados, en canto a cuantifica-lo valor dos dereitos, realizarase oportunamente polos servicios técnicos locais.

- Continúa o Sr. Alcalde-Presidente: o que realmente interesa é o consegui-lo terreo para uso público e a súa posta a disposición do Concello.


- O Sr. Pita Varela: que non se pode cuestionar la capacidade de negociar dos demás, pensa que hai escasa capacidade de negociación; neste asunto estanse a mezclar dous cousas distintas das que dixo o Grupo Popular, non se falou para nada da UA-5, só de incorporar unha valoración para que non quede a "posteriori"; o lóxico é que figure a indemnización e así evitar problemas.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que lle parecen ben os acordos, pero pode haber unha taxación e dar valores específicos á propiedade do Sr. Concheiro por se no seu día non se chega a acordos; é o único que pide, non obstante, votarán a favor.

- O Sr. Alcalde-Presidente: do convenio non se deduce o que interpreta o Grupo Popular, dado que non existe malicia ningunha; o valor correspondente ó aproveitamento urbanístico do terreo da ocupación directa do cal se trata, será transladado á UA-5 con criterios técnicos, pensa que proximamente existirán mais compromisos semellantes ó caso que nos ocupa.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación a convenio subscrito entre D. Antonio Concheiro Caamaño e o Excmo. Concello de Betanzos, regulador da ocupación directa dun terreo dotacional -libre de cargas e gravames- cunha superficie que ascende a 163 metros cuadrados, delimitados con resto de muros de mampostería dunha antiga edificación hoxe derrubada na praza da Marina de Betanzos, ó obxecto de destinar ó uso público a superficie hoxe cerrada e ocupada polos restos da edificación mencionada.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 31/01/95

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 10

143

## 900.- PRESTAR APROBACION INICIAL O ESTUDIO DE DETALLE PARA REAXUSTE DE ALINEACIONS ENTRE A PONTE NOVA E A PONTE DO CARREGAL.

Seguidamente, dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación inicial ó estudio de detalle para reaxuste de alineacions entre a Ponte Nova e a ponte do Carregal.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo BNG.


Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, catorce (14, os emitidos polo Grupo de Goberno e o Grupo Popular); votos en contra, un (1, o emitido polo Grupo BNG); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación inicial ó estudio de detalle para reaxuste de alineacions entre a Ponte Nova e a ponte do Carregal.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados.

## 1000.- DAR CONTA DE ESCRITO DA CONSELLERIA DE SANIDADE SOBRE OBRAS DE MELLORA DO SERVICIO DE URXENCIAS DO AMBULATORIO DE BETANZOS E ADOPCION DOS OPORTUNOS ACORDOS.

Dase conta ó Pleno de escrito da Consellería de Sanidade sobre obras de mellora do servicio de urxencias do ambulatorio de Betanzos, di así: "Co fin de mellora-lo servicio de urxencias do ambulatorio dese Concello, o Servicio Galego de Saúde pretende a ampliación do mesmo.= Para tal efecto redactou o oportuno proxecto básico e de execución no que se prevé que a nova edificación se ubique, por se-la solución mais funcional para o edificio, en terreos calificados como de uso opúblico no plan especial de reforma interior, UA-3 e que no proxecto de urbanización se destina a xogos infantís.= Considerando a mellora substancial que se producirá no ambulatorio e que as condicións do lugar (patio cerrado por tres lados, cheminea de calefacción, canalizacions eléctricas subterrâneas) non parecen as idóneas para ubicar unha área de recreo infantil, solicitamos se modifique o planeamento citado para poder levar a cabo a ampliación do servicio de urxencias do ambulatorio.= Así mesmo comunicolle que o Servicio Galego de Saúde se compromete a executar o novo cerramento da parcela e a correspondente urbanización e accesos que se inclúan dentro dos nosos terreos.= Se é necesario aportar máis datos poden consulta-lo proxecto de reforma e ampliación do ambulatorio enviado recentemente ou dirixirse á Subdirección Xeral de Investimentos (tel.: 54 27 63) dependente desta Dirección Xeral."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa reserva de voto ó Pleno do Grupo BNG.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 31/01/95

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 11

144

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: entende que onde se manifestará o posicionamento dos Grupos, será no punto 17 da orde do día, onde se contempla a petición do SERGAS.

- O Sr. Pita Varela: maniféstase en igual sentido que o voceiro do Grupo BNG.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que, non obstante e dado que existe unha petición do Servicio Galego de Saúde, parece oportuno manifestarse sobre a mesma.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación á proposta que efectúa o Servicio Galego de Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sobre obras de mellora do servicio de urxencias do ambulatorio de Betanzos.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1100.- MOCION DA ALCALDIA SOBRE ESTABLECER UN CONVENIO COA DIRECCION XERAL DE XESTION CATASTRAL E COOPERACION TRIBUTARIA PARA A COLABORACION NA XESTION CATASTRAL.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía sobre establecer un convenio coa Dirección Xeral de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria para a colaboración na xestión catastral.


Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, a formalización de convenio de colaboración na xestión catastral.= SEGUNDO.- Demandar dos servicios correspondentes, a redacción dunha memoria explicativa na que se fará consta-lo obxecto do convenio, o alcance das funcións a exercer en cada caso e os medios persoais e materiais que haxan de ser aplicados a estas funcións.= TERCERO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Pita Varela: que de todos é coñecido que lle agradan as cousas concretas, por iso solicita se lle diga en que consiste a xestión obxecto do convenio, dado que o Concello tiña a xestión do tributos locais e delegouna cun custo económico para o mesmo.

- Continúa o Sr. Pita Varela: que a Facenda, en Betanzos, cedéuselle un edificio considerable, montouse unha administración de Facenda e agora solicitase asumir un servizo polo Concello que en boa lóxica tería que ser asumido pola Administración de Facenda; o que hai que facer é que o





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Acto: 31/01/95



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 12

145

lp

servicio sexa asumido por quen lle corresponda, neste caso pola Administración de Facenda de Betanzos e non polo Concello, por iso non o entende.

- O Sr. Alcalde-Presidente: é evidente que o Sr. Voceiro do Grupo Popular non coñece o tema, non obstante daráselle ampla información.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): o convenio a subscibir trátase dun servicio de asesoramento ó cidadán que antes se tiña que desprazar á Coruña posto que en ningunha administración hai xestión catastral e este convenio posiblemente sexa o primeiro que se asina en toda Galicia, indicando que no edificio Liceo non se realiza xestión tributaria, senón xestión recaudatoria.

- O Sr. Otero Martínez: sería deseable que tódolos servicios tivesen cabida en Betanzos, ainda que a veces soamente o fan os recaudatorios; cantos mais se creen mellor será para todos, o convenio é tipo e a cousa está clara dado que é favorable.

- O Sr. Pita Varela: pensa que o posicionamento do Grupo Popular é claro, lamenta que o voceiro do Grupo de Goberno saia polos "cerros de Ubeda", dado que segundo a súa exposición, calquera servicio que non poida ser prestado por outro organismo debe ser asumido polo Concello; é evidente que o servicio de xestión catastral debe ser asumido por Facenda nas excelentes instalacións que teñen en Betanzos e así maximicen a utilización das mesmas para que sexan más populares e os servicios sexan más eficaces.


- O Sr. Alcalde-Presidente: agradece as intervencións dos Grupos Políticos -sempre interesantes- pero, non obstante, roga brevidade nas mesmas, dado que é evidente que se trata de meras discusións puramente lingüísticas.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno e o BNG); votos en contra, non se formulan; abstencións, cinco (5, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, por maioría legal absoluta adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria a formalización de convenio de colaboración na xestión catastral.= SEGUNDO.- Demandar dos servicios correspondentes a redacción dunha memoria explicativa na que se fará consta-lo obxecto do convenio, o alcance das funcións a exercer en cada caso e os medios persoais e materiais que haxan de ser aplicados a estas funcións.= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin.

As 22:10 horas auséntase do salón de sesions o Sr. García Vázquez.

1200.- PRESTAR APROBACION A RECTIFICACION DO PADRON DE HABITANTES O UN DE XANEIRO DE 1995.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

páxina: 13

146  
bg

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación á rectificación do Padrón de Habitantes ó un de xaneiro de 1995.

Di así o resumo do PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES  
RECTIFICACION O 1 DE XANEIRO DE 1995  
PROVINCIA DA CORUÑA  
MUNICIPIO DE BETANZOS

### 1. VARIACIONES NO NUMERO DE HABITANTES.

| CONCEPTOS                          | TOTAL | VARONS | MULLERES |
|------------------------------------|-------|--------|----------|
| Poboación de dereito ó 1-01-1994   | 12322 | 5836   | 6486     |
| Altas desde 1-01-1994 ó 1-01-1995  | 425   | 204    | 221      |
| Baixas desde 1-01-1994 ó 1-01-1995 | 354   | 159    | 195      |
| Poboación de dereito ó 1-01-1995   | 12393 | 5881   | 6512     |

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

As 22:13 horas incorpórase á sesión o Sr. García Vázquez.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación á rectificación do Padrón de Habitantes ó un de xaneiro de 1995.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1300.- ADXUDICACION DE CONCURSO DE SINALIZACION DO CASCO URBANO.


Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a adxudicación de concurso de sinalización do casco urbano.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación no sentido de que se efectúe a adxudicación á empresa "Serypublic", por considerala a mellor oferta das presentadas, coa abstención do Grupo BNG.

Di así a proposta que presenta a empresa "Serypublic": "Na presente proposta "SERYPUBLIC" acepta as condicións propostas por ese Excmo. Concello no prego de condicións. Como poderán vostedes comprobar na documentación anexa, nos incluimos na nosa proposta unha colocación mixta do poste FRANCES e do poste CLASICO de sinalización vertical. Así mesmo incluimo-la colocación de TRES marquesíñas que incluirían un MUPI por marquesíña.= A nosa dirección de obra correría a cargo dun enxeñeiro industrial colexiado na Coruña e especializado xa en colocación de sinalización vertical."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: o posicionamento do seu Grupo -sen entrar nas bases- é que en canto á utilización dos sinais propostos non lles agradan, posto que fixeron visita a outros concellos e desde o seu punto de vista non reunen as condicións estéticas que serían de desexar para a nosa cidade,





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 147

por iso sen entrar noutros matices, votará en contra da adjudicación de acordo coa oferta presentada, non obstante, unha opción sería deixar deserto o concurso e convocalo de novo.

- O Sr. Pita Varela: maniféstase como o Sr. Voceiro do Grupo BNG, posto que se está a tratar de algo que parece de pouca importancia por la súa contía pero que ten unha grande repercusión na cidade, así o manifestaron noutras ocasións; o tipo de sinais non son os máis adecuados para a cidade, por iso o seu Grupo pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Carro Galeiras: que anque a empresa presenta dous tipos de postes negociarase que tódolos postes sexan de tipo francés, non existindo máis ofertas que as presentadas.

- O Sr. Pita Varela: que non é xustificación o manifestado polo Sr. Carro Galeiras, pódese deixá-lo asunto sobre a mesa, posto que non é cuestión de cantidade, senón da repercusión sobre a cidade posto que afectaría á súa estética.

- O Sr. Alcalde-Presidente: posiblemente coincida co Sr. Voceiro do Grupo Popular, non obstante estudiarase a oferta e os materiais a utilizar na sinalización.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, un (1, corresponde ó Grupo BNG); abstencións, cinco (5, corresponden ó Grupo Popular).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Adjudica-lo concurso de sinalización do casco urbano á empresa "Serypublic", de acordo coa oferta presentada.= Segundo.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."


### 1400.- MOCION DO DELEGADO DE URBANISMO SOBRE DELIMITACION DE ZONAS PARA REHABILITACION DO CONXUNTO HISTORICO POR FOMENTO DA INICIATIVA PRIVADA.

Dase conta ó Pleno dunha moción do Delegado de Urbanismo sobre delimitación de zonas para rehabilitación do conxunto histórico por fomento da iniciativa privada.

Propón o Delegado de Urbanismo que se adopten os seguintes acordos: "Prestar aprobación á delimitación da "ZONA DE REHABILITACION DE CONXUNTOS HISTORICOS POR FOMENTO DA INICIATIVA PRIVADA" que comprenderá toda a actual zona declarada como de protección dentro do plan especial de protección e ordenación interior do casco histórico de Betanzos, aprobado definitivamente dende o ano 1992"

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO: Prestar aprobación á delimitación da "ZONA DE REHABILITACION DE CONXUNTOS HISTORICOS POR FOMENTO DA INICIATIVA PRIVADA" que comprenderá toda a actual zona declarada como de protección





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1

Fax (981) 77 42 85

Telf. (981) 77 00 11

páxina:

115

148

dentro do plan especial de protección e ordenación interior do casco histórico de Betanzos, aprobado definitivamente dende o ano 1992.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1500.- PETICION DA ASOCIACION DE COMERCIANTES DE BETANZOS SOBRE CESION A MESMA DUN LOCAL NAS ANTIGAS ESCOLAS GARCIA IRMANOS.

Dase conta ó Pleno da petición da Asociación de Comerciantes de Betanzos sobre cesión á mesma dun local nas antigas Escolas García Irmáns.

Di así a petición que efectúan: "SOLICITA.- Que lle sexa concedido o local indicado no plano que se achega en iguais condicións que outros locais do mesmo ou outro edificio municipal, cedidos a outras organizacións betanceiras. Dito local encóntrase situado nas antigas Escolas García Irmáns na Avda. Jesús García Naveira, e sería usado como local social da nosa Asociación."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día, nas mesmas condicións que outras sociedades.


Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Otero Martínez: que cando se realizou o convenio coa Sociedade de Betanzos, foi o seu Grupo quen expuxo o criterio de reunir no edificio outras asociacións e expresou a vontade de que debía ser compartido con outras asociacións que reunisen os requisitos necesarios e é posible que neste caso se cometía un erro, dado que entende que a Asociación de Comerciantes non é unha asociación de carácter cultural e recreativo, posto que é de carácter gremial e isto sería ceder un local a unha asociación ó que moitos cidadáns non poderían acceder, o que non sucede con outras asociacións, por iso o BNG é contrario á cesión do local, non obstante non emitirá voto dada a existencia de conflicto de intereses.

- O Sr. Alcalde-Presidente: non observa contradicción ningunha na cesión dun local á Asociación de Comerciantes nin nos temás a tratar e confirma que outras asociacións e clubes solicitarán locais e a todos se lles tratará por igual.

- O Sr. Pita Varela: que supón que os Sres. Concelleiros lembran o posicionamento do seu Grupo con carácter xeral para estes temás, por iso nunca estivo no criterio do mesmo o que o edificio das antigas Escolas García Irmáns estivese dedicado a sociedades, por esa causa absteranse e non por outra; con carácter xeral para as actividades das asociacións destinarián outros edificios.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formulan; abstencións, cinco (5, corresponden ó Grupo Popular). Faise constar que na votación





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 31/01/95

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 16

149

correspondente a iste punto da orde do día auséntase da sala o Sr. Otero Martínez (Grupo BNG); alega ter interese directo no asunto.

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro: ceder á Asociación de Comerciantes de Betanzos o uso dun local na planta baixa -lado esquierdo entrando- das antigas Escolas García Irmáns por un período de 20 anos, todo iso coas mesmas condicións e limitacións que ás demais asociacións.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados, incluso formaliza-lo oportuno documento regulador da cesión".

### 1600.- APROBACION CONTAS ANUAIS: A) VALORES AUXILIARES E INDEPENDENTES DO PRESUPOSTO E B) ANUAIS EXERCICIO 1993.

Dase conta ó Pleno dos expedientes abertos para prestar aprobación ás contas anuais: a) valores auxiliares e independentes do presupuesto e b) anuais exercicio 1993.

Ambolos dous expedientes foron informados favorablemente pola Comisión de Contas e a Comisión de Programación, consta nos referidos que durante o período de exposición pública non se formulou ningunha clase de reclamacións relacionadas cos mesmos.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:


- O Sr. Otero Martínez: que as contas son unha consecuencia directa do desenvolvemento dos presupostos, por iso non as xulgarán para ser consecuentes co seu posicionamento, pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Pita Varela: quen aproba as contas é o Grupo Municipal de Goberno, o seu Grupo non entra a favor nin en contra por ser un desenvolvemento da política do mesmo, igualmente se pronunciará pola abstención.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden ó Grupo Popular cinco -5- e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ás contas anuais: a) valores auxiliares e independentes do presupuesto e b) anuais, todas elas correspondentes ó exercicio económico de 1993.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1700.- APROBACION DO PROXECTO DE URBANIZACION DA UNIDADE DE ACTUACION URBANISTICA NUMERO TRES.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 17

150

19

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó proxecto de urbanización da unidade de actuación urbanística número tres.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Alcalde-Presidente: este punto da orde do día ten relación co punto número dez e ten por obxecto adecua-lo proxecto de urbanización da unidade de actuación urbanística número tres á sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recaída no proceso contencioso-administrativo 02/0004277/93, posto que lle parece unha mellora positiva para Betanzos, solicita se lle preste aprobación, dado que con iso se favorecen os intereses dos veciños afectados.

- O Sr. Pita Varela: pregunta se a nota de prensa destes días relacionada co asunto foi xerada polo Concello; na súa opinión o recurso contencioso foi presentado contra o proxecto de urbanización e contra a carga que tiñan que soporta-los veciños afectados coa construción do aparcamento.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que a Alcaldía non fai interpretacións das notas de prensa, e noutra orde a interpretación que fai o Sr. Voceiro do Grupo Popular é correcta, como correcto é que non se grave ós veciños afectados coa construción a custa dos mesmos dun aparcamento na unidade de actuación número tres.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó proxecto de urbanización da unidade de actuación urbanística número tres.= Segundo.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto na lexislación en vigor.= Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados, incluso formalizar posibles convenios co Servicio Galego de Saúde da Consellería de Sanidade, relacionados coa urbanización da zona do ambulatorio, incluído dentro do ámbito da unidade de actuación número tres."

### 1800.- ROGOS E PREGUNTAS.


Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona:

- O Sr. Lagares Pérez, formula o seguinte rogo: que se solicite ó Ministerio de Xustiza se realicen as obras oportunas para eliminar los cables da fachada do antigo Hospital de San Antonio e que a fachada se adecue ó entorno, así como se proceda ó amánio dos accesos laterais.

- O Sr. Alcalde-Presidente: efectivamente que debe reiterarse a devandita petición.

- O Sr. Pita Varela: a petición ó Ministerio de Xustiza é algo que o seu Grupo plantexou en varias ocasións e se é posible que se amplíe a eliminar la escalinata.

- O Sr. Pita Varela formula os seguintes rogos:





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Pleno: 31/01/95



Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 18

151

Neg

a) Que se respeten as normas para convocar as comisións informativas coa antelación preceptiva, posto que dadas as ocupacións profesionais dos Sres. Concelleiros do seu Grupo necesitan a devandita antelación, por iso non puideron asistir á Comisión de Programación do día 25-01-95.

b) Que se solicite ó MOPT que se proceda á iluminación do cruzamento existente na Angustia ó comezo da variante da N-VI, polos accidentes que no mesmo se producen e se-la entrada principal a Betanzos.

c) Reitera diversas peticionis do Grupo Popular, relacionadas con que se lle subministren copias de diversos listados do IBI, IAE, etc., incluso, caso de non haber suficiente persoal, as fotocopiariá algúm membro do seu Grupo.


d) Solicita se lle comunique o nome do letrado que emite informes para o Excmo. Concello de Betanzos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: con relación ó apartado c), remítese ós informes legais que constan no expediente correspondente.

- A Sra. Faraldo Botana formula o seguinte rogo:

a) Solicita coñecer se a apertura das plicas para a adjudicación do concurso de sinalización do casco urbano se fixo coincidir con algunha comisión dos Grupos e se se tivo a deferencia de invitar ós Grupos Políticos á apertura das plicas.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos rogos e preguntas que formula o Sr. Voceiro do Grupo BNG, din así: "ROGOS E PREGUNTAS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO O PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL DE DATA 31-01-95.= 1.- RELATIVOS AS INSTALACIONS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO.= Ademais da piscina, o pavillón polideportivo e os campos de fútbol do Carregal e García Irmáns, ¿que outros equipamentos deportivos son de titularidade municipal?= ¿Como se utilizan e xestionan e quen son os usuarios de todos e cada un dos equipamentos deportivos de titularidade municipal?= Algunha das instalacions deportivas do Concello está baixo a xestión privada -piscina municipal e pavillón polideportivo-, ¿como se explica daquela a presencia dun obxector de conciencia en ditas instalacions, e que función desempeña o bedel?= Logo de cede-la xestión das devanditas instalacions, ¿que control exercen os responsables municipais en temas como cumprimento de horarios, atención ós usuarios, cualificación dos técnicos, masificación dos servicios...?= O prego de condicións que rixe a xestión da piscina municipal climatizada e o pavillón polideportivo, di no punto I.- OBXECTO E CONDICIONS XERAIS, apartado 1.- "El objeto del presente pliego es fijar las bases que han de regular la gestión y prestación de servicios técnicos profesionales para la enseñanza deportiva de la piscina municipal climatizada de Betanzos y pabellón deportivo (escuelas deportivas municipales)". Aparentemente quedan fóra de dito prego de condicións tódalas actividades non relacionadas coas escolas deportivas municipais, ¿como se explica entón que representantes da empresa xestora oferten, previo pago, as instalacions a colectivos e particulares para actividades que nada teñen que ver coas citadas escolas





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Acto: 31/01/95

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

páxina: 19

152

deportivas? = Existe un convenio para a cesión da xestión da piscina municipal e o pavillón polideportivo pero, ¿tambén existe para o uso do García Irmáns e do Carregal? ¿Queren sufragar los gastos de mantemento que ocasionan estes campos de fútbol? = Cando as instalacións do García Irmáns son utilizadas por unha empresa privada -sociedade anónima deportiva- para o adestramento dos seus profesionais, ¿o Concello recibe algunha compensación económica? = 2.- VARIOS. = Nas beirarrúas do cruce da Ponte Nova, onde a N-VI se divide en dous direccions: A Coruña e Ferrol, hai instalados uns paneis publicitarios. A empresa responsable: - ¿Goza do correspondente permiso municipal? - ¿Posúe licencia fiscal para o exercicio de tal actividade? - ¿Recibe o Concello algún beneficio? = No barrio da Condesa, e na recentemente nomeada rúa das Mariñas, hai unha grúa das de tipo "pluma" que leva fóra de uso perto de dous anos. Solicitamos a súa retirada da vía pública, xa que logo de cumplida a súa misión, a súa presencia representa un perigo e un atentado á estética. = ¿Que relación existe entre o libriño "NOMES DAS RUAS, PRAZAS E LUGARES DO CONCELLO", editado polo Excmo. Concello de Betanzos e a empresa que distribuía a súa publicidade ó tempo e no interior do mesmo? = ¿Son coñecedores os responsables municipais da destrucción de documentación e materiais do antigo Asilo Manuel Naveira? = Solicitámo-la reparación dunha tapadeira do servicio de augas, existente na Avda. da Coruña e nas proximidades do CP "Vales Villamarín", deterioro que entraña gran perigosidade pola presencia masiva de escolares."

E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procédese a levanta-la sesión, sendo as vintedous horas e corenta e sete minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,



F. José Cortés Carro





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

153

Pleno: 31/03/1995



Páxina: 1

### ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA TRINTA E UN DE MARZO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

#### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. José R. García Vázquez.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. José Domínguez Rivas.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José Mª V. Barús Vía.  
D. Andrés Otero Martínez.

#### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

#### Non asistiron, con desculpa:

D. Jaime A. Pita Varela, Concelleiro do PP

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de marzo de mil novecientos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade, préstase aprobación á acta da sesión celebrada o trinta e un de xaneiro de 1995.

#### 200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONES.

2019-07-12 10:01:53 한글 자판은 1988년 10월 20일에 제정되었고 2000년 7월 20일에 일부 개정되었다.

한글 자판은 1988년 10월 20일에 제정되었다.



## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 31/03/1995

Páxina: 2

154

Seguidamente, dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, comunica que a petición do Concello relacionada coa construcción de áreas de descanso, terase en conta na actuación anual de rehabilitación e mellora.

202.- Servicio Galego de Saúde, reitera o compromiso de executar conjuntamente coa reforma e ampliación do ambulatorio as obras de urbanización da praza do ambulatorio.

203.- Deputación Provincial, participa que a ampliación da estrada provincial de Cortiñán a Vilacoba está incluída no plan da rede viaria local de 1995.

204.- Alcaldía de Lugo, presenta carta dirixida ós alcaldes das cidades do antigo Reino de Galicia, escrita polo autor da obra: "Historia de la Ofrenda del Reino de Galicia al Santísimo Sacramento en Lugo" (1669).

205.- Resolución 66/95 da Alcaldía, pola que se presta aprobación ó resumo da liquidación do presuposto de 1994.

206.- Resolución 111/95 da Alcaldía, pola que se resolve concertar unha operación de tesourería por importe de trinta millóns de pesetas co BBV.

207.- Joaquina González García, comunica que con motivo das obras que se están a levar a cabo no xardín do Pasetempo, éstas coinciden co centenario da súa iniciación.

208.- Agrupación Carlos Seijo, agradece ó Concello pola homaxe realizada a componentes da mesma como recoñecemento ós seus cincuenta anos de dedicación.

209.- Unidade de Parapléxicos da Coruña, agradece o interese do Concello polas obras realizadas de eliminación de barreiras arquitectónicas.

### 300.- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELACIONADA COA ADOCIÓN DE DIVERSAS MEDIDAS MEDIOAMBIENTAIS.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía relacionada coa adopción de diversas medidas medioambientais.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos:  
"PRIMEIRO.- Solicita-lo apoio decidido da Xunta de Galicia na instalación na nosa comunidade autónoma de industrias que aproveiten, reutilicen e reciclen o papel, vidro e plásticos que se poden recuperar do lixo.= SEGUNDO.- Demandar da Xunta de Galicia que elabore un programa de aplicación do "compost" na recuperación de minas, canteiras e montes queimados.=





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/03/1995



Páxina: 3

155

19

TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos Grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, co obxecto de concretar a súa postura nos seguintes termos:

- O voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez: tal e como manifestou na Comisión de Programación, a causa da reserva de voto non obedece a estar ou non de acordo co fondo da Moción. Entende que, a pesar das boas vontades, non se concreta nada, cáese no típico destas peticiones; entende que desde o Concello se deben adoptar solucións inmediatas con relación a determinados residuos como vidros, etc.

- Continúa o Sr. Otero Martínez: por iso, o seguinte paso para conseguir un adecuado equilibrio da natureza é ir a medidas concretas que nestes momentos pasan por establecer unhas relacións directas cos concellos límitrofes e como mostra dos depósitos incontrolados e verquidos nos límites co noso Concello, en consecuencia, deben unirse e posiblemente intentar crea-las empresas de reciclaxe correspondentes.

- Remata o Sr. Otero Martínez: que, pese ó manifestado votará a favor da Moción.

- O Voceiro do Grupo de Goberno, Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): non se pode esquecer a labor feita desde o Equipo de Goberno, dado que no seu momento se iniciou unha tarefa importante; todos coñecen certos verquidos incontrolados que existían, marcáronse unhas pautas tales como eliminar verquidos, realizáronse trasladados de vertedeiros á Coruña e outros importantes como o saneamento integral que case abarca todo o Concello e, prácticamente, o cen por cen do medio rural dispón de recollida de residuos sólidos urbáns, non obstante, o reto é facer mais e mellor, por iso entende que é importante aumenta-las reciclaxes dos residuos.

As 20:42 horas incorpórarse á sesión o Sr. Carro Galeiras.

- Continúa o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): a Moción leva consigo o intentar que as medidas non caigan en "saco roto", agradecendo o voto favorable do Grupo BNG.

As 20:44 horas incorpórarse á sesión o Sr. García Vázquez.

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: a posición do seu Grupo será favorable á Moción.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que é clara a posición dos Grupos, indica que tódolos esforzos que se fagan son pequenos para tratar de unir vontades, espera que os organismos responsables realicen os correspondentes, agradecendo a postura dos Grupos Políticos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Solicita-lo apoio decidido da Xunta de Galicia na instalación na nosa comunidade autónoma de industrias que aproveiten reutilicen e reciclen o papel, vidro e plásticos que se poden recuperar do lixo.= SEGUNDO.- Demandar da Xunta de Galicia que elabore un programa de aplicación do "compost" na recuperación





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 31/03/1995

Páxina: 4

156  
19

de minas, canteiras e montes queimados.= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

As 20:50 horas incorpórarse á sesión o Sr. Beade Dopico.

### 400.- MOCION DA ALCALDIA RELACIONADA COA OPERACION DE CREDITO DE 1995, POR IMPORTE DE 50.000.000,- DE PTAS.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía relacionada coa operación de crédito de 1995, por importe de 50.000.000,- de pesetas, así como do expediente aberto relacionado coa mesma.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos Grupos Popular e BNG, así como polo Sr. Interventor Xeral.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "Co fin de financia-las obras previstas no presupuesto municipal para 1995, veño en proponer ó Pleno da Corporación Municipal:= PRIMEIRO.- Concertar operacións de crédito de 50.000.000,- ptas. para financia-los investimentos do presupuesto de 1995.= SEGUNDO.- Facultar ó Alcalde-Presidente para que leve a cabo os trámites que sexan necesarios para o bo fin destes acordos."

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, co obxecto de concreta-la súa postura nos seguintes termos:

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: que, dado que a operación de crédito é un desenvolvemento dunha aplicación presupostaria e o seu Grupo non xestioná contas municipais, pronunciaranse pola abstención.

- O Voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez, maniféstase en igual sentido.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, nove (9, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, non se formulan; abstencións, seis (6, corresponden cinco -5- ó Grupo Popular e unha -1- ó Grupo BNG).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO: concertar operacións de crédito de 50.000.000,- ptas. para financia-los investimentos do presupuesto de 1995.= SEGUNDO: facultar ó Alcalde-Presidente para que leve a cabo os trámites que sexan necesarios para o bo fin destes acordos."

### 500.- MOCION DA ALCALDIA SOBRE MEDIDAS PARA PROCEDER A SUPRESION DO PASO A NIVEL DE INFESTA.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía para proceder á supresión do paso a nivel de Infesta.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Dirixirse á compañía RENFE solicitando se adopten medidas para proceder á supresión do paso a nivel de Infesta, dado o perigo que transitar polo mesmo representa.= SEGUNDO.-





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/03/1995



Páxina: 5

157

Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quien delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para tal fin."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura nos seguintes termos:

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: lembra ós Sres. Concelleiros que esta petición é unha reiteración da petición realizada polo Partido Popular no seu día.

- O Concelleiro do Grupo de Goberno, Sr. García Vázquez: que posiblemente estea no certo, non obstante, coa Moción da Alcaldía-Presidencia, por RENFE redactouse un proxecto que nos momentos actuais quedou en nada; inténtase que o mesmo se plasme en feitos concretos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Dirixirse á compañía RENFE solicitando se adopten medidas para proceder á supresión do paso a nivel de Infesta, dado o perigo que transitar polo mesmo representa.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para tal fin."

### 600.- MOCIÓN DA ALCALDÍA PARA DA-LO NOME DO MAESTRO D. JOSE DAPENA ESPINEIRA A UNHA RÚA OU PRAZA.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía para da-lo nome do maestro D. José Dapena Espíñeira a unha rúa ou praza.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes accordos: "1º Da-lo nome dunha rúa ou praza de Betanzos ó "Maestro José Dapena" que perpetúe a súa memoria e a de moitos mestres que entregaron o mellor da súa vida en ben da sociedade.= 2º Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para que leve a cabo cantas xestións sexan necesarias para o bo fin deste acordo."

Igualmente, dase conta ó Pleno de proposta do Grupo Popular en análogo sentido, así como escrito de D. Manuel Couceiro Vázquez e Constantino Chao Castro compañeiros do falecido, ó igual que relación de sinaturas de amigos e ex-alumnos do falecido D. José Dapena Espíñeira, en apoio das propostas obxecto deste punto da orde do día.

Están informadas favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, co obxecto de concreta-la súa postura nos seguintes termos:

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: que observa que existen varias propostas, non obstante, formálalle unha pregunta á Alcaldía-Presidencia: ¿Por que a Moción da Alcaldía non ten rexistro de entrada no Concello?





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

158

Pleno: 31/03/1995



Páxina: 6

- O Sr. Alcalde-Presidente: que a Alcaldía incorpora os seus documentos directamente ós expedientes abertos; así se realizou sempre ata o momento actual.

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: roga que os escritos da Alcaldía, no sucesivo, se sometan ó rexistro, como o fan os demais Grupos Políticos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: o que é evidente, é que a familia de D. José Dapena coñece o proceso e as restantes propostas e o que conta é o fondo, nesa orde propón que se designe co nome do falecido a actual praza das escolas e que o protagonismo o leve a persoa que, pola súa traxectoria, así o mereceu, por esa cuestión non lle daría mais importancia á forma.

- O Voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez: o seu Grupo está de acordo coa designación da praza, pero xórdelle unha duda acerca do nome a darlle á mesma, posto que todos coñacen que D. José Dapena era máis coñecido por "D. José Barral"; sería conveniente falar coa familia para coñece-la súa opinión sobre darlle o nome popular.

- O Alcalde-Presidente: que mantivo contactos e a familia manifestou que o mais adecuado sería "Maestro D. José Dapena", non obstante, podería consultar novamente.

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: aclara que o que quixo dicir é que de tódolos documentos debe quedar constancia no Registro Xeral de Documentos.

As 20:55 horas incorpórarse á sesión o Sr. Romay Dopico.

Sometido o asunto a votación, aprébase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "1º.- Da-lo nome dunha rúa ou praza de Betanzos ó "Maestro José Dapena" que perpetúe a súa memoria e a de moitos mestres que entregaron o mellor da súa vida en ben da sociedade.= 2º.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para que leve a cabo cantas xestións sexan necesarias para o bo fin deste acordo."

### 700.- MOCIÓN DA ALCALDIA SOBRE PETICIÓN A DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS HIDRÁULICAS DA C.P.T.O.V. DA XUNTA DE GALICIA RELACIONADA COA EXECUCIÓN DE OBRAS O OBXECTO DE EVITAR INUNDACIONES EN BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía sobre petición á Dirección Xeral de Obras Hidráulicas da CPTOV da Xunta de Galicia relacionada coa execución de obras o obxecto de evitar inundacións en Betanzos.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos:  
"PRIMEIRO.- Dirixirse á Dirección Xeral de Obras Hidráulicas da COTOP, organismo competente nas zonas afectadas a fin de que realice un estudio por técnicos competentes e afronte as obras necesarias que palien as inundacións nos lugares da Acea, Piñeiro e Roibeira, do noso termo municipal.= SEGUNDO.-





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/03/1995



159

Páxina: 7

Dar traslado deste acordo ó Servicio de Protección Civil da Xunta de Galicia.= TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura nos seguintes termos:

- O Voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez: o seu Grupo non modificará a postura inicial, pero formula a apreciación de se somos conscientes de que as riadas poden ser consecuencia de efectos distintos ós naturais, na orde anterior é necesario adoptar medidas para evitar que se repitan casos como o de certas edificacións que se levaron a cabo no ámbito do río Mendo, así como certas actuacións que levantaron o cauce do mesmo, en definitiva, débense paliar accions humanas sobre a natureza e ser preventivos.

- O Sr. Alcalde-Presidente: con esta Moción preténdese dalgunha maneira dar solución a un problema que se presenta de forma periódica ós veciños dos lugares afectados.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Dirixirse á Dirección Xeral de Obras Hidráulicas da COTOP, organismo competente nas zonas afectadas a fin de que realice un estudio por técnicos competentes e afronte as obras necesarias que palien as inundacións nos lugares da Acea, Piñeiro e Roibeira, do noso termo municipal.= SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo ó Servicio de Protección Civil da Xunta de Galicia.= TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

### BOO.- APROBACION DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE PARA REAXUSTE DE ALINEACIONS ENTRE A PONTE NOVA E A PONTE DO CARREGAL..

Seguidamente dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación definitiva ó estudio de detalle para reaxuste de alineacións entre a Ponte Nova e a Ponte do Carregal.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos Grupos Popular e BNG.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, quince (15, os emitidos polo Grupo de Goberno e o Grupo Popular); votos en contra, non se formulan; abstencións, unha (1, corresponde ó Grupo BNG).

En consecuencia, por maioría legal absoluta, adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación definitiva ó estudio de detalle para reaxuste de alineacións entre a Ponte Nova e a Ponte do Carregal.= SEGUNDO.- O devandito expediente daráselle o trámite previsto pola lexislación en vigor.=





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS



Pleno: 31/03/1995

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

160

Páxina: B

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

Tanda de explicación do voto: o Voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez: a posición do seu Grupo, cando se debateu o asunto, foi contraria, por coherencia ó aprobase definitivamente o estudio de detalle pronúnciase pola abstención.

### 900.- APROBACION DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACION DA UNIDADE DE ACTUACION NUMERO TRES "O AMBULATORIO".

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación definitiva ó proxecto de urbanización da unidade de actuación urbanística número tres "O Ambulatorio", que ten por obxecto adequa-lo proxecto de urbanización da unidade de actuación urbanística número tres á sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no proceso contencioso-administrativo 02.0004277/93.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo Popular.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, en consecuencia, adóptase o seguirte acordo: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación definitiva ó proxecto de urbanización da unidade de actuación urbanística número tres.= SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados, incluso formalizar posibles convenios co Servicio Galego de Saúde da Consellería de Sanidade, relacionados coa urbanización da zona do Ambulatorio, incluido dentro do ámbito da unidade de actuación número tres.

### 1000.- MOCION DA ALCALDIA CO OBXECTO DE PRESTAR APROBACION O PROXECTO DE MODIFICACION DO VASO DA PISCINA MUNICIPAL.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía co obxecto de prestar aprobación ó proxecto de modificación do vaso da piscina municipal.

Propón a Alcaldía se adopten os seguintes acordos: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó "proxecto de modificación do vaso da piscina municipal de Betanzos", realizado polos servicos técnicos municipais.= SEGUNDO.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial o acollerse á correspondente subvención con cargo o "Plan de Instalaciones Deportivas Municipales y Tiempo Libre".= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo todos os trámites necesarios para tal fin."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación por unanimidade dos asistentes á reunión da comisión onde se dictaminou este asunto da orde do día.

の事実を、この文書は必ずしも誤りである。しかし、この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。たゞ、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。

この文書は、その記述の大部分が、正確であることを認めざるを得ない。



## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 31/03/1995

Páxina: 9

161

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó "proyecto de modificación do vaso da piscina municipal de Betanzos", realizado polos servicios técnicos municipais.= SEGUNDO.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial o acollerse á correspondente subvención con cargo ó "Plan de Instalaciones Deportivas Municipales y Tiempo Libre".= TERCEIRO.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para levar a cabo todos los trámites necesarios para tal fin."

### 1100.- RATIFICACION DE ACORDOS DE COMISION DE GOBERNO.

Dase conta ó Pleno da Corporación de expediente aberto relacionado cos acordos adoptados pola Comisión de Goberno deste Concello en sesións celebradas o 14-02-95 (punto 207) e 21-03-95 (puntos 201 e 202), din así: "Comisión Goberno 14-02-95: 200.- PROPOSTAS E INFORMES DE DELEGADOS.= Dase conta á comisión das propostas e informes que se dirán, ás que se presta aprobación por unanimidade: 207.- PROPOSTAS E INFORMES DE DELEGADOS.= Delegado de Persoal, sobre adopción de acordo de aprobación á concesión do complemento de productividade ó persoal laboral que especifica a proposta, e que as cantidades se farán efectivas con efectos do presente mes de febreiro do ano en curso, dándose traslado do presente acordo ó Sr. Tesoureiro de fondos ós efectos pertinentes; comeza a relación por María Teijo Martín, remata por María Elvira Rodríguez Muíño. Apróbase por unanimidade; este acordo será ratificado polo Concello Pleno."

"Comisión Goberno 21-03-95: 200.- PROPOSTAS E INFORMES DE DELEGADOS.= Dase conta á Comisión das propostas e informes que se dirán, ás que se presta aprobación por unanimidade: 201.- PROPOSTAS E INFORMES DE DELEGADOS.= Delegado de Persoal, sobre adopción de acordo de aprobación á concesión ós axentes da Policía Local dunha gratificación económica por incremento e estímulo á maior productividade e alteración de descanso segundo as necesidades do servizo no seu caso, equivalente a 12.500,- ptas. mensuais durante 6 meses, pola nova implantación da Patrulla de Barrio e do medio Rural e dar traslado do acordo ós servicios municipais correspondentes para a súa aplicación a partir do mes de marzo. Apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: conceder ós axentes da Policía Local unha gratificación económica por incremento e estímulo á maior productividade e alteración de descanso segundo as necesidades do servizo no seu caso, equivalente a 12.500,- ptas. mensuais durante 6 meses (agás nos supostos de renuncia expresa a esta especial operatividade e disponibilidade mencionada; este acordo será ratificado polo Concello Pleno e, unha vez ratificado darase traslado do acordo ós servicios municipais correspondentes para a súa aplicación a partir do mes de marzo.)"

"Comisión Goberno 21-03-95: 200.- PROPOSTAS E INFORMES DE DELEGADOS.- Dase conta á Comisión das propostas e informes que





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 31/03/1995

Páxina: 10

162

19

se dirán, ós que se presta aprobación por unanimidade: 202.- PROPOSTAS E INFORMES DE DELEGADOS.- Delegado de Persoal, sobre adopción de acordo de aprobación á concesión ó Cabo da Polícia Local, D. José Vidal Moreira, dunha gratificación económica de 17.000,- pesetas mensuais, como compensación á especial dedicación e productividade no exercicio de control e vixiancia da venda ambulante no municipio e dar traslado do acordo ós servicios municipais correspondentes para a súa aplicación a partir do mes de febreiro. Apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: Conceder ó cabo D. José Vidal Moreira unha gratificación económica de 17.000,- ptas. mensuais, como compensación á especial dedicación e productividade no exercicio de control e vixiancia da venda ambulante no municipio. Este acordo será ratificado polo Concello Pleno e, unha vez ratificado darase traslado do presente acordo ós servicios municipais correspondentes para a súa aplicación con efectos do mes de febreiro e en tanto en canto desenvolva estas funcións."

Están informadas favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos Grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura nos seguintes termos:

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: o seu Grupo está en total acordo e paréctelle ben que se pague unha retribución se se traballa, non obstante, queren que este tipo de medidas se teñan en conta para todo tipo de persoal e se amplíen a outras categorías profesionais.

- O Voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez: entende que a proposta se somete ó Pleno na medida que significa unha variación dos presupostos; coida que existen convenios colectivos onde se poden recoller estes conceptos retributivos e con antelación deberían estar fixados, por iso non entra no debate e pronunciárase pola abstención.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que interpreta o criterio dos Grupos Políticos, nesa orde o Goberno Municipal está disposto a consideralo e, efectivamente, trátase dun desenvolvemento presupuestario.

Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, quince (15, os emitidos polo Grupo de Goberno e o Grupo Popular); votos en contra, non se formulan; abstencións, unha (1, corresponde ó Grupo BNG).

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro: ratifica-los acordos adoptados pola Comisión de Goberno do Excmo. Concello de Betanzos, en materia de retribucións ó persoal funcionario/laboral que se menciona polos conceptos indicados.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 31/03/1995

Páxina: 11

163

Dase conta ó Pleno de Moción dos Delegados de Cultura e Relacións e Emigración relacionada coa continuidade do ciclo internacional da investigación.

Propoñen os Delegados de Cultura e Relación e Emigración o seguinte: " Considerando que a continuidade do ciclo internacional de investigación iniciado o ano pasado co título "El Camino de la Emigración", que contou coa presencia de poñentes de relevancia nacional e internacional no campo universitario, da cultura e da política, prestigia a Betanzos e representa un aporte sustancial ó coñecemento dos fenómenos sociais e económicos do noso país, entendemos que deberán proseguir anualmente ditos estudios sobre a base de ciclos dedicados a abordar, coa solvencia intelectual dos participantes, todos aqueles problemas e temas e atañen á interacción humana en tódalas súas vertentes, respetando o pluralismo e as diferencias culturais que caracterizan a cada comunidade nacional e internacional.= Con ese obxecto, estableceránse contactos coa Cátedra Salvador de Madariaga do Ateneo de Madrid e coa Vicerrectoría da Política Cultural da Universidade de Santiago, para patrocina conjuntamente co Excmo Concello de Betanzos do 17 ó 22 de xullo próximo un novo curso internacional para trata-lo tema "El Camino de los Nacionalismos", ó calor dos conflictos que se presentan en diversos lugares do mundo, e a fin de desenvolver un amplo debate abrindo cauces de solución á marxe da violencia, mediante o diálogo e o pleno exercicio das vías democráticas.= Dada a significación cultural e política do devandito evento, e a necesidade de concretar acordos entre as institucións patrocinantes e organizadoras, para interesar das diversas administracións a súa contribución económica e participación para facer viable o curso, solicitamos ó Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente e, polo seu intermedio, ó Pleno un pronunciamento favorable."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención do Grupo BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura nos seguintes termos:

- O Voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez: formulará un matiz ó pequeno parágrafo da Moción que di: "ó calor dos conflictos que se presentan en diversos lugares do mundo, e a fin de desenvolver un amplo debate abrindo cauces de solución á marxe da violencia"; considera que introducir dita frase pode dar por sentado que tódolos nacionalismos poden ser violentos; solicita que dito parágrafo sexa retirado e desta forma por unanimidade poderá ser aprobado e benvidas sexan actuacións como as desta clase.

- O Sr. Alcalde-Presidente: que os delegados que presentan a Moción farán uso da palabra.

- O Sr. Beade Dopico: posiblemente haxa un malentendido dado que a expresión de "aspectos violentos dos nacionalismos" se refire á problemática do País Vasco así como ós integrismos e iso é co que non están de acordo, noutra orde ós actos virán





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

164



Pleno: 31/03/1995

Páxina: 12

representantes de tódalas culturas e dirán o que teñan de decir para fundamentar "Caminos de las Nacionalidades" por vías pacíficas; quizais o parágrafo non sexa o mais adecuado, pero a violencia si se dá.

- O Sr. Díaz Pereira: está de acordo co manifestado polo Sr. Beade, por iso non existe ningún problema en retira-lo parágrafo.

- O Sr. Otero Martínez: non se discute a boa vontade dos concelleiros do Grupo de Goberno, non obstante, entende que a frase é pexorativa, por iso solicita a súa retirada.

- O Sr. Alcalde-Presidente: parécelle que os Delegados e o Voceiro do Grupo BNG, teñen as posturas claras, o que interesa é que se celebre o seminario, por iso non ten problema ningún en retira-la frase, e así se fará, na Moción obxecto deste punto da orde do día.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia, adoptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Proceder á realización dun curso internacional denominado "El Camino de los Nacionalismos", entre os días 17 ó 22 de xullo do ano en curso.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1300.- MOCIÓN DA ALCALDIA SOBRE CREACION DUNHA LONXA DE PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS E GANDEIROS DA COMARCA BRIGANTINA.

Dase conta ó Pleno de Moción da Alcaldía sobre creación dunha lonxa de productos agroalimentarios e gandeiros da comarca brigantina.

Propón a Alcaldía-Presidencia se adopten os seguintes acordos: "1º.- Solicitar á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia ou, no seu caso, do organismo correspondente a adecuación das naves do Carregal (actualmente en estado de total abandono) e a cesión ó Concello ou outro órgano rector que se estime conveniente con destino á creación dunha lonxa de productos agroalimentarios e gandeiros da comarca brigantina.= 2º.- Facultar amplamente ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para realizar cants actos ou xestións sexan necesarios para levar a cabo o presente acordo."

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación coa abstención dos Grupos Popular e BNG.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura nos seguintes termos:

- A Voceira do Grupo Popular, Sra. Faraldo Botana: o Grupo Popular ten unha idea diferente sobre o reparto de locais do Concello e outros propiedade doutros organismos no que se refire ó uso que debe dárselles ós mesmos; a ubicación da lonxa non se localiza nesas naves por non adaptarse á intencionalidade do seu Grupo; sobre a cuestión teñen ideas propias que expoñerán no seu momento.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/03/1995



Páxina: 13

165  
D

- O Voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez: a súa postura coincide en parte coa do Grupo Popular, non no fondo dado que esas naves están inservibles para o uso pretendido, noutra orde, posiblemente por unha parte sería necesario recalifica-los terreos urbanísticamente co que o Grupo BNG non está de acordo, posto que urbanísticamente os terreos e instalacións están como uso deportivo e a oferta deportiva debe aumentar así como seguir reservando terreo para dita oferta; por outra parte non entende a urxencia do asunto posto que os produtos non son tantos como para creala e estas actuacións deben ser paralelas con outras semellantes como recupera-la producción antiga; como conclusión, o seu Grupo non ve a necesidade de face-la lonxa, por iso emitirá voto en contra.

- O Sr. Alcalde-Presidente: a Moción vai dirixida a potenciar Betanzos como centro comarcal, así o cré necesario e parécelle coincidir en parte cos argumentos do Sr. Voceiro do Grupo BNG, habería que facer un estudio e tratar de ubicala en dito sitio e así dar posibilidades ás agricultores que necesitan este tipo de instalacións, por outro lado, os terreos teñen unha calificación urbanística que podería ser un inconveniente pero poderíase variar; por iso, tendo en conta as instalacións desde o punto de vista anterior así como de accesos, comunicación e dotación de aparcamentos, formula a Moción que hoxe se somete á consideración do Pleno.

- Sometido o asunto a votación, ofrece o seguinte resultado: votos a favor, dez (10, os emitidos polo Grupo de Goberno); votos en contra, seis (6, os emitidos polo Grupo Popular cinco -5- e o Grupo BNG un -1-); abstencións, non se formulan.

En consecuencia, adóptase o seguinte acordo: "19.- Solicitar á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia ou, no seu caso, do organismo correspondente a adecuación das naves do Carregal (actualmente en estado de total abandono) e a cesión ó Concello ou outro órgano rector que se estime conveniente, con destino á creación dunha lonxa de productos agroalimentarios e gandeiros da comarca brigantina.= 20.- Facultar amplamente ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para realizar cants actos ou xestións sexan necesarios para levar a cabo o presente acordo."

Antes de inicia-lo seguinte punto da orde do día (1400.- Rigos e preguntas) fai uso da palabra o voceiro do Grupo de Goberno, o Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), manifesta: que con motivo dun escrito formulado pola empresa concesionario do servicio domiciliario de augas -AQUAGEST SA-, e en base á problemática que expón o mesmo, formula a proposta da súa inclusión na orde do día, previa declaración de urxencia polo Pleno da Corporación.

Di así o escrito presentado pola empresa Aquagest SA: "Que como consecuencia da modificación dos servicios afectados polas obras da autovía Lugo-Coruña, Aquagest tivo que realizar con carácter de urxencia, a mediados do ano 1994, obras de modificación da estación de bombeo de auga potable por un





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 31/03/1995

Página: 14

166  
10

importe de 13.949.424,- ptas. IVE incluido (15%).= Esta obra foi rematada e certificada o 25 de novembro de 1994, e a pesar do tempo transcorrido ainda non foi satisfeita cantidade ningunha polos organismos correspondentes, creando un grave problema de tesourería a esta empresa.= E polo que, atentamente, SOLICITA: que por parte da Corporación Municipal, se adopte o acordo plenario que facilite unha solución para resolve-la cancelación da cantidade indicada, tendo en conta a variación do IVE (16%) no ano 1995.= En Betanzos, a 30 de marzo de 1995."

- O Sr. Alcalde-Presidente: considera suficiente o motivo para declarar de urxencia a proposta formulada polo Voceiro do Grupo de Goberno e tendo en conta as especiais circunstancias que concorren na cuestión presentada pola empresa Aquagest SA propón se someta á consideración do Pleno da Corporación a declaración de urxencia da petición formulada pola mesma, consecuentemente a súa inclusión na orde do día e posterior adopción dos acordos que procedan.

Sometida a votación apróbase por unanimidade de todos os asistentes, en consecuencia, adóptase o acordo de declarar de urxencia a inclusión na orde do día do escrito presentado pola empresa Aquagest SA.

### 1400.- DAR CONTA DE ESCRITO FORMULADO POLA EMPRESA "AQUAGEST SA" E ADOPCIÓN DE ACORDOS.

O Pleno declarase enterado da proposta formulada "in voce" polo Voceiro do Grupo de Goberno, relacionada co escrito formulado pola empresa "Aquagest SA" así como do referido escrito, o contido do cal consta literal nas consideracións previas para declarar de urxencia este asunto.

En consecuencia, por unanimidade, adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Realiza-los trámites necesarios ante os organismos correspondentes, en orde a resolve-la cancelación da cantidade de 13.949.424,- ptas. que, polo concepto de obras de modificación da estación de bombeo de auga potable se lle deben á empresa Aquagest SA como consecuencia da modificación dos servicios afectados polas obras da autovía Lugo-Coruña.= Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para realizar toda clase de trámites derivados dos acordos adoptados."

### 1500.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Secretario Xeral, dase conta ó Pleno de contestacións a preguntas formuladas polos Grupos Políticos:

a) As formuladas polo Grupo Popular na sesión ordinaria celebrada o 31-01-95.

Din así as contestacións:

1a) O nome do letrado que emite informes para o Concello é D. Emilio Julio García Crespo.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 31/03/1995

Páxina: 15

167

2a) A apertura de plicas do concurso de sinalización do casco urbano realizouse na Comisión Especial de Tráfico de data 16 de xaneiro de 1995, á que estaban convocados os representantes de todos los grupos políticos que forman a oposición, non asistindo, nin téndose presentado excusa ningunha dos devanditos representantes convocados.

b) As formuladas polo Grupo BNG, na sesión ordinaria celebrada o 31-01-95:

Din así as contestacións:

1.- As pistas polideportivas parroquiais.

2.- Os usuarios das instalacións deportivas son maioritariamente de Betanzos, que son os que teñen prioridade. Tamén hai usuarios de toda a comarca (Coirós, Paderne, Oza, etc.).= A xestión de control, dirección técnica e de control económico realiza directamente o Concello, a empresa contratada xestiona as actividades ofertadas polo Concello e aperta os monitores de todas las actividades, os socorristas da piscina e servicio de limpeza.

3.- Non se da o feito de xestión privada das instalacións polos condicionantes do "contrato de prestación de servicios" que non é o mesmo que un contrato de arrendamento que neste caso non ten lugar.= A presencia dun obxector de conciencia está regulada legalmente, así mesmo as funcións do bedel.

4.- Parte da resposta refléxase no apartado 2.= O control de asistencia do profesorado, atención ós usuarios, cualificación dos técnicos e outros, faino directamente o Concello a través do persoal propio destinado a tal efecto.

5.- O prego de condicións do contrato díu ben claro can di "prestación de servicios técnicos profesionales para la enseñanza deportiva de la piscina municipal..." que inclúe todo tipo de usuario e todo tipo de servicio que previamente autorice o Concello. A empresa non pode ofertar ningunha actividade nin poñer ningún tipo de tarifa por servicios prestados que non estea expresamente autorizado polo Concello.= O termo verérico de Escola Deportiva aplicase ó servicio deportivo organizado tanto de nenos como de adultos ou 3a idade. Tamén se amplía a oferta a outros colectivos tanto locais como comarcais para mellora-la rendibilidade social das instalacións.

6.- De maneira tradicional os campos de fútbol sempre foron utilizados polos equipos representativos do Concello e os gastos de mantemento son sufragados polo C.F. Betanzos e o propio Concello.

7.- A compensación que se recibe canalízase a través do club Betanzos.

8.- a) Dispón de autorización, estando pendiente de realizarlo correspondente concerto.= b) Segundo a documentación presentada o solicitante posúe o número de representación comercial na ligue internationale 30037.= c) Concretarase no convenio que se acorde entre as partes.

9.- Non entendemos o que se quere preguntar.

10.- Non nos consta.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/03/1995



Páxina: 16

168

101

Seguidamente, dase conta ó Pleno de preguntas formuladas polo Grupo Socialista o 1-03-95:

Din así as contestacións:

INFORME DA SECRETARIA XERAL A ALCALDIA PRESIDENCIA EN RELACION COAS PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO SOCIALISTA.= Antecedentes.- Este informe elévase á Alcaldía-Presidencia en base á providencia da mesma de data oito de marzo do ano en curso.= Ten como base os inventarios de bens e documentación complementaria obrantes no Excmo. Concello de Betanzos.

Con relación á pregunta número un: "1.- ¿Qué superficie de terrenos tenía en propiedad el Ayuntamiento en el ámbito del Pasatiempo en mayo del año 1983? En maio de 1983, dentro do ámbito do plan parcial do Pasatempo, non consta que o Excmo. Concello de Betanzos fose titular de terreo algúin.

Con relación á pregunta número dous: "2.- ¿Qué superficie de terrenos posee el Ayuntamiento en el ámbito del Pasatiempo al día de hoy, 28/febrero/1995, y detállese cómo fueron adquiridos? Dentro do ámbito do plan parcial denominado "El Pasatiempo", o Excmo. Concello de Betanzos ó día 28-02-95, é titular das parcelas seguintes: 1 á 17 inclusive na zona norte; 94, 95, 105 á 116 inclusive, 118 (proindiviso), 120 á 126 inclusives (zona sur) incluindo cesións de uso público, total 95.865,20 m<sup>2</sup>.

Con relación á pregunta número tres: "3.- Dado que el ámbito que conocemos como el Pasatiempo, comprendido entre la Avenida del Carregal y la Renault, existe una zona calificada para urbanizar, ¿dígaseños aparte del Ayuntamiento quién posee propiedades aptas para construir?" Aparte do Concello, de acordo co proxecto de compensación, existen dezanove propietarios mais de terreos incluidos dentro do ámbito do plan parcial do Pasatempo, segundo o devandito documento son: Propietario número un: Concello de Betanzos, propietario número dous: Construcciones Fraga SL, propietario número tres: Mafra Inversiones SL, propietario número catro: Francisco Mata Cuesta, propietario número cinco: Comunidad Hereditaria de D. Antonio Pita Iglesias/María Concepción Lisarrague Leis, propietario número seis: Josefa Golpe Abad, propietario número sete: Proman Promociones e Inversiones SL, propietario número oito: Comunidad Hereditaria de José Vázquez Ares/María Crespo Rodeiro, propietario número nove: Comunidad Hereditaria de Eladio Migal Feito, propietario número dez: Rosa María Fariña Calviño, propietario número once: Maquinaria Rey SA, propietario número doce: Ernesto Anido Gallastegui, propietario número trece: Javier Badia y Gutiérrez de Caviedes, propietario número catorce: María Rosa Porto Veiga, propietario número quince: José Santos Lendoiro, propietario número dezaseis: Suministros Via-Mar SA, propietario número dezasete: Mercedes, María del Carmen y Felicitas Concheiro Curiel, propietario número dezaoito: Antonio Sánchez Sánchez e propietario dezanove: Antonio Otero Golpe e propietario número vinte: Copropiedad constituida por Pedro Vía Amor, Enrique Vía Amor, Manuel Martínez Alvarez e Manuel Martínez Vicente.

Con relación á pregunta número catro: "4.- ¿Vendió o cedió el Ayuntamiento a algún particular alguna propiedad en el





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 31/03/1995



Páxina: 17

169

ámbito del Pasatiempo desde el año 1983, año de inicio de las compras, hasta el día de hoy, 28/febrero/1995.? " O Concello de Betanzos non vendeu ningún ben patrimonial incluído dentro do Ámbito do plan parcial do Pasatiempo entre o ano 1983 e o 28-02-95.

Con relación á pregunta número cinco: "5.- ¿Qué superficie tenía el Ayuntamiento en 1983 en la unidad de actuación de las Escuelas García Hermanos y cuál tiene hoy?" Examinado o inventario de bens ó 31-12-83, non consta que o Excmo. Concello de Betanzos sexa titular de ningún ben patrimonial dentro do Ámbito da unidade de actuación das escolas García Irmáns.= Examinado o inventario de bens ó 31-12-94, consta que o Excmo. Concello de Betanzos, é titular de un inmoble de natureza urbana, coñecido por "Antigua Escuela de García Hermanos", total superficie construida: 1.575 m<sup>2</sup>.

Con relación á pregunta número seis: "6.- Según los datos oficiales, ¿cuál era el valor del patrimonio municipal en el año 1983 y cuál es hoy?" Valor do patrimonio municipal ó 31-12-83: 110.594.052,- ptas.= Valor do patrimonio municipal ó 31-12-94: 4.493.138.986,- ptas.

Seguidamente, fai uso da palabra o Sr. Voceiro do Grupo BNG, Sr. Otero Martínez, formula as seguintes preguntas:

1º) Relacionada con un edificio que se está construindo no cruce das Cascas (licencia número 230/94), no sentido de se a obra compre as medidas de seguridade, posto que algúns veciños queixanse de que en algunha zona carece de rede de protección, así como de se a obra que se está executando se axeita á calificación urbanística do terreo.

2º) Que algúns veciños do barrio da Ponte Vella formulan queixas pola colocación dun sinal de "Stop" na beirarrúa, que dificulta o paso ós peóns, solicita, en consecuencia, unha modificación de instalación da mesma se é posible.

O Sr. Alcalde-Presidente: a 1ª pregunta será contestada previo informe dos servicios técnicos locais, en canto á 2ª se é posible técnicamente, procederase á modificación da instalación do sinal.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procédeuse a levanta-la sesión, sendo as vinteunha horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.



O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,

F. Jose Cortés Carro





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 2/05/1995



Páxina: 1

170  
*b*

### ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DIA DOUS DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

#### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña Ma Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras.  
D. José R. García Vázquez.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Jaime A. Pita Varela.  
Dña Ma Dolores Faraldo Botana.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. José M. V. Barús Vía.

#### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

#### Non asistiron, con desculpa:


D. Andrés Beade Dopico, Concelleiro do PSdeG-PSOE

D. Andrés Otero Martínez, Concelleiro do BNG

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dous de maio de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SECCION ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta da sesión celebrada o trinta e un de marzo de 1995, coas observacións formuladas polo Grupo de Goberno (Socialista), no sentido de que consten literalmente na mesma (punto 1400-Rogos e





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 2/05/1995



Página: 2

171  
10

Preguntas) as preguntas formuladas polo devandito Grupo Político.

### 200.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIONES.

Seguidamente dase conta ó Pleno dos seguintes, enviados por:

201.- Alcaldes de Barrio e Parroquias do Concello de Betanzos no día 8-04-95, relacionado coa posta simbólica en servicio da traída de auga potable ós lugares de A Graña, Xan Rozo, Pequian, Montellos, Viuve, Guiliade, Piadela, A Sancia, Casas Novas, A Peada, Angustia, Illobre, Abelares e Castro, que se suman ás redes xa en funcionamento de Roibeira, Piñeiro, Barallobre, Martinete, Tabacos, Marulo e Caraña, e expresando no nome dos veciños que representan, o seu agradecemento ó Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e Corporación que preside, pola firme vontade de levar adiante unha obra de enorme custo e transcendencia para a zona rural.

202.- Resolución da Alcaldía-Presidencia número 134/95, pola que se presta aprobación a proxectos e memorias de obras realizadas polos Servicios Técnicos Locais para o obxecto de solicitar subvención mediante convenio de colaboración entre o INEM e as Corporacións Locais: 2ª fase rede de abastecemento de auga potable en Piadela-Viladesuso, centro social na Angustia, recuperación das markes fluviais e zonas degradadas, adecuación de entorno cemiterio municipal.

As 20:35 horas incorpórase á sesión a Sra. Sánchez Vázquez.

203.- Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia, comunica a concesión dunha axuda por importe de 150.000,- ptas. para realizar actividades xuvenís dentro do exercicio de 1995. Acordase acepta-la axuda concedida así como as condicións.

### 300.- PRESTAR APROBACION O PROXECTO DENOMINADO "PRAZA DO PASATEMPO" E FORMALIZACION DE CONVENIO DE COLABORACION COA EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL PARA EXECUCION DAS OBRAS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación ó proxecto denominado "plaza del Pasatiempo", e formalización de convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial para execución das obras.

Está informada favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión onde se tratou o asunto.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó proxecto denominado "Plaza del Pasatiempo".=





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

172

Pleno: 2/05/1995

Páxina: 3



Segundo.- Formaliza-lo oportuno convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial para execución das obras mencionadas.= Terceiro.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para levar a cabo toda clase de trámites necesarios para a consecución de tal fin e execución das obras obxecto do convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial."

### 400.- PRESTAR APROBACION O PROXECTO DO PASEO MARITIMO FLUVIAL DA GALERA.

Dase conta ó Pleno do proxecto do paseo marítimo fluvial da Galera.

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión onde se tratou o asunto.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, co obxecto de concretar a súa postura nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que ó Grupo Popular parécelle ben o proxecto así como que se leve a cabo; existen pequenos detalles, entre eles o contraste de mobiliario, pero son cuestións puntuais que no seu momento se analizarán con detalle; o seu Grupo votará a favor.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó proxecto do paseo marítimo fluvial da Galera, ó que se lle dará o trámite previsto pola legislación vixente, facendo constar que existe disponibilidade de terreos para executa-las obras do mencionado proxecto, os cales se poñen a disposición da Demarcación de Costas de Galicia a partir da data.= Segundo.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución de tal fin."

### 500.- PRESTAR APROBACION O TEXTO REFUNDIDO DO PLAN PARCIAL DO POLIGONO INDUSTRIAL DE PIADELA.

Dase conta ó Pleno da comunicación do Servicio Provincial de Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia relacionada co expediente 065/94 (acta 341) que corresponde ó proxecto de plan parcial do Polígono Industrial de Piadela, así como do expediente aberto para prestar aprobación ó texto refundido do plan parcial do Polígono Industrial de Piadela no que consta aval bancario prestado polo promotor para garantiza-lo exacto cumplimento das obrigacións urbanísticas, seis por cento do custe que resulte para a implantación dos servicios e execución de obras de urbanización, así como do informe emitido polos servicios técnicos locais de urbanismo en relación con este punto da orde do día.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 2/05/1995



Páxina: 4

173  
10

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión onde se tratou o asunto.

Fan uso da palabra os Sres. Concelleiros que se citan pola orde que se menciona, ó obxecto de concreta-la súa postura nos seguintes termos:

- O Sr. Pita Varela: que ó Grupo Popular lle parece ben que se preste aprobación ó texto refundido, espera que sexa o definitivo e que o Polígono Industrial funcione.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro.- Prestar aprobación ó texto refundido do plan parcial do Polígono Industrial de Piadela, no que se incorporan as determinacións aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión de data 31-01-1995.= Segundo.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

### 600.- PRESTAR APROBACION A ANEXO AS BASES DA OPOSICION QUE HA DE REXE-LA OPOSICION LIBRE PARA CUBRIR EN PROPIEDADE PRAZAS DE POLICIAS LOCAIS.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para prestar aprobación a anexo ás bases da oposición que ha de rexe-la oposición libre para cubrir en propiedade prazas de policías locais.

Di o devandito anexo como segue: "ANEXO (Nº 1).= Ten por obxecto dar cumprimento ó establecido no artigo 24 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das Policias Locais. En consecuencia engádese un novo apartado no terceiro exercicio das bases da oposición para proveer en propiedade prazas de Policias Locais, deste Concello, quedando a mesma como segue:= Terceiro exercicio:= c) Realizar unha redacción en galego sobre un tema libre proposto polo tribunal. A efectos de calificación valorarase tamén o coñecemento da lingua galega."

Está informado favorablemente pola Comisión de Programación, por unanimidade dos asistentes á reunión onde se tratou o asunto.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, en consecuencia adóptase o seguinte acordo: "Primeiro:- Prestar aprobación a anexo ás bases da oposición que ha de rexe-la oposición libre para cubrir en propiedade prazas de policías locais.= Segundo:- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quien delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin."

### 700.- DESIGNACION DE PRESIDENTES E VOCALIS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DAS ELECCIONS LOCAIS 1995.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a designación de membros das mesas electorais con motivo das eleccións





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 2/05/1995




Páxina: 5

174  
19

locais 1995, para o fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das normas electorais vixentes.

Cumpridas as formalidades legais establecidas; visto o informe formulado pola Comisión Especial para Eleccións, este Concello formou as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

**"SECCION 1 - MESA UNICA. TITULARES:** Presidente: Ramos Montero Jesús, DNI: 00.442.036-E; 1º Vocal: Pérez Iglesias María Luisa, DNI: 32.767.233-F; 2º Vocal: Bugarín Fiaño María Luisa, DNI: 76.363.787-S. **SUPLENTES:** Presidente: Río Cortés Santiago, DNI: 76.359.199-G; Presidente: Rodríguez Calviño Mercedes, DNI: 76.325.516-Q; 1º Vocal: Romay Sánchez Mª Cristina, DNI: 32.773.297-E; 2º Vocal: Sánchez Amado Alejandro, DNI: 32.766.071-H; 2º Vocal: Sánchez Chas José Antonio, DNI: ----; 2º Vocal: Sánchez Gondell José, DNI: 32.103.225-D.= **SECCION 2 - MESA UNICA. TITULARES:** Presidente: García Darriba José M., DNI: 76.351.050-C; 1º Vocal: García Fraga Luis Mariano, DNI: 32.778.512-Q; 2º Vocal: Garrido Francisco Cristina, DNI: 79.313.293-R. **SUPLENTES:** Presidente: Golpe Maceiras Carmen, DNI: 76.305.047-V; Presidente: Golpe Veiga José Andrés, DNI: 76.351.072-L; 1º Vocal: González Espada Carlos, DNI: 76.363.763-Z; 1º Vocal: González Sánchez Manuela, DNI: 76.302.876-P; 2º Vocal: González Vales Arturo, DNI: 76.304.752-K; 2º Vocal: Grela Bellón José Luis, DNI: 76.358.705-Q. **SECCION 3 - MESA UNICA. TITULARES:** Presidente: Fraga Mandián Javier, DNI: 76.367.110-A; 1º Vocal: Freire Rivas Matilde, DNI: 76.351.185-V; 2º Vocal: Gabin Casal Mª Victoria, DNI: 76.359.244-A. **SUPLENTES:** Presidente: García Barreiro José, DNI: 32.378.343-R; Presidente: García González Mª Mercedes, DNI: 76.337.000-T; 1º Vocal: García Miramontes Angel Luis, DNI: 32.839.399-D; 1º Vocal: Gil Souto Ana Mª, DNI: 79.314.580-T; 2º Vocal: Golpe García Ana, DNI: 32.769.697-X; 2º Vocal: Gómez Gómez José Manuel, DNI: 32.796.784-A.= **SECCION 4 - MESA UNICA. TITULARES:** Presidente: Lobeiras Pita Manuel Angel, DNI: 32.436.412-H; 1º Vocal: López Moreira Mª Luisa, DNI: 32.391.460-P; 2º Vocal: López Pérez Begoña, DNI: 79.320.201-D. **SUPLENTES:** Presidente: López Lodeiro Manolita, DNI: 76.334.736-J; Presidente: López Sáenz Julián, DNI: 32.760.013-D; 1º Vocal: López Seijo Marcelino, DNI: 76.351.129-F; 1º Vocal: López Tizón José Antonio, DNI: 32.771.340-C; 2º Vocal: Losada Rodríguez M. Teresa, DNI: 32.440.753-N; 2º Vocal: Maceiras Sas Antonia, DNI: 76.363.766-V.= **SECCION 5 - MESA A. TITULARES:** Presidente: Fandiño Pico Ruperto Fco., DNI: 32.450.992-Q; 1º Vocal: Fernández Cagiao Jesús A., DNI: 32.772.172-R; 2º Vocal: Fernández Charlón Mari Luz, DNI: 76.366.953-F. **SUPLENTES:** Presidente: Fernández Fernández Carlos, DNI: 76.341.770-D; Presidente: Fernández Ferreira M. Carmen, DNI: 32.764.172-M; 1º Vocal: Galán Teijeiro Luis Carlos, DNI: 76.359.222-G; 1º Vocal: García Cagiao Mª Adelina, DNI: 76.351.085-D; 2º Vocal: García Costoya José Angel, DNI: 32.787.410-J; 2º Vocal: García Iglesias José Luis, DNI: 34.927.719-B.= **SECCION 5 - MESA B. TITULARES:** Presidente: Maceiras Ares Mª Luisa, DNI: 32.333.140-Q; 1º Vocal: López Cardelle Mª Angeles, DNI: 76.335.571-C; 2º Vocal:





# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 2/05/1995

Páxina: 6

175

Lorenzo Cainzos Rosa, DNI: 32.759.487-N. SUPLENTES: Presidente: López Díaz Santiago, DNI: 32.132.905-L; Presidente: Mahía Neira Luis, DNI: 46.899.998-P; 1º Vocal: Medín Pita Mª Carmen, DNI: 32.804.085-J; 1º Vocal: Miramontes Regueiro José Angel, DNI: 32.315.518-N; 2º Vocal: Mosquera Guitián Manuel Angel, DNI: 32.241.290-V; 2º Vocal: Nogueira Martínez Juan Manuel, DNI: 76.359.266-W.= SECCION 6 - MESA UNICA. TITULARES: Presidente: Abarrategui Arias José Luis, DNI: 76.319.936-W; 1º Vocal: Ortiz Iglesias Jorge, DNI: 32.809.712-M; 2º Vocal: Abeal Pérez Ignacio, DNI: 32.770.811-C. SUPLENTES: Presidente: Amarante Ares Juan Antonio, DNI: 2.838.401-V; Presidente: Carneiro Medin Raul, DNI: 76.356.962-K; 1º Vocal: Cortizas Bouza Francisco, DNI: 32.630.673-K; 1º Vocal: Deive Fariña Eva, DNI: 32.817.481-T; 2º Vocal: Delgado Corral Concepción, DNI: 76.315.713-B; 2º Vocal: Díaz Rosende José Manuel, DNI: 32.433.832-Z.= SECCION 7 - MESA UNICA. TITULARES: Presidente: García Naveira Mª Beatriz, DNI: 76.363.220-T; 1º Vocal: García García Juan Manuel, DNI: 76.363.707-G; 2º Vocal: Rey Dopico Antonio María, DNI: 76.331.130-H. SUPLENTES: Presidente: Rodríguez Casanova Genma Mª, DNI: 76.366.372-R; Presidente: Rodríguez Fachal José Antonio, DNI: 32.620.585-F; 1º Vocal: Rico González José Domingo, DNI: 32.614.002-W; 1º Vocal: Rodríguez Roel Manuela, DNI: 32.383.204-D; 2º Vocal: Rodríguez Vila M. Carmen, DNI: 32.788.301-F; 2º Vocal: Rozados Saya Mª del Mar, DNI: 76.357.025-S.= SECCION 8 - MESA A. TITULARES: Presidente: Carro Iglesias Mª Carmen, DNI: 32.782.512-Z; 1º Vocal: Aparicio Fernández M. Natividad, DNI: 12.766.466-V; 2º vocal: Abreu Galán Mª Blanca, DNI: 799.995-D. SUPLENTES: Presidente: Fariñas García José, DNI: 79.316.386-N; Presidente: Fernández García Luis, DNI: 76.356.177-H; 1º Vocal: Delgado Maceiras Jesús Mª, DNI: 34.891.817-N; 1º Vocal: Fraga Rodríguez Elena, DNI: 32.796.683-V; 2º Vocal: Iglesias Lugris Jaime Jose, DNI: 32.182.499-W; 2º Vocal: Lendoiro Sánchez Beatriz Rosa, DNI: 76.363.717-Z.= SECCION 8 - MESA B. TITULARES: Presidente: Sánchez López Francisco José, DNI: 76.323.157-A; 1º Vocal: Sánchez Sánchez Francisco, DNI: 32.448.660-F; 2º Vocal: Teijeiro Barje Mª Irma, DNI: 76.361.478-Y. SUPLENTES: Presidente: Torre de la Chamorro Benigno, DNI: 50.024.850-B; Presidente: Torres Río José Manuel, DNI: 32.391.078-V; 1º Vocal: Roel Cobelo José Ramón, DNI: 32.391.706-R; 1º Vocal: Rozados García Mª Elena, DNI: 32.137.453-J; 2º Vocal: Souto Seijas Margarita, DNI: 32.782.299-P; 2º Vocal: Florencio Barral Eva, DNI:-----.= SECCION 9 - MESA UNICA. TITULARES: Presidente: Miramontes Otero Mª Jesús, DNI: 32.773.772-Z; 1º Vocal: Mosquera Gómez Mª Belén, DNI: 76.367.805-P; 2º Vocal: Muñoz Gómez Mª rosa, DNI: 76.309.459-J. SUPLENTES: Presidente: Paz López Xesús, DNI: 32.428.189-Y; Presidente: Pedreira Rilo José Antonio, DNI: 32.747.635-M; 1º Vocal: Rodríguez Fernández Emeterio, DNI: 76.305.012-M; 1º Vocal: Rodríguez Lendoiro Francisco José, DNI: 76.368.474-X; 2º Vocal: Rodríguez Santurio Mª Inmaculada, DNI: 10.840.524-A; 2º Vocal: Sánchez Mayorga Elena, DNI: 32.426.208-A.= SECCION 10 - MESA A. TITULARES: Presidente: Fontela Martínez Roberto, DNI:





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 2/05/1995



Páxina: 7

176  
M

76.367.573-Y; 1º Vocal: Benito Núñez Ma Socorro, DNI: 76.275.764-J; 2º Vocal: Barral Seoane Marta, DNI: 32.807.355-V. SUPLENTES: Presidente: García Miñones José, DNI: 33.142.791-K; Presidente: Medín Vázquez Luis Miguel, DNI: 32.812.625-C; 1º Vocal: Naya Otero Rosa Ma, DNI: 76.333.363-C; 1º Vocal: Nogueira Naveira Ma Lourdes, DNI: 76.344.774-T; 2º Vocal: Otero Mosquera José Luis, DNI: 76.341.764-A; 2º Vocal: Paz Paz Ma José, DNI: 32.435.328-G. SECCION 10 - MESA B. TITULARES: Presidente: Fraga Pedreira Ma Raquel, DNI: 32.806.169-G; 1º Vocal: García Cabanas Olga, DNI: 34.891.548-L; 2º Vocal: Peteiro García Jesús Ma, DNI: 32.213.388-P. SUPLENTES: Presidente: Prado Mouron Montserrat, DNI: 76.363.756-F; Presidente: Popero Amado Juan Francisco, DNI: 32.417.199-X; 1º Vocal: Seijo Vázquez José Antonio, DNI: 76.341.517-D; 1º Vocal: López Calviño Ana Berta, DNI: 32.438.134-S; 2º Vocal: Mosquera Mouron Ma Carmen, DNI: 76.336.938-F; 2º Vocal: Piñeirua Faraudo José Manuel, DNI: 32.771.643-R.= SECCION 10 - MESA C. TITULARES: Presidente: Mosquera Lendoiro M. Elena, DNI: 76.351.224-X; 1º Vocal: Díaz Cortés Ma Isabel, DNI: 32.773.413-T; 2º Vocal: Lendoiro Ares Elena, DNI: 76.335.638-H. SUPLENTES: Presidente: López Alvarez Víctor Elías, DNI: 32.430.435-K; Presidente: Martín Sánchez M. Elena, DNI: 32.382.255-A; 1º Vocal: Mateos Antolín Ana Isabel, DNI: 32.629.223-C; 1º Vocal: Mato Amado Eduardo A., DNI: 76.327.149-Q; 2º Vocal: Mosquera Amil Francisca, DNI: 76.337.019-L; 2º Vocal: Charlón Otero Alfonso, DNI: 76.353.991-V.= SECCION 10 - MESA D. TITULARES: Presidente: Roca Esporas José Manuel, DNI: 32.769.575-A; 1º Vocal: Edreira Díaz Ma Olga, DNI: 32.798.026-P; 2º Vocal: Hermida Gallardo Francisco Javier, DNI: 32.779.996-M. SUPLENTES: Presidente: Martínez Fariñas Ana Ma, DNI: 32.777.636-Z; Presidente: Pato Martínez Manuel, DNI: 02.825.581-P; 1º Vocal: Ríos Crespo Purificación, DNI: 32.419.008-W; 1º Vocal: Rodríguez Vázquez Rosa Mary, DNI: 34.940.271-M; 2º Vocal: Sánchez Camoeiras Purificación, DNI: 32.768.698-T; 2º Vocal: Suárez García Miguel, DNI: 10.854.953-B."

Antes de incia-lo seguinte punto da orde do día: 800-Ragos e preguntas, fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifesta: que polos Grupos Políticos de Goberno (Socialista) e Popular se presentaron sendas mociones, relacionadas coa defensa da flota pequeira de Galicia que praticamente son semellantes en canto a contido; en base á problemática que expoñen as mociones indicadas, formula a proposta da súa inclusión na orde do día, previa declaración de urgencia polo Pleno da Corporación, para seren sometidas a debate se os Grupos Políticos o consideran axeitado.

- O Voceiro do Grupo Popular, Sr. Pita Varela: formula a proposta de realizar unha moción conxunta para adherirse ó sector pesqueiro, solicitando que as autoridades necesarias resolván o grave problema que ten presentado o mesmo e que se comunique ós organismos competentes solicitando a oportuna solidariedade co mencionado sector.

- O Voceiro do Grupo de Goberno, Sr. Lagares Pérez (D. Antonio): as mociones son coincidentes no fondo e tratan





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11



Pleno: 2/05/1995

Páxina: 8

177

cuestións relacionadas con un sector da economía galega tan importante como o da pesca e, polo tanto, débense apoiar.

- O Sr. Alcalde-Presidente: o acordo a adoptar sería o de apoia-las mociones e tratar que as autoridades apoien axeitadamente as peticións do sector pesqueiro galego.

### 800.- MOCIONES DOS GRUPOS POLITICOS POPULAR E SOCIALISTA RELACIONADOS COA DEFENSA DA FLOTA PESQUEIRA DE GALICIA.


Dase conta ó Pleno de mociones dos Grupos Políticos Popular e Socialista relacionados coa defensa da flota pesqueira de Galicia.

Din así: "O Grupo Municipal do Partido Popular de Betanzos ten a honra de proponer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte= ACORDO:= 19. Rexeita-lo acordo asinado entre a Unión Europea e Canadá sobre o reparto de capturas de fletán por ser gravísimamente prexudicial para Galicia.= 22. Rexeitar e condenar, de xeito expreso, o papel xogado pola U.E. na negociación con Canadá, na que non se defenderon os lexítimos intereses de Galicia, e que se desenvolveu, ademais, nun marco de ilegalidade derivado do uso ilexítimo da forza por parte da propia Canadá.= 39. Manifesta-la terminante disconformidade coa ratificación do acordo polo Goberno do Estado, pola expresada razón de ser contrario ós intereses de Galicia e terse feito de costas ás institucións galegas.= 42. Adherirse e apoiar a manifestación que se celebrará o vindeiro día 29 de abril ás 12 de mañá na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.= Betanzos, 26 de abril de 1995."

"ANTONIO LAGARES PEREZ, voceiro do Grupo Municipal Socialista, en nome do mentado Grupo Político, somete á consideración plenaria a adopción das seguintes propostas:= 1- A supervivencia da flota pesqueira galega é un obxectivo estratéxico do noso país. Para isto é fundamental seguir a mante-los barcos con bandeira española e con tripulación da nosa terra. Non queremos ningún desguace mais.= 2- O acordo UE-Canadá é negativo para Galicia, porque pon en perigo 60.000 empregos e a pesca supón o 8% da riqueza de Galicia. A Unión Europea tivo unha actitude débil e claudicante. E necesario que a EU asuma a política pesqueira como unha cuestión de Estado e, polo tanto, desenvolva políticas activas en defensa do sector pesqueiro e a industria transformadora.= 3- O Goberno español cedeu e a sóa aprobación do acordo pesqueiro UE-Canadá merece a nosa condena. Pedímoslle ó Goberno máis firmeza diante da Unión Europea, en defensa do noso sector pesqueiro.= 4- Apoiar a concentración da Praza do Obradoiro de Santiago para o vindeiro sábado día 29 de abril, en defensa do sector pesqueiro.= Betanzos, a 25 de abril de 1995".

Este punto da orde do día está informado pola Comisión de Programación -previa declaración de urgencia- no sentido de someter ámbalas dúas mociones á consideración do Pleno da Corporación.

Visto o mesmo, por unanimidade, adóptase o acordo de establecer criterios para redactar unha moción conjunta en





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 2/05/1995



Páxina: 9

178  
108

defensa do sector pesqueiro galego e facultar ó Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución de tal fin.

### 900.- ROGOS E PREGUNTAS.

Fai uso da palabra o Sr. Voceiro do Grupo Popular, formula os seguintes rogos e preguntas:

19.- Que se extreme o control sobre as obras que determinados promotores están realizando en zona urbana que o demanden, dado que ó seu Grupo constalle que existen denuncias presentadas, por exemplo na zona de Rosalía de Castro, na r/ Tomás Dapena e outra correspondente a unha industria a instalar no lugar de Viladesuso, e que se realice un control rigoroso de calquera tipo de actividade en áreas sensibles pola súa situación urbanística que vaian en detrimento das mesmas.

As 20:45 horas incorpórase á sesión o Sr. García Vázquez.

20.- Que se extreme o control sobre os vagabundos, dado que lles consta que pernoctan varios en determinados lugares, incluso se estableza un lugar de acollida para un maior control e humanidade.

Polo Sr. Secretario xeral dase conta ó Pleno de contestacións a preguntas formuladas polos Grupos Políticos na sesión plenaria de data 31-03-1995.

Di así: "A petición verbal do Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente e respecto ó expte. nº 547/84 "viviendas y locales en Las Cascas" abierto por Urbanizaciones Betanzos, S.L.= INFORMO:= A) Que personada no lugar das obras obsérvese que o solar se encontra valado no seu perímetro. Na estructura de pisos existente encóntrase instalada unha rede de altura aproximada de 1,00 m. na última planta e algunas redes portátiles verticais e inclinadas colocadas segundo parece nas zonas de traballo; da seguridade da obra é responsable a dirección técnica do edificio; non obstante e no que se refire á seguridade das vías públicas e en aras de evitar a caída de persoas ou obxectos deben adoptarse medidas de protección nos bordos de tódalas plantas e en todo o conterno do edificio.= B) Que o proxecto para o que se obtivo licencia nº 230/94 na Comisión de Goberno celebrada o 20/09/94 conta con visado urbanístico positivo e informado favorablemente polos Servicios Técnicos Municipais.= Betanzos, 2 de maio de 1995.= A ARQUITECTO MUNICIPAL,= Asdn./ Ana Fonticoba Graña."

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente: que a vindeira Corporación posiblemente dará contestación ós rogos do Sr. Voceiro do Grupo Popular.

Remata o Sr. Alcalde-Presidente agradecendo a tódolos Sres. Concelleiros a súa asistencia a esta sesión así como a todas aquellas nas que participaron.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 2/05/1995



Páxina: 10

179

E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procédere a levanta-la sesión, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,



Fl. José Cortés Carro





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 23/05/1995

Páxina: 1

180

DG



### ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA O DIA VINTETRES DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVECENTOS E CINCO.

#### Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente en funciones:  
Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez.

#### Sres. Concelleiros:

D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. D. José R. García Vázquez.  
D. D. José Domínguez Rivas.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Andrés Martínez Guerra.

#### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

#### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.

#### Non asisten, con desculpa:

D. Manuel Lagares Pérez, Alcalde-Presidente.  
D. Antonio Carro Galeiras, Concelleiro do PSdeG-PSOE.  
D. Jaime Alberto Pita Varela, Concelleiro do PP.  
Dña Mª Dolores Faraldo Botana, Concelleira do PP.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz, Concelleira do PP.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández, Concelleiro do PP.  
D. José Mª V. Bardús Vía, Concelleiro do PP.  
D. Andrés Otero Martínez, Concelleiro do BNG.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as catorce horas do día vintetres de maio de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde en funciones, Dña Mª Asunción Sánchez Vázquez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- reúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión extraordinaria urxente correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Quedan pendentes de aprobación as actas das sesións celebradas o día dous e o dezanove de maio de 1995, non se subministraron ós Sres. Concelleiros.

P

11



# EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 23/05/1995



Páxina: 2

181

200.- DESIGNAR NOVOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS EN SUSTITUCIÓN DOS NOMEADOS INICIALMENTE POR RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES/ALEGACIÓNS EFECTUADAS POLA XUNTA ELECTORAL DE ZONA O 19-05-1995.

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a designación de novos membros de mesas electorais en sustitución dos nomeados inicialmente por resolución de reclamacións/alegacións efectuadas pola xunta electoral de zona, para o fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das Normas Electorais vixentes e o acordado pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos, na xuntanza celebrada pola mesma o pasado día dezanove de maio.

Cumpridas as formalidades legais establecidas; visto o informe formulado pola Comisión Especial para Eleccións, este Concello designou os membros de mesas electorais en sustitución dos nomeados inicialmente, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan: "SECCION 5 - MESA B. 2º Suplente de 2º vocal: López Regueira José, NIF: 32.187.256-K. = SECCION 10 - MESA A. 2º Suplente de 1º Vocal: Muíños Otero José Manuel, NIF:-----, = SECCION 9 - MESA UNICA. 2º Suplente de 2º Vocal: Calviño Viqueira José Manuel, NIF:----".

E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as catorce horas e quince minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,


M. Asunción Sánchez



O SECRETARIO XERAL,

F. José Cortés Carro







## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 19/05/1995

Páxina: 1



182  
*[Handwritten signature]*

### ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA O DIA DEZANOVE DE MAIO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

#### Sres. Asistentes:

##### Alcalde-Presidente en funciones:

D. Antonio Carro Galeiras.

##### Sres. Concelleiros:

D. José R. García Vázquez.  
D. José Domínguez Rivas.  
D. Manuel Justo Vázquez Míguez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Andrés Martínez Guerra.

##### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.

##### Sr. Interventor:

D. José A. García Bello.


##### Non Asisten, con desculpa:

D. Manuel Lagares Pérez, Alcalde-Presidente.  
Dña María Asunción Sánchez Vázquez, Concelleira do PSdeG-PSOE.  
D. Antonio S. Lagares Pérez, Concelleiro do PSdeG-PSOE.  
D. Francisco M. Díaz Pereira, Concelleiro do PSdeG-PSOE.  
D. Jaime Alberto Pita Varela, Concelleiro do PP.  
Dña María Dolores Faraldo Botana, Concelleira do PP.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz, Concelleira do PP.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández, Concelleiro do PP.  
D. José María V. Bardús Vía, Concelleiro do PP.  
D. Andrés Otero Martínez, Concelleiro do BNG.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do dia dezanove de maio de mil novecientos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde en funcións, D. Antonio Carro Galeiras, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan tendo faltado os que se reseñan- reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión extraordinaria urxente correspondente ó día de hoxe.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Queda pendente de aprobación a acta da sesión celebrada o día dous de maio de 1995, non se subministrhou ós Sres. Concelleiros.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 19/05/1995



Páxina: 2

183

### 200.- DESIGNAR A NOVOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS EN SUSTITUCIÓN DOS NOMEADOS INICIALMENTE MOTIVADA POR RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES/ALEGACIONES EFECTUADAS POLA XUNTA ELECTORAL DE ZONA

Dase conta ó Pleno do expediente aberto para a designación de novos membros de mesas electorais en sustitución dos nomeados por resolución de reclamaciones/alegaciones efectuadas pola Xunta Electoral de Zona, para o fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das Normas Electorais vixentes e o acordado pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos, na xuntanza celebrada pola mesma o quince de maio pasado.

Cumpridas as formalidades legais establecidas; visto o informe formulado pola Comisión Especial para Eleccións, este Concello designou os membros de mesas electorais en sustitución dos nomeados inicialmente, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan: " SECCION 2 - MESA UNICA. 2º Suplente do 2º Vocal: Amor Cagiao Mercedes, DNI: 32.137.286-F.= SECCION 3 - MESA UNICA. 2º Suplente do 2º Vocal: Porcas Buyo Carmen, DNI: 32.311.523-L.= SECCION 5 - MESA A. 2º Suplente do 2º Vocal: Dopazo Carro Carlos, DNI: 76.341.766-M.= SECCION 5 - MESA B. 2º Suplente do Presidente: Vía Amor Pedro, DNI: 32.369.797-B.= SECCION 5 - MESA B. 2º Suplente do 1º Vocal: Montes Sánchez Ma Isabel, DNI: 79.312.871-Q.= SECCION 6 - MESA UNICA. 2º Suplente do 1º Vocal: Villar Salgueiros José Antonio, DNI: 76.519.745-X.= SECCION 8 - MESA A. 2º Suplente do 1º Vocal: Palazón Quile Emilio, DNI: 22.918.076-W.= SECCION 8 - MESA A. 2º Suplente do 2º Vocal: Piñeiro Piñeiro Carmen, DNI: 35.267.408-J.= SECCION 8 - MESA B. 2º Suplente do 2º Vocal: Raposo Santaya Josefa, DNI: 76.330.640-B.= SECCION 9 - MESA UNICA. 2º Suplente do 2º Vocal: Cacheiro Muíño Carlos Javier, DNI: 76.363.247-G.= SECCION 10 - MESA A. 2º Suplente do 1º Vocal: Serantes Trillo Manuel Antonio, DNI: 32.394.543-D.= SECCION 10 - MESA C. 2º Suplente do Presidente: Otero Díaz Carlos, DNI: 32.411.549-H.= SECCION 10 - MESA C. 2º Suplente do 2º Vocal: Otero Pérez Eduardo, DNI: 76.276.170-M. SECCION 10 - MESA D. 2º Suplente do 2º Vocal: Lata Quintana Jorge, DNI: 76.304.774-C."


E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procédeuse a remata-la sesión, sendo as trece horas e trinta e seta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o Secretario da Corporación, dou fe.



O ALCALDE-PRESIDENTE,



O SECRETARIO XERAL,





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Pleno: 14/06/1995



Páxina: 1

184

### ACTA DA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA CATORCE DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO.

#### Sres. Asistentes:

#### Alcalde-Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

#### Sres. Concelleiros:

Dña María Asunción Sánchez Vázquez.  
D. Antonio S. Lagares Pérez.  
D. Antonio Carro Galeiras  
D. Francisco M. Díaz Pereira.  
D. José R. García Vázquez.  
D. Carlos Romay Dopico.  
D. Andrés Beade Dopico.  
D. Manuel J. Vázquez Míguez.  
D. Andrés Martínez Guerra.  
D. Manuel J. Basteiro Fernández.  
D. Andrés Otero Martínez.

#### Sr. Secretario:

D. José Cortés Carro.


#### Non asisten, con desculpa:

D. Jaime Alberto Pita Varela, concelleiro do PP.  
Dña María Dolores Faraldo Botana, concelleira do PP.  
Dña Rosa I. Lauda Brandariz, concelleira do PP.  
D. José María V. Barús Vía, concelleiro do PP.  
D. José Domínguez Rivas, concelleiro do PSdeG-PSOE.

Na sala capitular do Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catorce de xuño de mil novecentos noventa e cinco. Baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e con asistencia dos Sres. Concelleiros os nomes dos cales se consignan -tendo faltado os que se reseñan- redíñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebra-la sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe, pasándose a examinalo único asunto comprendido na orde do día que é o seguinte; antes diso faise constar en acta o desejo dos asistentes polo pronto restablecemento do concelleiro Sr. Domínguez Rivas, o cal se encontra aqueixado de grave enfermidade.

#### 100.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación á acta das sesións celebradas o dous, dezanove e vintetres de maio de mil novecentos noventa e cinco.





## EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

Plaza Constitución, 1  
Fax (981) 77 42 85  
Telf. (981) 77 00 11

Plenos: 14/06/1995



Páxina: 2

185


E non tendo mais asuntos que tratar, pola presidencia procedese a remata-la sesión, sendo as vinte horas e trinta e seis minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. Alcalde e de todo o cal eu, o secretario da corporación, dou fe.


O ALCALDE-PRESIDENTE,





O SECRETARIO XERAL,































**ACTAS**

**PLENOS**

**1993 - 1995**

**1995 - 1997**

**1997 - 1999**

**1999 - 2001**

**2001 - 2003**

**2003 - 2005**

**2005 - 2007**

**2007 - 2009**

**2009 - 2011**

**2011 - 2013**

**2013 - 2015**

**2015 - 2017**

**2017 - 2019**

**2019 - 2021**

**2021 - 2023**

**2023 - 2025**

**2025 - 2027**

**2027 - 2029**

**2029 - 2031**

**2031 - 2033**

**2033 - 2035**

**2035 - 2037**

**2037 - 2039**

**2039 - 2041**

**2041 - 2043**

**2043 - 2045**

**2045 - 2047**

**2047 - 2049**

**2049 - 2051**

**2051 - 2053**

**2053 - 2055**

**2055 - 2057**

**2057 - 2059**

**2059 - 2061**

**2061 - 2063**

**2063 - 2065**

**2065 - 2067**

**2067 - 2069**

**2069 - 2071**

**2071 - 2073**

**2073 - 2075**

**2075 - 2077**

**2077 - 2079**

**2079 - 2081**

**2081 - 2083**

**2083 - 2085**

**2085 - 2087**

**2087 - 2089**

**2089 - 2091**

**2091 - 2093**

**2093 - 2095**

**2095 - 2097**

**2097 - 2099**

**2099 - 2010**

**2010 - 2012**

**2012 - 2014**

**2014 - 2016**

**2016 - 2018**

**2018 - 2020**

**2020 - 2022**

**2022 - 2024**

**2024 - 2026**

**2026 - 2028**

**2028 - 2030**

**2030 - 2032**

**2032 - 2034**

**2034 - 2036**

**2036 - 2038**

**2038 - 2040**

**2040 - 2042**

**2042 - 2044**

**2044 - 2046**

**2046 - 2048**

**2048 - 2050**

**2050 - 2052**

**2052 - 2054**

**2054 - 2056**

**2056 - 2058**

**2058 - 2060**

**2060 - 2062**

**2062 - 2064**

**2064 - 2066**

**2066 - 2068**

**2068 - 2070**

**2070 - 2072**

**2072 - 2074**

**2074 - 2076**

**2076 - 2078**

**2078 - 2080**

**2080 - 2082**

**2082 - 2084**

**2084 - 2086**

**2086 - 2088**

**2088 - 2090**

**2090 - 2092**

**2092 - 2094**

**2094 - 2096**

**2096 - 2098**

**2098 - 20100**

**20100 - 20102**

**20102 - 20104**

**20104 - 20106**

**20106 - 20108**

**20108 - 20110**

**20110 - 20112**

**20112 - 20114**

**20114 - 20116**

**20116 - 20118**

**20118 - 20120**

**20120 - 20122**

**20122 - 20124**

**20124 - 20126**

**20126 - 20128**

**20128 - 20130**

**20130 - 20132**

**20132 - 20134**

**20134 - 20136**

**20136 - 20138**

**20138 - 20140**

**20140 - 20142**

**20142 - 20144**

**20144 - 20146**

**20146 - 20148**

**20148 - 20150**

**20150 - 20152**

**20152 - 20154**

**20154 - 20156**

**20156 - 20158**

**20158 - 20160**

**20160 - 20162**

**20162 - 20164**

**20164 - 20166**

**20166 - 20168**

**20168 - 20170**

**20170 - 20172**

**20172 - 20174**

**20174 - 20176**

**20176 - 20178**

**20178 - 20180**

**20180 - 20182**

**20182 - 20184**

**20184 - 20186**

**20186 - 20188**

**20188 - 20190**

**20190 - 20192**

**20192 - 20194**

**20194 - 20196**

**20196 - 20198**

**20198 - 20200**

**20200 - 20202**

**20202 - 20204**

**20204 - 20206**

**20206 - 20208**

**20208 - 20210**

**20210 - 20212**

**20212 - 20214**

**20214 - 20216**

**20216 - 20218**

**20218 - 20220**

**20220 - 20222**

**20222 - 20224**

**20224 - 20226**

**20226 - 20228**

**20228 - 20230**

**20230 - 20232**

**20232 - 20234**

**20234 - 20236**

**20236 - 20238**

**20238 - 20240**

**20240 - 20242**

**20242 - 20244**

**20244 - 20246**

**20246 - 20248**

**20248 - 20250**

**20250 - 20252**

**20252 - 20254**

**20254 - 20256**

**20256 - 20258**

**20258 - 20260**

**20260 - 20262**

**20262 - 20264**

**20264 - 20266**